



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Tabla de contenido

ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022	1
ORDENANZA FISCAL Nº 1. ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.....	5
ORDENANZA FISCAL Nº 2. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	16
ORDENANZA FISCAL Nº 3.ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	24
ORDENANZA FISCAL Nº 4. ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS	33
ORDENANZA FISCAL Nº 5. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE CEMITERIOS LOCAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL	43
ORDENANZA FISCAL Nº 6. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E CUSTODIA DOS MESMOS	49
ORDENANZA FISCAL Nº 7. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVICIOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS	54
ORDENANZA FISCAL Nº 8. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS	60
ORDENANZA FISCAL Nº 9. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ANSILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS	73
ORDENANZA FISCAL Nº 10. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS.	79



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 11. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.....	87
ORDENANZA FISCAL Nº 12. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA	88
ORDENANZA FISCAL Nº 13. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO VOO DE TODA CLASE DE VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS CON ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS PECHADOS, TERRAZAS, MIRADOIROS, BALCÓNS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PARAVENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS SEMELLANTES VOLADIZAS SOBRE A VÍA PÚBLICA OU QUE SOBRESAIAN DA LIÑA DA FACHADA.....	96
ORDENANZA FISCAL Nº 14. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS	97
ORDENANZA FISCAL Nº 15. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.....	102
ORDENANZA FISCAL Nº 16. ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE CICLOMOTORES, VEHÍCULOS CON CILINDRADA IGUAL OU INFERIOR A 50 CC., E DA TAXA POLA EXPEDICIÓN E ENTREGA DE PLACA IDENTIFICATIVA.....	109
ORDENANZA FISCAL Nº 17. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS	114
ORDENANZA Nº 18. ORDENANZA XERAL REGULADORA DA CLASIFICACIÓN POR CATEGORÍAS DAS RÚAS	125
ORDENANZA FISCAL Nº 19. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E SERVICIOS URBANÍSTICOS	127
ORDENANZA FISCAL Nº 20. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES MUNICIPAIS E POLO USA DAS SÚAS INSTALACIÓNS.....	130
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 21. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DIFUSIÓN DE ESPACIOS PUBLICITARIOS POLA EMISORA MUNICIPAL DE RADIO	136



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 22. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS DESTINADAS Á DIVULGACIÓN CULTURAL POLO PADROADO CULTURAL DE LALÍN	140
ORDENANZA FISCAL Nº 23. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LAVADO E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS	142
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 24. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA.	143
ORDENANZA FISCAL Nº 25. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIOS.....	149
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 26. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESPAZO INFANTIL ABERTO.....	153
ORDENANZA FISCAL Nº 27. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.....	154
ORDENANZA FISCAL Nº 28. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS...	158
REGULAMENTO E PREZO PÚBLICO Nº 29. REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE LALÍN	161
PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS.....	173
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 30. PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL “ENTORNOS SAUDABLES”	174
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 31. ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LALÍN	175
ORDENANZA PREZO PÚBLICO E REGULAMENTO Nº 32. REGULACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN.....	194
REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN	211
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 33. PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS E SERVIZO DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN.	237
ORDENANZA FISCAL Nº 34. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE APARCAMENTO NO PARKING ALDEA GRANDE	242
ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 35. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, IMPARTICIÓN DE CURSOS, SEMINARIOS, VIAXES E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER DEPORTIVO E/OU SOCIOCULTURAI ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LALÍN	246



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 36. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO
USO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CIRCUITO DE MOTOCROS DO CARRIO DO CONCELLO DE
LALIN249



ORDENANZA FISCAL Nº 1. ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1º.- Normativa aplicable

O Imposto sobre Bens Inmobles esixirase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan dita Lei, aplicándose sobre estas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan na presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Tipo Impositivo

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,4%.

O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,3 %.

O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de características especiais fíxase no 1,3 %.

Artigo 3º.- Exencións



- 1.- Gozarán de exención ós inmobles previstos no artigo 62.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- 2.- Gozarán tamén de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004. A solicitude incluirá a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención:

a) No caso dos centros docentes con concerto educativo:

- Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da calidade de centro concertado, asignable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de exención .

-Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servicios complementarios de ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

b) No caso dos inmobles declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, a declaración do inmovible como ben de interese cultural.

c) No caso das superficies dos montes con repoboamento forestal ou rexeneración de masa arbórea, certificación acreditativa emitida pola Delegación Provincial da Dirección Xeral de Montes.

3. Estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:

a) Inmobles urbanos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 €.

b) Inmobles rústicos, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no Municipio sexa inferior, despois de ser aplicados os beneficios fiscais, a 6 €

O efecto da concesión destas exencións de carácter rogado comeza a partir do exercicio seguinte á data da súa solicitude e non se aplicarán retroactivamente. Nembargantes, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data do reporte do tributo concorren os requisitos esixidos para adquirilo.

4. En aplicación do disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha



exención a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 4º.- Bonificacións.

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota íntegra do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo da aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento de licenza, por parte da administración municipal.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- 1) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- 2) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a Axencia estatal de administración tributaria, ós efectos do Imposto sobre Sociedades.
- 3) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.



2.- As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas segundo a normativa da comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior a terminación do prazo de tres anos e terá efectos dende o período impositivo seguinte ó da solicitude.

Ó longo dos tres exercicios seguintes ó período citado, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos cinco períodos, tendo efectos, en todo caso, dende o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como Vivenda de Protección Oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible xunto co certificado de empadramento na referida vivenda.

3.- Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estea empadroadado, coas seguintes características;

<i>CATEGORIA DE FAMILIA NUMEROSA</i>	<i>XERAL</i>	<i>ESPECIAL</i>
<i>VALOR CATASTRAL MENOR OU IGUAL DE 60.000 €</i>	<i>70%</i>	<i>90%</i>
<i>VALOR CATASTRAL ENTRE 60.000 € Y 100.000 €</i>	<i>35%</i>	<i>50%</i>
<i>VALOR CATASTRAL MAYOR DE 100.000 €</i>	<i>20%</i>	<i>35%</i>



Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá presentarse antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos, debendo acreditar:

- a) Empadramento na vivenda obxecto de solicitude.
- b) A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular e a bonificación concedida só producirá efectos no período impositivo para o que se insta a concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

4.- Os bens inmobles de natureza urbana situados nas áreas ou zonas do Concello que, conforme ó establecido na Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal, gozarán dunha bonificación nas condicións que a continuación se determinan:

- Os bens inmobles emprazados en solo de núcleo rural terán dereito a unha bonificación do 60% da cota íntegra do imposto.

5.- Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agraria e de Explotación Comunitaria da terra.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de Cooperativas Agraria ou de Explotación Comunitaria de terra, emitido pola administración correspondente.



6.- As bonificacións, previo informe dos departamentos municipais que correspondan, serán concedidas ou denegadas polo órgano competente do Concello.

7.- As bonificacións contempladas nos puntos 2 e 3 deste artigo serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder do 90% da cota íntegra, de forma acumulativa.

Artigo 4º.Bis – Bonificación para inmoables de uso agrario

1.- De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello establece unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmoables de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Entenderase como inmoables destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas ou gandeiras aqueles que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, estén calificados como de uso principal agrario.

2.- Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.- Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderá solicitarse mediante o modelo normalizado que estableza o concello, dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derroge a presente ordenanza.

4.- Finalizado o prazo no que se poden formular as solicitudes, polo persoal técnico adscrito ao Servizo de Agricultura e ao Punto de Información Catastral do Concello de Lalín instruirase o procedemento e formularase informe-proposta de resolución para a adopción do acordo plenario de declaración de especial interese ou utilidade municipal.

A tal fin, o Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.



5.-A bonificación contemplada neste artigo será incompatible con calquera outra bonificación.

Artigo 4º.Ter – Bonificación por fomento do emprego-iniciativa “Concellos Business Galicia”

Ao abeiro do disposto no artigo 74.2.Quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese una bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalación sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá tres períodos impositivos, o da súa concesión e os dous seguintes

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, alomenos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial.

Considerarase que existe especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:

- a) Para a aplicación desta bonificación deberán concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- b) A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego e da correspondente bonificación deberá realizarse antes do 31 de xaneiro do período para o que se solicite a bonificación, indicando por escrito o número de postos de traballo creados no ano anterior. As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, debendo xustificarse as contratacións coa presentación dos documentos acreditativos das altas na Seguridade Social e dos contratos de traballo dos novos empregados, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais.
- c) Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

-Memoria explicativa do interese social ou utilidade municipal da actividade económica a desenvolver no inmovible, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, indicando os datos do emprego a crear cando se trate dunha nova empresa (non se terán en conta fusiós, absorcións, cambios de denominación e similares) e cando a empresa estivese xa en activo e ampliara as súas instalacións, tamén o emprego existente.

-Xustificante de acharse ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

-Alta no Imposto sobre Actividades Económicas no concello polo epígrafe correspondente, se resultara obrigado ao mesmo.

-Á solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos para a concesión desta bonificación. As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, debendo xustificarse coa presentación dos documentos acreditativos das altas na Seguridade Social e dos contratos de traballo dos novos empregados, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais

Deberese xustificar a lo menos a creación dos postos de traballo (excluídos os directivos) que darán lugar á bonificación na cota tributaria do IBI.

- d) Os contratos a considerar para a aplicación da bonificación deben ser indefinidos a tempo completo.



- e) O inmovible para o que se solicita a bonificación debe ser o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego e debe estar radicado no termo municipal de Lalín.

- f) Existe a obriga do empresario de manter os postos de traballo durante polo menos tres anos seguintes á concesión da bonificación, perdendo o dereito á citada bonificación e procedendo a practicar una liquidación complementaria no suposto de non mantelos.

- g) As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. O cómputo dos novos em- pregos realizarase para as empresas xa existentes que amplíen as súas instalacións, da seguinte forma:
 - Será a media anual de traballadores equivalentes á data de apertura da ampliación das instalacións menos o número de traballadores equivalentes antes da mesma

 - O número de traballadores equivalentes antes da ampliación das instalacións computarase como a media anual de traballadores equivalentes do ano anterior.

- h) Non procederá aplicación de bonificación algunha cando ao suxeito pasivo se lle tivera incoado, no Concello de Lalín, expediente administrativo por infracción urbanística. No suposto de incoación de expediente administrativo por infracción urbanística con poste- rioridade á concesión da bonificación, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria.

- i) O suxeito pasivo deberá estar ao corrente dos pagamentos de todo tipo de obrigas fiscais, tributarias, canons e cotas tanto en voluntaria coma en executiva coa Facenda municipal do Concello de Lalín.

- j) O suxeito pasivo non poderá entender concedida a bonificación ata que o Concello se pronuncie expresamente sobre a mesma, podendo ingresar o importe da cota provisional polo seu importe íntegro. Cando se recoñeza o dereito á bonificación e o suxeito pasivo realizase o ingreso, devolverase de oficio a diferenza, que en ningún caso terá a consi- deración de ingreso indebido e, polo tanto, non devengará xuros.

- k) As bonificacións reguladas neste artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, desfrutará da mais alta

- l) A bonificación terá carácter provisional. O Concello de Lalín comprobará que se manti- veron os requisitos esixidos para a bonificación prevista neste artigo. Antes do 31 de xaneiro dos dous anos seguintes ao da concesión da bonificación deberán xustificarse ante o Concello de Lalín ou ante o organismo encargado da xestión tributaria do imposto, o mantemento das contratacións coa presentación dos



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

documentos acreditativos do mantemento dos postos de traballo creados, debendo achegar copia compulsada do modelo de liquidación á Seguridade Social, acreditativo de ter realizado as cotizacións sociais durante o ano anterior. A non presentación da citada documentación acreditativa determinará a perda do dereito á citada bonificación, procedendo a practicar una liquidación complementaria, regularizando así a situación tributaria.

Este beneficio fiscal entenderase outorgado baixo a condición resolutoria de mantemento dos postos de traballo que deron lugar á bonificación durante tres anos contados dende a súa concesión, debendo presentar o suxeito pasivo no prazo de un mes a contar dende a conclusión de dito período, xustificación documental de tal extremo. En caso contrario, procederase a efectuar a liquidación complementaria polo importe da cantidade bonificada, regularizando así a situación tributaria.

Artigo 5º.-Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

Disposición adicional.

Para que proceda a división da débeda á que se refire o artigo 35.7 da Lei Xeral Tributaria é indispensable que o interesado o solicite en calquera momento anterior á finalización do prazo do período de pago voluntario do imposto, e facilite de cada un dos restantes obrigados ao pagamento, a seguinte documentación:

- Datos persoais, copia do NIF e domicilio de cada obrigado ao pago.
- Título de propiedade onde se recolla a proporción de cada partícipe.

Disposición final.

A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2018 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



Disposición final.

A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2020 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín de data 28 de outubro de 2013 de publicada no Boletín Oficial da Provincia o 17 de decembro de 2013.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP do 23 de decembro de 2015.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 27 de outubro de 2016 publicada no BOP do 28 de decembro de 2016.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 6 de novembro de 2017 publicada no BOP do 29 de decembro de 2017.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 25 de outubro de 2019 publicada no BOP do 23 de decembro de 2019.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 2. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1º.- Disposición xeral.

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co establecido nos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Lalín regula o Imposto sobre Actividades Económicas, que se esixirá conforme ao disposto no citado texto refundido, na presente ordenanza e no resto de normativa aplicable.

Artigo 2º.- Normativa aplicable

A natureza, feito imponible, exencións, suxeitos pasivos, cota tributaria, período impositivo, así como os rexímenes de administración e xestión deste imposto regúlase segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas demais disposicións complementarias e de desenvolvemento da lei, tanto de rango legal como regulamentario, ademais do establecido nesta Ordenanza.

Artigo 3º.- Coeficiente de situación.

De conformidade co disposto no artigo 87 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación establecido no artigo 86 do citado texto legal, un coeficiente único do 1 para tódalas actividades exercidas neste término municipal.

Artigo 4º.- Bonificacións



Ademais das bonificacións previstas no artigo 88.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os suxeitos pasivos suxeitos ao Imposto sobre Actividades Económicas terán dereito ás seguintes bonificacións:

1.- Unha bonificación do 50% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal, durante os tres anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento de aquela, sempre que teñan, como mínimo, cinco traballadores en plantilla.

A aplicación desta bonificación requerirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión e aportación de ramas de actividade.

2.- Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, disfrutarán, por creación de emprego, da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

- Incremento no nº de empregados con contrato indefinido	- Porcentaxe de Bonificación
- Mais do 10 %	- 25
- Mais do 20 %	- 50

Para a aplicación desta bonificación requirirase que a plantilla previa ó incremento sexa igual ou superior a cinco traballadores, que os novos traballadores contratados estean empadroados no termo municipal de Lalín e que cumpran algunha das condicións seguintes:

a) Que realicen un contrato indefinido a 1 traballador, como mínimo, pertencente aos seguintes colectivos:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- 1.- Mulleres, en sectores laborais con menor índice de emprego feminino.
- 2.- Parados cunha antigüidade mínima dun ano en situación de desemprego rexistrado nas Oficinas Públicas de Emprego de Galicia
- 3.- Maiores de cuarenta anos.
- 4.- Xóvenes menores de vinteseis anos.
- 5.- Minusválidos con minusvalía igual ou superior ao 33%
- 6.- Traballadores que realizaran cursos de formación ocupacional promovidos polo Concello de Lalín.

b) Que se trate de actividades empresariais que manteñan cada ano polo menos cinco empregos netos.

De se volver a solicitar esta bonificación, o número de traballadores inicial non poderá ser inferior ó total, incluídos os que deron dereito a bonificación, que posuía o suxeito pasivo para a bonificación anteriormente aplicada.

A documentación acreditativa será a seguinte:

-Certificado/s da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativo dos extremos especificados no punto 2 deste artigo.

-Fotocopia dos contratos laborais dos traballadores contratados no período impositivo inmediato anterior ó de aplicación da bonificación.

As bonificacións reguladas neste artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, disfrutará da mais alta.

Artigo 4-Bis.- Bonificación por fomento do emprego-iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”

Ao abeiro do disposto no artigo 88.2.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese una bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova



actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalación sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá tres períodos impositivos, o da súa concesión e os dous seguintes

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, alomenos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial.

Considerarase que existe especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:

- a) Para a aplicación desta bonificación deberán concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.
- b) A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego e da correspondente bonificación deberá realizarse antes do 31 de xaneiro do período para o que se solicite a bonificación, indicando por escrito o número de postos de traballo creados no ano anterior. As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, debendo xustificarse as contratacións coa presentación dos documentos acreditativos das altas na Seguridade Social e dos contratos de traballo dos novos empregados, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais.



c) Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

-Memoria explicativa do interese social ou utilidade municipal da actividade económica por concorrer circunstancias de fomento do emprego, indicando os datos do emprego a crear cando se trate dunha nova empresa (non se terán en conta fusións, absorcións, cambios de denominación e similares) e cando a empresa estivese xa en activo e ampliara as súas instalacións, tamén o emprego existente.

-Xustificante de acharse ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

-Alta no Imposto sobre Actividades Económicas no concello polo epígrafe correspondente, se resultara obrigado ao mesmo.

-Á solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos para a concesión desta bonificación. As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, debendo xustificarse coa presentación dos documentos acreditativos das altas na Seguridade Social e dos contratos de traballo dos novos empregados, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais

Deberase xustificar a lo menos a creación dos postos de traballo (excluídos os directivos) que darán lugar á bonificación na cota tributaria do IAE.

- d) Os contratos a considerar para a aplicación da bonificación deben ser indefinidos a tempo completo.
- e) O centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego debe estar radicado no termo municipal de Lalín.
- f) Existe a obriga do empresario de manter os postos de traballo durante polo menos tres anos seguintes á concesión da bonificación, perdendo o dereito á citada bonificación e procedendo a practicar una liquidación complementaria no suposto de non mantelos.



- g) As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. O cómputo dos novos em- pregos realizarase para as empresas xa existentes que amplíen as súas instalación, da seguinte forma:
- Será a media anual de traballadores equivalentes á data de apertura da ampliación das instalacións menos o número de traballadores equivalentes antes da mesma
 - O número de traballadores equivalentes antes da ampliación das instalacións computarase como a media anual de traballadores equivalentes do ano anterior.
- h) Non procederá aplicación de bonificación algunha cando ao suxeito pasivo se lle tivera incoado, no Concello de Lalín, expediente administrativo por infracción urbanística. No suposto de incoación de expediente administrativo por infracción urbanística con poste- rioridade á concesión da bonificación, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria.
- i) O suxeito pasivo deberá estar ao corrente dos pagamentos de todo tipo de obrigas fiscais, tributarias, canons e cotas tanto en voluntaria coma en executiva coa Facenda municipal do Concello de Lalín.
- j) O suxeito pasivo non poderá entender concedida a bonificación ata que o Concello se pronuncie expresamente sobre a mesma, podendo ingresar o importe da cota provisional polo seu importe íntegro. Cando se recoñeza o dereito á bonificación e o suxeito pasivo realizase o ingreso, devolverase de oficio a diferenza, que en ningún caso terá a consi- deración de ingreso indebido e, polo tanto, non devengará xuros.
- k) As bonificacións reguladas neste artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, disfrutará da mais alta
- l) A bonificación terá carácter provisional. O Concello de Lalín comprobará que se manti- veron os requisitos esixidos para a bonificación prevista neste artigo.

Antes do 31 de xaneiro dos dous anos seguintes ao da concesión da bonificación deberán xustificarse ante o Concello de Lalín ou ante o organismo encargado da xestión tributaria do imposto, o mantemento das contratacións coa presentación dos documentos acreditativos do mantemento dos postos de traballo creados, debendo achegar copia compulsada do modelo de liquidación á Seguridade Social, acreditativo de ter realizado as cotizacións sociais durante o ano anterior. A non presentación da citada documentación acreditativa determinará a perda do dereito á citada bonificación, procedendo a practicar una liquidación complementaria, regularizando así a situación tributaria.



Este beneficio fiscal entenderase outorgado baixo a condición resolutoria de mantemento dos postos de traballo que deron lugar á bonificación durante tres anos contados dende a súa concesión, debendo presentar o suxeito pasivo no prazo de un mes a contar dende a conclusión de dito período, xustificación documental de tal extremo. En caso contrario, procederase a efectuar a liquidación complementaria polo importe da cantidade bonificada, regularizando así a situación tributaria.

Artigo 5º.- Procedemento de concesión dos beneficios fiscais.

As bonificacións establecidas nesta ordenanza terán carácter rogado e deberán ser concedidas expresamente aos suxeitos pasivos que o soliciten e acrediten reunir as condicións requiridas,

As bonificacións previstas nesta ordenanza deberán solicitarse durante o primeiro trimestre do exercicio ao que se vaian a aplicar. As presentadas fora de dito período producirán efectos para o exercicio seguinte.

A concesión ou denegación dos beneficios fiscais resolveranse por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

Disposición Final

A presente Ordenanza, unha vez aprobada de maneira definitiva e publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincial, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Disposición final.

A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2020 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 25 de outubro de 2019 publicada no BOP do 23 de decembro de 2019.



ORDENANZA FISCAL Nº 3.ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º

De conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable neste Municipio queda fixado segundo o Anexo a esta Ordenanza.

Artigo 2º

O pago do imposto acreditarase mediante recibo tributario.

Artigo 3º

1- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado por este Concello ó que se acompañará a documentación acreditativa da compra ou modificación, certificado das súas características e o Documento Nacional de Identidade ou Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2- Ó mesmo tempo da presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional mentres que a oficina xestora non comprobe que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

Artigo 4º



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

1- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio.

2- No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que estén inscritos no correspondente Rexistro Público a nome das persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

- a) 3- O padrón ou matrícula do imposto exporase ó público polo prazo de quince días para que os lexítimos interesados poidan examinalo e no seu caso, formular as reclamacións oportunas.
- b) A exposición ó público anunciarase no "Boletín Oficial da Provincia" e producirá os efectos de notificación da liquidación de cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 5º

1.- Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadán.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As Ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.



- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con discapacidade aos que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por 100.

- a) Os autobuses, microbuses, e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
- b) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2.- Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredita a súa concesión.

En relación coa exención prevista no parágrafo e) do apartado 1 anterior, xunto coa solicitude de exención, as persoas con discapacidade que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

- a) Vehículo conducido por persoas con discapacidade:

-Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia ou, no seu caso, polo órgano competente doutra Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.(ou, no seu caso Resolución a que se refire o apartado c) para o caso de ser pensionista)

-Permiso de conducción (anverso e reverso)



-Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome da persoa con discapacidade.

-Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa con discapacidade como condutor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

-DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.

-Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

b) Vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade:

-Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, ou, no seu caso, polo órgano competente doutra Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, na que conste ademais do grao de discapacidade o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo. (ou, no seu caso Resolución a que se refire o apartado c) para o caso de ser pensionista)

-Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do discapacitado

-Póliza do seguro do vehículo a nome da persoa con discapacidade, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.

-DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.

-Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte de persoa discapacitada.

c) De acordo ao artigo 1 do Real Decreto 1414/2006, de 1 de decembro polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade considéranse afectados/as por unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento :

- Pensionistas de Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez.

- Pensionistas de Clases Pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.

Para a acreditar o anterior será necesario presentar segundo o artigo 2 do Real Decreto 1414/2006:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.

-Resolución do Ministerio de Economía, de Facenda ou de Defensa recoñecendo a pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente.

3.- Gozarán dunha bonificación do 100 % da cota tributaria do imposto os vehículos históricos e aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partir da data da súa fabricación; se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A citada bonificación aplicarase de oficio por este Concello ou a entidade que, no seu lugar, exerza as funcións de xestión tributaria do imposto cando conste o requisito establecido no parágrafo anterior.

4.- A concesión dos beneficios fiscais contemplados neste artigo para os que sexa necesaria a instancia dos suxeitos pasivos, producirá os seus efectos no exercicio seguinte a aquel no que se presente a solicitude.

5.- Gozarán dunha bonificación do 75% os vehículos de motor eléctrico con carácter indefinido , en tanto manteñan as circunstancias de motor sinaladas seguintes:

- Eléctricos de batería (BEV).

Para poder acceder a este beneficio fiscal será precisa a previa solicitude do interesado, acompañando copia do permiso de circulación e certificación de características técnicas do vehículo.

A concesión deste beneficio fiscal surtirá efectos a partires do exercicio seguinte a aquel no que se solicite, salvo que dita solicitude se presentara antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza. Neste caso surtirá efectos no mesmo exercicio sempre que na data de devengo do tributo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu disfrute.

ANEXO

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica esixirase, salvo que as Leis de Presupostos Xerais do Estado as modifiquen, con amaño ó seguinte cadro de tarifas:



TARIFAS

A) Turismos

De menos de 8 cabalos fiscais	12,62 €
De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais 3	34,08 €
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	71,94 €
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	89,61 €
De 20 cabalos fiscais en diante	112,00 €

B) Autobuses

De menos de 21 prazas	83,30 €
De 21 a 50 prazas	118,64 €
De máis de 50 prazas	148,30 €

C) Camións

De menos de 1000 quilos de carga útil	42,28 €
De 1000 a 2.999 quilos de carga útil	83,30 €
De máis de 2.999 a 9.999 quilos de carga útil	118,64 €
De máis de 9.999 quilos de carga útil	148,30 €

D) Tractores

De menos de 16 cabalos fiscais	17,67 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77 €
De máis de 25 cabalos fiscais	83,30 €

E) Remolques e semirremolques arrastrados por
vehículos de tracción mecánica:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

De menos de 1000 e mais de 750 quilos de carga útil	17,67 €
De 1000 a 2.999 quilos de carga útil	27,77 €
De máis de 2.999 quilos de carga útil	83,30 €

F) Outros vehículos:

Ciclomotores	4,42 €
Motocicletas de hasta 125 centímetros cúbicos	4,42 €
Motocicletas de máis de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	7,57 €
Motocicletas de máis de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	15,15 €
Motocicletas de máis de 500 hasta 1000 centímetros cúbicos	30,29 €
Motocicletas de máis de 1000 centímetros cúbicos	60,58 €

A estas cotas tributarias ou ás que no seu caso se establezan pola Lei de Presupostos Xerais do Estado, aplicaráselles os seguintes coeficientes de incremento:

Coeficientes de incremento

A) Turismos

De menos de 8 cabalos fiscais	1
De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais	1
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	1,13
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	1,26
De 20 cabalos fiscais en diante	1,26

B) Autobuses

De menos de 21 prazas	1,26
De 21 a 50 prazas	1,26
De máis de 50 prazas	1,26



C) Camións

De menos de 1000 quilos de carga útil	1,13
De 1000 a 2.999 quilos de carga útil	1,13
De máis de 2.999 a 9.999 quilos de carga útil	1,26
De máis de 9.999 quilos de carga útil	1,26

D) Tractores

De menos de 16 cabalos fiscais	1,13
De 16 a 25 cabalos fiscais	1,13
De máis de 25 cabalos fiscais	1,13

E) Remolques e semirremolques arrastrados por
vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1000 e mais de 750 quilos de carga útil	1,26
De 1000 a 2.999 quilos de carga útil	1,26
De máis de 2.999 quilos de carga útil	1,26

F) Outros vehículos:

Ciclomotores	1,26
Motocicletas de hasta 125 centímetros cúbicos	1,26
Motocicletas de máis de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	1,26
Motocicletas de máis de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	1,26
Motocicletas de máis de 500 hasta 1000 centímetros cúbicos	1,26
Motocicletas de máis de 1000 centímetros cúbicos	1,26



DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor a partir da data de publicación da súa redacción definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezara a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 22 de decembro de 2014

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 6 de novembro de 2017 publicada no BOP do 29 de decembro de 2017.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 4. ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Se aproba a non esixencia do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e a derogación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto. O que terá efectos ,unha vez publicado o acordo definitivo no Boletín Oficial da Provincia, dende o 1 de xaneiro de 2022. En relación coas construcións, instalacións e obras das que antes do 1 de xaneiro de 2022 xa se houbera solicitado a licenza, feito a comunicación previa ou declaración responsable ou se houbera iniciado a construción, instalación ou obra se suxeitan a Ordenanza fiscal actual e non lle afecta a derogación da Ordenanza fiscal. (BOP DE 27 DE DECEMBRO DE 2021)

ARTIGO 1.- DISPOSICIÓN XERAL.

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co establecido nos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Lalín establece o imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se esixirá conforme ás disposicións contidas nesta última Lei e na presente Ordenanza.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable ou, no seu caso, a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, téñase presentado ou non dita comunicación ou declaración ou, no seu caso, obtivérase ou non a dita licenza, sempre que a súa presentación ou expedición corresponda ó Concello de Lalín.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases, de nova planta.
- b) Obras de demolición.



c) Obras en edificios, tanto aquelas que afecten ao seu interior como as que se refiran ao exterior dos mesmos.

d) Obras de fontanería e saneamento.

e) Calquera outras contrucións, instalacións ou obras que requiran a presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable ou, no seu caso, licenza de obra ou urbanística conforme á normativa vixente.

3. Non se entenderán incluídas no feito imponible do imposto as construcións, instalacións ou obras autorizadas en proxectos de urbanización.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos e o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non se realice polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen presente a comunicación previa ou declaración responsable ou, no seu caso, solicite as correspondentes licenzas ou realice as construcións, instalacións ou obras. Para a aplicación deste artigo, considérase substituto de primeiro grao ó que presente unha comunicación previa ou declaración responsable ou, no seu caso, ó solicitante da licenza e a este obrigado dirixirse a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude, esixirase o ingreso á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS

Está exenta do pago do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos,



obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de investimento novo como de conservación.

ARTIGO 5.- BASE IMPOÑIBLE, TIPO DE GRAVAME, COTA E DEVENGO.

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra e enténdese por tal, para estes efectos, o custo da súa execución material.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, especificamente, o custo de execución material.

2. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

A cota líquida será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións a que se refire o artigo seguinte.

3. O tipo de gravame será o 3 %

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se teña presentado unha comunicación previa ou declaración responsable ou non se obtivera a correspondente licenza, no seu caso. Coa presentación da comunicación previa, declaración responsable ou solicitude de licenza, no seu caso, presentarase o xustificante de ter realizado o ingreso do depósito previo do importe total da cota tributaria deste imposto.

ARTIGO 6º .- BONIFICACIÓNS

1.- Concederase unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. A declaración corresponderá ó Pleno da Corporación e acordarase, previa



solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros. A tal fin, os suxeitos pasivos do imposto deberán solicitar a devandita declaración no momento de solicitar a correspondente licenza urbanística, debendo acompañar á solicitude a documentación que estimen necesaria para tal declaración.

2.- Concederáse unha bonificación do 50% a favor de construcións, instalacións e obras declaradas como Vivendas de Protección Autonómica polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Para a concesión desta bonificación esixírase solicitude do suxeito pasivo á que se achegará a cédula de cualificación provisional como Vivenda de Protección Autonómica emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. A concesión da bonificación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

3.- Bonificación por fomento do emprego-iniciativa “Concellos Doing Business Galicia” Ao abeiro do disposto no artigo 103.2.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación na cota do imposto a favor de construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalación sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de ampliación das instalacións a creación de emprego deberá supoñer, alomenos, un incremento do 50% do número de traballadores da plantilla inicial.

Considerarase que existe especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se creen novos postos de traballo.

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- a) Para a aplicación desta bonificación deberán concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.
- b) A bonificación solicitarase conxuntamente coa licenza, ou coa comunicación previa ou declaración responsable, indicando por escrito o número de postos de traballo a crear, en todo caso antes do inicio da execución da construción, instalación ou obra.
- c) Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

-Memoria explicativa do interese social ou utilidade municipal do proxecto por concorrer circunstancias de fomento do emprego, indicando os datos do emprego a crear cando se trate dunha nova empresa (non se terán en conta fusións, absorcións, cambios de denominación e similares) e cando a empresa estivese xa en activo e ampliara as súas instalacións, tamén o emprego existente.

-Xustificante de acharse ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

-Alta no Imposto sobre Actividades Económicas no concello polo epígrafe correspondente, se resultara obrigado ao mesmo.

-Á solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos para a concesión desta bonificación. No momento da solicitude da licenza ou da presentación da comunicación previa ou declaración responsable adxuntarase un compromiso de creación do número de postos de traballo de nova creación que se vaia a xerar.

Deberese xustificar a lo menos a creación dos postos de traballo (excluídos os directivos) que darán lugar á bonificación na cota tributaria do ICIO. As contratacións deberán xustificarse, una vez finalizada a obra, no momento da presentación da comunicación previa do inicio de actividade.

- d) Os contratos a considerar para a aplicación da bonificación deben ser indefinidos a tempo completo.
- e) A construción, instalación ou obra deberá estar radicada no termo municipal de Lalín e debe constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- f) Existe a obriga do empresario de manter os postos de traballo durante polo menos tres anos seguintes á concesión da bonificación, perdendo o dereito á citada bonificación e procedendo a practicar una liquidación complementaria no suposto de non mantelos.
- g) As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. O cómputo dos novos em- pregos realizarase para as empresas xa existentes que amplíen as súas instalación, da seguinte forma:

-Será a media anual de traballadores equivalentes á data de apertura da nova obra menos o número de traballadores equivalentes antes da solicitude da licenza.

-O número de traballadores equivalentes antes da solicitude computarase como a media anual de traballadores equivalentes do ano anterior á solicitude.

- h) Non procederá aplicación de bonificación algunha cando ao suxeito pasivo se lle tivera incoado, no Concello de Lalín, expediente administrativo por infracción urbanística. No suposto de incoación de expediente administrativo por infracción urbanística con poste- rioridade á concesión da bonificación, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria.
- i) O suxeito pasivo deberá estar ao corrente dos pagamentos de todo tipo de obrigas fiscais, tributarias, canons e cotas tanto en voluntaria coma en executiva coa Facenda municipal do Concello de Lalín.
- j) O suxeito pasivo non poderá entender concedida a bonificación ata que o Concello se pronuncie expresamente sobre a mesma, podendo ingresar o importe da cota tributaria da liquidación provisional do ICIO polo seu importe íntegro. Cando se recoñeza o de- reito á bonificación e o suxeito pasivo realizase o ingreso, devolverase de oficio a dife- renza, que en ningún caso terá a consideración de ingreso indebido e, polo tanto, non devengará xuros.
- k) Non se concederá bonificación algunha cando a construción, instalación ou obra se ini- ciara sen o previo outorgamento da licenza urbanística ou sen a presentación de comu- nicación previa ou declaración responsable, no seu caso.
- l) As bonificacións reguladas neste artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, desfrutará da mais alta
- m) A bonificación terá carácter provisional. O Concello de Lalín comprobará que se manti- veron os requisitos esixidos para a bonificación prevista neste artigo.

As contratacións deberán xustificarse cos documentos acreditativos das altas na Seguridade Social e dos contratos de traballo dos novos empregados, debendo achegar ademais copia compulsada do modelo de liquidación á Seguridade Social, acreditativo de ter realizado as cotizacións sociais, una vez finalizada a obra, no momento da presentación da comunicación previa do inicio de actividade.



Este beneficio fiscal entenderase outorgado baixo a condición resolutoria de mantemento dos postos de traballo que deron lugar á bonificación durante tres anos contados dende a súa concesión, debendo presentar o suxeito pasivo no prazo de un mes a contar dende a conclusión de dito período, xustificación documental de tal extremo. En caso contrario, procederase a efectuar a liquidación complementaria polo importe da cantidade bonificada, regularizando así a situación tributaria.

ARTIGO 7.- XESTIÓN

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración Municipal en soporte papel o a través da Oficina virtual tributaria na Sede electrónica tributaria do Concello ,efectuando o pago previamente á concesión da licenza preceptiva ou cando non se esixa a licenza , previamente á comunicación previa ou declaración responsable , e , en todo caso , con anterioridade ó inicio da construción , instalación ou obra.

O pago realizarase en calquera entidade colaboradora autorizada, e, en todo caso, dentro do prazo

máximo de un mes, contado a partir do momento en que lle fora notificada a concesión de dita

licencia .

No caso de que se inicie a construción, instalación ou obra , sen terse solicitado , concedido ou denegado a licenza preceptiva , nin presentado declaración responsable ou comunicación previa , os suxeitos pasivos están obrigados a presentar e abonar autoliquidación do imposto no prazo dun mes dende o inicio da construción , instalación ou obra.

3. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base imponible do tributo, en función do presuposto achegado polos interesados, sempre que estivese visado polo

Colexio Oficial correspondente, se fose preceptivo ; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado de execución material do proxecto.

4. No caso de que se modifique o proxecto e houberse incremento de presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse autoliquidación complementaria pola diferenza



entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5. No caso de que non se execute o feito imponible no prazo previsto na licenza preceptiva , o suxeito pasivo terá dereito á devolución do ingresado conforme ó previsto nos apartados anteriores . A devolución , tanto en caso de licenza preceptiva, como comunicación previa ou declaración responsable , require de solicitude expresa renunciando á execución da construción, instalación ou obra.

A solicitude de devolución se suxeita ó prazo de prescripción que se iniciará co pago do imposto.

No caso que durante a realización das construción, instalacións ou obras , se modifícase o suxeito pasivo do imposto , a liquidación definitiva se practicará a quen fose suxeito pasivo no momento de terminarse as obras.

6. Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o seu custo real e efectivo sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda. As autoliquidacións practícaranse en impreso que facilitará a Administración Municipal, debendo acompañarse fotocopia do DNI ou CIF do suxeito pasivo, así como certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, se fose preceptivo e calquera outro documento que se considere oportuno.

Non se esixira fotocopia do DNI ou CIF se o suxeito pasivo presenta a documentación requirida a través da sede electrónica municipal.

7. No caso de que non puidese presentarse o Certificado e Presuposto final de obra no prazo sinalado no número anterior, poderá solicitarse unha prórroga de un mes, contado a partir do día seguinte á finalización do prazo anterior, para a presentación da citada documentación.

8. Á vista da documentación achegada e das construcións, instalacións ou obras efectivamente



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

realizadas e do custo real e efectivo, o Concello ou entidade no que se teña delegada a competencia , mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda, sen prexuízo das sancións que procedan, de acordo co disposto no artigo 8 desta Ordenanza.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en casa caso, aplicarase o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor a partir da súa

publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir dese momento, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2020 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 22 de decembro de 2014.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 25 de outubro de 2019 publicada no BOP do 23 de decembro de 2019.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 30 de outubro de 2020 publicada no BOP do 28 de decembro de 2020.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do día 29 de outubro de 2021 e publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 5. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE CEMITERIOS LOCAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servicios de cemiterios locais, conducción de cadáveres e outros servicios fúnebres de carácter local.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios de cemiterios locais, tales como: asignación de espacios para enterramento; permisos de construción de panteóns ou sepulturas; ocupación dos mesmos, colocación de lápidas, enreixados e adornos; conservación dos espacios destinados ó descanso dos defuntos; conducción de cadáveres e calquera outros que, consonte co previsto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan no artigo segundo desta ordenanza e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.



Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais. Así mesmo, estarán exentos os servicios que se presten con ocasión de:

-Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa custeada pola familia dos falecidos.

-Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

- As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 7º. Percepción



A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a

actividade.

- Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído

previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.



B) Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

Primeiro. Tarifa.

A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

A.- CONCESIÓNS:

A.1.-Por concesións de terreo:

1.1. A un máximo de 50 anos, renovables:

1.1.1- Por sepultura 751,27 €.

A.2.-Por concesións de nichos construídos polo Concello:

2.1. A un máximo de 50 anos, renovables:

2.1.1. Por cada nicho 601,01 €.



B.- TRANSMISIÓNS DE CONCESIÓNS:

B.1.- Entre vivos:

Pagarán as mesmas cotas que as concesións a que se refire o apartado A) desta tarifa, excepto cando a transmisión sexa entre parentes ós que se refire o artigo seguinte, aplicándose neste caso os dereitos nel regulados.

En todo caso, requírese que a transmisión sexa autorizada pola Corporación e o cambio de titular rexistrado nos libros correspondentes.

B.2.- Por causa de morte:

Segundo as normas do Código Civil para os graos de parentesco por consanguinidade en liña recta e colateral, aboarán sobre a cota de concesións do apartado A) desta tarifa:

B.2.1.-Con parentesco de primeiro grao 10 %

B.2.2.-Con parentesco de segundo grao 30 %

B.2.3.-Con parentesco de terceiro grao 60 %

B.2.4.-Con parentesco de cuarto grao 90 %

As transmisións entre cónxuxes e fillos non percibirán dereito algún.

Segundo. Data de aprobación.

A presente ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 14 de outubro de 1998, sen que contra este acordo se presentaran reclamacións. A súa entrada en vigor terá lugar o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓNS:

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 6. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E CUSTODIA DOS MESMOS

Artigo 1º.-Natureza da exacción

O Concello de Lalín, no uso das facultades que lle confire o número 1 do artigo 15 e o apartado b) do número 1 do artigo 20, en relación co artigo 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, acorda establecer a taxa pola prestación do servizo "Retirada de Vehículos da Vía Pública e subseguinte custodia dos mesmos", rexéndose a súa exacción polo disposto na presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.-Fundamento

A exacción desta taxa fundaméntase na necesidade de conquistar a contraprestación económica que libere ó erario municipal do perxuício que lle irrogaría a prestación duns servizos provocados polos particulares, obstaculizando ou entorpecendo a libre circulación pola vía pública, estacionando ou aparcando con infracción das normas de circulación, ou abandonando os vehículos na vía pública.

Artigo 3º.-Feito imponible

1. O feito imponible está constituído pola prestación dos servizos municipais conducentes á retirada das vías urbanas daqueles vehículos aparcados en zonas non permitidas ou que perturben gravemente a circulación nas mesmas. O servizo é de recepción obrigatoria e prestaráse de oficio ou en virtude dunha denuncia particular.



2. Considerarase que un vehículo perturba gravemente a circulación cando se dea algún dos supostos que se determinan no artigo 71 do Real Decreto Legislativo 339/90 de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e nos artigos 91 e 94 do Real Decreto 13/92 de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

3. Non estarán suxeitos á taxa de retirada e custodia de vehículos aqueles que, estando debidamente estacionados sexan retirados por impedir e obstaculizar a realización dun servicio público de carácter urxente como extinción de incendios, salvamentos, etc..

Artigo 4º .-Devengo

A taxa devengarase, nacente a obriga de contribuir, coa iniciación da prestación do servicio. Entenderase iniciada a prestación do servicio, cando detectado o vehículo infractor, escomencen os labores para a súa recollida. Esta poderá ser suspendida no caso de que o conductor infractor satisfaga no mesmo momento o importe da taxa e movilice inmediatamente o vehículo indebidamente estacionado.

Artigo 5º .-Suxeitos Pasivos

Veñen obrigados ó pago desta taxa como suxeitos pasivos os propietarios dos vehículos, agás nos supostos de vehículos roubados, circunstancia que deberá acreditarse mediante a aportación da copia da denuncia presentada pola súa sustracción.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias toda-las persoas físicas ou xurídicas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, a que se refiren os artigos 38 e 39 da lei Xeral Tributaria, e de xeito particular, os conductores dos vehículos.

Artigo 6º.-Base Imponible



Constitúe a base impositiva cada unidade de vehículo retirado ou custodiado polos
servicios municipais.

Artigo 7º .-Cota Tributaria

1. A cota tributaria pola retirada de vehículos establécese en función da clase de
vehículos, segundo o cadro seguinte:

A) Por retirada e transporte:

- Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos	19,55 €
- Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg....	51,45 €
- Vehículos cun peso máx. de carga super. a 2.500 kg. e ata 4.500 kg.	57,62 €
- Vehículos cun peso máx. de carga superior a 4.500 kg.	320,02 €
- Colectores ou obstáculos retirados con gindastre lixeiro	57,62 €
- Colectores ou obstáculos retirados con gindastre de gran tonelaxe	115,25 €

Por depósito e custodia, transcorridas 4 horas dende a retirada, por cada día
ou fracción :

-Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos	5,15 €
-Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg.	19,55 €
-Vehículos cun peso máx.de carga super.a 2.500 kg. e ata 4.500 kg.	28,81 €
-Vehículos cun peso máx. de carga superior a 4.500 kg.	45,28 €
-Colectores ou obstáculos	16,46 €

Por desprazamento e enganche sen retirada do vehículo:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos 10,29 €
- Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg. 25,73 €
- Vehículos cun peso máx. de carga super a 2.500 kg. e ata 4.500 kg. 28,81 €
- Vehículos cun peso máx. de carga superior a 4.500 kg. 160,52 €
- Colectores ou obstáculos retirados con gindastre lixeiro 28,81 €
- Colectores ou obstáculos retirados con gindastre de gran tonelaxe 57,62 €

D) Por desprazamento de vehículos debidamente estacionados (obras públicas, procesións, desfiles e demais actos públicos) :

- Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos 2,06 €
- Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg. 5,15 €
- Vehículos cun peso máx. de carga super. a 2.500 kg. e ata 4.500 kg. 6,17 €
- Vehículos cun peso máx. de carga superior a 4.500 kg. 32,93 €
- Colectores ou obstáculos retirados con gindastre lixeiro 6,17 €
- Colectores ou obstáculos retirados con gindastre de gran tonelaxe 12,35 €

Artigo 8º .-Normas de Xestión

1. As taxas devengadas conforme ó artigo anterior deberán facerse efectivas nos correspondentes servicios recadatorios municipais, que expedirán os oportunos recibos ou efectos timbrados xustificativos do pago.

2. Non se fará efectiva devolución do vehículo algún que fora retirado polos servicios municipais, namentras non se acredite debidamente o pago das taxas devengadas. O pago desta taxa non excluírá o das multas ou sancións que foran procedentes por infracción das normas de circulación.



3. O Concello poderá celebrar convenios con empresas de transporte de vehículos e cos titulares de garaxes no municipio, para a prestación do servizo de retirada e custodia de vehículos nas vías urbanas.

Artigo 9º .-Venda de vehículos non retirados polos seus propietarios

1. O Concello procederá a venda en pública subasta dos vehículos que teña depositados nos recintos ou locais establecidos ó efecto, cando, unha vez notificado formalmente ós seus titulares a circunstancia da súa retirada e depósito, transcorra máis dun mes sen que estas insten a restitución do seu vehículo.

2. O produto da venda en pública subasta dos vehículos aplicarase ó pago dos gastos, quedando o sobrante a disposición do titular do vehículo durante o prazo de dous anos. Transcorrido este prazo, adxudicarase ó Concello.

DISPOSICION FINAL

A presente modificación (art. 7), unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor e será aplicable ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ORDENANZA FISCAL Nº 7. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVICIOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servicios ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.
- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servicio.

Artigo 4º. Responsables



- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirá a partir dese mesmo momento.



Artigo 8º. Liquidación

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

-Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.



- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.

- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, ratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.



ANEXO

Primeiro. Tarifa

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

A).- Usos domésticos:

-1º bloque, ata 10 m ³ de consumo, mínimo tarifado, ó mes	0,389 Euros/m ³
-2º bloque, de 10 a 20 m ³ , ó mes	0,533 Euros/m ³
-3º bloque, de 20 m ³ en adiante, ó mes.....	0,633 Euros/m ³

B).- Usos non domésticos:

-de 0 a 15 m ³ , mínimo tarifado, ó mes.....	0,389 Euros/m ³
-de 15 a 100 m ³ , ó mes	0,676 Euros/m ³
-de 100 m ³ en adiante, ó mes	0,878 Euros/m ³

C).- Por cada alta no servizo 95,26 Euros

D).- As acometidas realizadas sen licencia municipal sancionaranse cunha multa de 146,78 €, sen prexuízo das demais medidas que se tomen.

E).- Para abonados sen contador ou con contador avariado:

-Para usos domésticos, ó mes	19,41 Euros ó mes.
-Para usos non domésticos, ó mes	77,69 Euros ó mes.

Estas facturacións a tanto alzado efectuaranse cando o abonado non tivera anteriormente instalados contador de auga; no caso contrario, aplicarase a media dos dous últimos trimestres de lectura do contador.

Segundo. Entrada en vigor

A presente modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 22 de decembro de 2014



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP do día 23 de decembro de 2015.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 27 de outubro de 2016 e publicada no BOP do día 28 de decembro de 2016

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 6 de novembro de 2017 e publicada no BOP do día 29 de decembro de 2017

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 2 de novembro de 2018 e publicada no BOP do día 28 de decembro de 2018

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 25 de outubro de 2019 publicada no BOP do 23 de decembro de 2019.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 30 de outubro de 2020 publicada no BOP do 28 de decembro de 2020.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 8. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS

Artigo 1º . Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e de conformidade co disposto no art. 20 apartado 4, letra s) da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime local das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Lalín establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no art.58 da devandita Lei reguladora de Facendas Locais, modificado así mesmo polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como locais recreativos.
2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou a recollida dos cales esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Enténdese de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas que estean en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitadas. Así mesmo, considérase realizado o feito imponible naqueles locais



onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, sempre que exista aparencia exterior de realización dunha actividade económica.

Artigo 3º- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen ou sexan susceptibles de utilizaren vivendas e, ou ocupen locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas radicados no termo municipal de Lalín. Dita ocupación ou utilización entenderase sempre realizada, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario ou habitacionista, arrendatario ou mesmo de precario.
2. Para o caso das vivendas, son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte e obrigados ó pagamento da taxa os propietarios e usufructuarios das mesmas, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas ós usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º-Responsables

1- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos , interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º - Tarifas:

Aplicaranse as tarifas, segundo o seguinte cadro:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

ZONA 1	ZONA 2
Recollida diaria	Recollida alterna

5.1.Tarifas

1.- Vivendas	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
<i>1.1.Vivendas de persoas ou familias con escasos recursos</i>	9,37	4,68
<i>1.2.Vivendas de familias numerosas de categoría xeral.</i>	9,37	4,68
<i>1.3.Vivendas de familias numerosas de categoría especial.</i>	4,68	2,34
<i>1.4.Vivendas de persoas beneficiarias do RISGA ou axuda de inclusión social municipal ou autonómica.</i>	2,34	1,17
<i>1.5.Vivendas non incluídas nas categorías anteriores</i>	18,74	9,37

2.- Entidades financeiras	€ ao trimestre
2.1.Zona 1	263,41
2.2. Zona 2	175,61

3.- Hoteis e moteis	€ ao trimestre
3.1.Zona 1	292,68 € mais 3,14 €/habitación
3.2. Zona 2	234,14 € mais 2,09 €/habitación

4.- Hostais pensións, fondas e análogos	€ ao trimestre
4.1.Zona 1	234,14 € mais 1,15 €/habitación



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

4.2. Zona 2	117,07 € mais 1,15 €/habitación	
5.- Vivendas destinadas a turismo rural	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
5.1. Pazo-hospedería, pazo-residencia	292,68 € mais 3,51 €/habitación	234,14 € mais 2,34 €/habitación
5.2. Outras categorías	70,24 € mais 1,17 €/habitación	35,12 € mais 0,59 €/habitación

6.- Discotecas	€ ao trimestre
6.1.Zona 1	234,14
6.2. Zona 2	117,07

7.- Salas de cine	€ ao trimestre por sala
7.1.Zona 1	93,65
7.2. Zona 2	58,54

8.- Pubs e bares de categoría especial	€ ao trimestre	
8.1.Zona 1	175,61	
8.2. Zona 2	87,81	
9.- Cafeterías, bares e análogos (sen comida)	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
9.1.Ata 50 m ²	46,82	23,42
9.2.De 51 a 100 m ²	70,25	35,12
9.3.De 101 a 150 m ²	93,65	46,82
9.4.De mais de 150 m ²	117,07	58,54



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

10.-Pizzerías,hamburgueserías, bocaterías, parrilladas, cafeterías e bares con comida e análogos	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
10.1.Ata 50 m ²	70,25	35,12
10.2.De 51 a 100 m ²	93,65	52,68
10.3.De 101 a 150 m ²	128,78	70,25
10.4.De 151 a 200 m ²	175,61	93,65
10.5.De máis de 200 m ²	234,14	117,07

11.- Restaurantes	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
11.1.Ata 200 m ²	351,21	146,34
11.2.De mais de 200 m ²	468,28	204,88

12. Supermercados	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
12.1. Ata 2.000 m ²	1.170,69	585,35
12.2. De 2.001 a 4.000 m ²	2.341,39	1.170,69
12.3 De mais de 4.000 m ²	3.512,08	1.756,04

13.Xestorías,aseguradoras, inmobiliarias e demais despachos profesionais	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
13.1. Ata 70 m ²	46,82	23,42
13.2. De mais de 70 m ²	93,65	46,82



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

14.- Locais sede de asociacións, org. Políticos, sindicais, sectoriais, relixiosos, etc	€ ao trimestre
14.1.Zona 1	23,42
14.2. Zona 2	11,71

15.-Farmacias,parafarmacias e similares	€ ao trimestre
15.1.Zona 1	117,07
15.2. Zona 2	58,54

16.- Centros de ensino, academias e autoescolas	€/trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
16.1. Ata 75m ²	58,54	23,42
16.2. De 76m ² a 150m ²	117,07	46,82
16.3. De 151m ² a 300m ²	175,61	70,25
16.4. Máis de 300m ²	351,21	175,61
16.5. Máis de 300m ² con comedor	468,28	234,14

17.- Hospitais, clínicas, xeriátricos, residencias e consultas médicas	€/trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
17.1. Ata 70 m ²	46,82	23,42
17.2. De 71 m ² a 200 m ²	93,65	46,82
17.3.De mais de 200 m ² e menos de 15 habitacións	234,14	117,07
17.4.De mais de 200 m ² e mais de 15 habitacións.	234,14	117,07
Por cada habitación que supere as 15, a maiores da tarifa anterior.	11,71	5,86



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

18.Almacéns, ferraxerías e análogos	€/trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
18.1. Ata 250 m ²	58,54	29,27
18.2. De 251 a 500 m ²	117,07	58,54
18.3.De 501 a 1.500 m ²	234,14	117,07
18.4.De mais de 1500 m ²	351,21	175,61

19.- Industrias, fábricas, talleres, venda de maquinaria e similares.	€/trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
19.1. Ata 200 m ²	117,01	58,54
19.2. De 201 a 500 m ²	234,14	117,07
19.3.De 501 a 1.500 m ²	351,21	175,61
19.4.De mais de 1500 m ²	526,82	409,75
19.5. Ata 200 m ² (con recollida selectiva acreditada)	58,54	35,12
19.6. De 201 a 500 m ² (con recollida selectiva acreditada)	117,07	58,54
19.7.De 501 a 1.500 m ² (con recollida selectiva acreditada)	175,61	87,81
19.8.De mais de 1500 m ² (con recollida selectiva acreditada)	263,41	117,07
19.9 Cando exista máis dun colector, por cada un a maiores	234,14	234,14

20.-Ultramarinos, froiterías, panaderías, carnicerías e alimentación en xeral	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
20.1.Ata 50 m ²	46,82	23,42
20.2.De 51 a 100 m ²	70,25	35,12



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

20.3.De 101 a 150 m ²	93,65	46,82
20.4.De mais de 150 m ²	117,07	58,54

21. Comercio retalista	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
21.1. Ata 50 m ²	35,12	17,56
21.2. De 51 a 100 m ²	40,98	23,42
21.3 De 101 a 150 m ²	46,82	23,42
21.4. De 151 a 300 m ²	70,25	35,12
21.5 De máis de 300 m ²	93,65	46,82

22. Gasolineiras	€ ao trimestre
22.1.Zona 1	351,21
22.2. Zona 2	175,61

23. Tanatorios	€ ao trimestre
23.1.Zona 1	204,88
23.2. Zona 2	175,61

24.- Matadoiros	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
24.1.Ata 300 m ²	234,14	117,07
24.2.De mais de 300 m ²	351,21	234,14
25. Aparcadoiros e garaxes de uso público	€ ao trimestre	
25.1.Zona 1	234,14	
25.2. Zona 2	117,07	



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

26.- Outros non clasificados nos apartados anteriores	€ ao trimestre	
	ZONA 1	ZONA 2
26.1. Ata 200 m ²	46,82	23,42
26.2. De mais de 200 m ²	93,65	46,82

O apartado 2 do artigo 5 non sofre modificación algunha, polo que queda redactado nos mesmo términos.

5.2 Normas de aplicación.

- 1) A superficie dos locais, a efectos de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade, sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia ou habitación por razón do seu uso específico.
- 2) Centros de ensino. A superficie computable será, para este epígrafe, a ocupada polas aulas nas que se imparta ou se poida impartir a ensinanza, e, no caso de ter internado, incluírase tamén a superficie destinada a dormitorios, comedores e cocinas. Non se incluírá a superficie ocupada por patios, corredores e instalacións deportivas.
- 3) No caso de realización de dous ou máis feitos impoñibles nun mesmo local, entenderase que é obxecto de tributación aquel ó que corresponda a tarifa de maior contía.
- 4) Para a acreditación da recollida selectiva será necesario aportar unha copia do contrato ou convenio en vigor co correspondente xestor de residuos acreditado, así como, os albarás ou facturas do gasto. A presentación desta documentación realizarase entre o día 1 e 31 de xaneiro do ano correspondente.
- 5) *Para acreditar a condición de familia numerosa será necesario presentar copia do título oficial establecido ao efecto, segundo o art. 5 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección das Familias Numerosas; unha vez presentada a documentación, producirá os efectos da aplicación da tarifa prevista para as familias numerosas no trimestre seguinte ó da súa presentación. Anualmente, antes da finalización do último trimestre, deberá reiterarse a presentación da documentación acreditativa da situación que dá dereito á aplicación da tarifa.*
- 6) *As persoas solicitantes que aleguen ter a condición de perceptor/a de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) no ano no que se presente a solicitude deberán de acreditalo acompañando resolución de concesión . A aplicación da tarifa prevista surtirá efectos no trimestre seguinte á presentación da solicitude. Por tanto, para a aplicación da tarifa no primeiro trimestre de cada ano natural a*



solicitud debe de presentarse ao longo do último trimestre do ano inmediatamente anterior.

- 7) *As persoas solicitantes que aleguen ser persoa beneficiaria de axuda de inclusión social autonómica ou municipal no ano no que se presente a solicitude deberán de acreditarlo mediante informe emitido a tal efecto por parte dos servizos sociais do Concello de Lalín. A aplicación da tarifa prevista surtirá efectos no trimestre seguinte á presentación da solicitude. Por tanto, para a aplicación da tarifa no primeiro trimestre de cada ano natural a solicitude debe de presentarse ao longo do último trimestre do ano inmediatamente anterior.*
- 8) *Enténdese que son familias con escasos recursos cando os recursos económicos mensuais da unidade de convivencia non sexan superiores ao 75 % do IPREM, para un membro, incrementándose segundo os seguintes tramos:*
 - *1º convivente adicional: o 14 % do importe mensual do IPREM.*
 - *2º convivente adicional: o 12 % do importe mensual do IPREM.*
 - *3º e sucesivos ou sucesivas conviventes adicionais: o 10 % do importe mensual do IPREM.*

O valor catastral da vivenda non poderá superar o 60.000 €.

A persoa solicitante debe de estar obrigada ao pago da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e de residuos urbanos.

Para o cálculo dos recursos económicos mensuais aplicaranse as seguintes regras:

1- Enténdese por unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao. Con todo, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ó seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

2- Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM): aplicarase o que estea en vigor no momento de presentar a solicitude.

3 - Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

4 - Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade de convivencia que será o resultado da agregación das rendas, segundo a declaración de IRPF, de cada un dos membros da unidade familiar. O ingreso anual per capita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.



5 - Nos casos de persoas que non estean obrigadas a presentar declaración da renda, tomaranse como ingresos os rendementos íntegros do certificado de imputacións do IRPF, emitido pola Axencia Tributaria.

6 - Nos casos en que a capacidade económica da unidade de convivencia experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, as persoas interesadas terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos últimos 6 meses a contar dende o mes anterior á presentación de solicitude.

Para a valoración da condición de familias con escasos recursos a persoa solicitante e todos os membros da unidade de convivencia deberán de achegar a seguinte documentación en caso de que a mesma non obre en poder do Concello de Lalín ou a mesma non estea actualizada:

1.- Documentación relativa á persoa solicitante e/ou aos membros da unidade de convivencia:

- Fotocopia do DNI do/a solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros:*

- Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Etranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión*

- Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.*

- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade de convivencia.*

2.- Documentación relativa á situación económica e laboral da unidade familiar referida ao período correspondente coa declaración de IRPF do último exercicio cuxo prazo para a presentación en período voluntario terminase:

- Declaración do IRPF, no suposto de facela, correspondentes de cada un dos membros da unidade de convivencia (poderá ser solicitada polo Concello de Lalín, previa autorización da/s persoa/s interesada/s)*

- No caso de que non consten datos no certificado de imputacións do IRPF poderá esixirse achegar calquera outra documentación requirida por técnicos/as municipais para poder tramitar e valorar a concesión da aplicación da tarifa reducida: certificado de retencións e ingresos a conta do IRPF, copia de nóminas, certificado de pensións de Seguridade Social, certificado de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal, vida laboral.....*

No suposto de que exista a imposibilidade xustificada de documentar determinadas situacións económicas, estas deberán acreditarse mediante declaración xurada dos/as interesados/as.



3.- Documentación relativa á vivenda:

a) *Título de propiedade ou de uso da vivenda, no seu caso.*

b) *Copia de contrato/s de arrendamento en vigor, no seu caso.*

Procedemento de valoración das familias con escasos recursos:

Á vista da solicitude presentada e documentación achegada o persoal dos servizos sociais comunitarios do Concello de Lalín procederá á valoración da mesma emitindo un informe no que se avalíe se procede ou non o recoñecemento da condición da familia como escasos recursos a efectos da aplicación reducida da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e de residuos urbanos.

O expediente será resolto polo órgano competente e unha vez aprobado será remitido ao organismo de recadación para a súa toma en consideración.

A aplicación da tarifa prevista surtirá efectos no trimestre seguinte á presentación da solicitude. Por tanto, para a aplicación da tarifa no primeiro trimestre de cada ano natural a solicitude deberá de presentarse ao longo do último trimestre do ano inmediatamente anterior.”

Artigo 6º.- . Devengo obriga de contribuír.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa ou, no seu caso, na data na que se realice o feito imponible.

Artigo 7. Declaracións de alta ou baixa.

1. As altas de vivendas no padrón da Taxa de lixo produciranse de oficio ou a partir das declaracións dos propietarios ou usufrutuarios de vivendas a que están obrigados a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, de conformidade co artigo 77 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas locais.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

No caso de adquisición de vivendas ou constitución de dereito de usufructo sobre a mesma, o novo propietario ou titular do dereito de usufructo, deberá presentar a correspondente declaración no ORAL; as modificacións derivadas de cambio de titularidade de vivendas ou constitución ou transmisión do dereito de usufructo surtirán efectos para o período seguinte a aquel en que se produza a transmisión ou constitución do dereito de usufructo.

2. En relación a establecementos comerciais, industriais, profesionais, de artistas ou doutros usos, os titulares das actividades deberán formular declaración de alta cando inicien a súa realización, sen prexuízo de que se entenda como declaración de alta nesta taxa a correspondente declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, tendo efecto dende a data declarada de comezo de actividade.

Os titulares de actividades deberán formular, nas oficinas do ORAL, declaración de baixa no servizo cando cesen naquelas e surtirán efecto no trimestre seguinte á presentación da mesma.

3.- Cando se coñeza xa de oficio ou por comunicación os interesados calquera variación dos datos que figuran na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que produciran efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data na que se teña efectuada a declaración.

Artigo 8. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Publicación no Boletín Oficial da Provincia o 17 de decembro de 2013

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 9. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ANSILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da Taxa e outros análogos como guindastres para a construción.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.



Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11. Normas de xestión

1. O tributo esixirase en réxime de autoliquidación. No caso de que o aproveitamento se manteña no tempo de forma indefinida , mentras non se comunique o remate do aproveitamento xestionarase ise tributo mediante Padrón periódico con sistema de cobro por recibos . Corresponderá á Concellería de Facenda aprobar os modelos e procedementos de autoliquidación a proposta da Tesourería municipal.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar una solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento , a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo .
3. No caso de denegarse as autorización , os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo .
4. No caso de xestión mediante Padrón periódico , unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

Cando remate o aproveitamento , os suxeitos pasivos formularán as declaración de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no periodo natural seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ANEXO

Primeiro. Tarifa.

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1. Ocupación da vía pública con refugallos, terras, areas, materiais de construción, leña e calquera outros materiais, por metro cadrado e día, en rúas de categoría:

1ª Categoría 2ª Categoría 3ª Categoría

3,40€ 3,09€ 2,77 €

2. Ocupación da vía pública con valados , andamios e calquera outra instalación , por metro cadrado ou fracción e mes , en rúas de categoría:



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

1º CATEGORÍA	3,40 €
2º CATEGORÍA	3.09 €
3º CATEGORÍA	2,77 €

Se consideran instalacións a efectos desta Ordenanza sen ánimo de exhaustividade:

- Instalación de contenedores para depósito de escombros..
- Instalación de contenedores para depósito de materiais usados (roupa, calzado, aceite doméstico, pilas etc.)
- Instalación de plataformas elevadoras , montacargas, hormigoneras, compresores e maquinaria de construción en xeral.
- Instalación de vehículos de mudanza.

3. Ocupación da vía pública con puntais, asnillas e outros elementos de apeo, por cada elemento e mes, en rúas de categoría:

1ª Categoría 2ª Categoría 3ª Categoría
3,40€ 3,09€ 2,77 €

Cando algún elemento determinante dos aproveitamentos a que se refiren as tarifas 1 e 3 estivera depositado ou instalado no interior do espazo delimitado por valados, non dará lugar á liquidación por tales tarifas senón que estará comprendido nas cotas correspondentes pola tarifa 2 no concepto específico de valados.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 30 de outubro de 2020 publicada no BOP do 28 de decembro de 2020.



ORDENANZA FISCAL Nº 10. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS.

Artigo 1.º Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo Artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os Artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos Artigos 15 a 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa de rede de sumidoiros, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.º Feito imponible.

1. Constitúe o Feito imponible da Taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do rede de sumidoiros.

Artigo 3.º Suxeito pasivo.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do Artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, en quén poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4.º Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os Artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o Artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º Cota tributaria.

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6.º Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa, que non ven establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 7.º Percepción.



1. Percíbes a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que teña obtido ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e se devengará a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 8.º Liquidación.

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo.

2. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.).

Artigo 9. Ingreso.



1. As cotas desta Taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.
2. Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixirase nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.
3. Cando a Taxa se exaccione por padrón esixirase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Comisión de Goberno e o ingreso farase efectivo no prazo previsto no Artigo 20 do R.G.R. para os valores recibo
4. Os ingresos efectuaranse na Depositaría municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.

Artigo 10. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto no Artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

4) DISPOSICIÓN ADICIONAL.

PRIMEIRA. Declaración de alta.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo ratearse, no seu caso, por meses.

SEGUNDA. Declaración de baixa.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, ratearse por meses.



NORMAS ESPECIFICAS DE XESTIÓN

A inclusión inicial no censo de suxeitos pasivos da taxa farase de oficio despois de concedida a licenza de conexión á rede.

As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga, correspondendo a súa xestión ó Concello ou a quen se encomendase a súa concesión.

5) DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Primeiro. Tarifas

A estrutura e contía da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros ven determinada por dous conceptos distintos, por unha banda unha cota fixa, en función do destino do inmovible, e por outra, unha cota variable en función dos metros cúbicos de auga consumida, resultando así a estrutura seguinte:



A).- En función do destino do inmovible:

-Por vivenda 7,78 € ó trimestre

-Por establecementos comerciais dedicados a cafés, bares,

fondas, hoteis e semellantes:

-Ata 50 m2 17,01 € ó trimestre.

-Entre 50 e 100 m2 33,99 € ó trimestre.

-Más de 100 m248,54 € ó trimestre.

-Demais establecementos comerciais e industriais:

-Ata 100 m2 7,78 € ó trimestre.

-De máis de 100 m2 12,14 € ó trimestre.

-Baixos sen actividade comercial 7,78 € ó trimestre.

-Talleres de lavado e engraxe 24,29 € ó trimestre.

B).- En función dos metros cúbicos de auga consumidos:

-Por metro cúbico de auga para usos domésticos 0,189 € / m³

-Por metro cúbico de auga para usos non domésticos 0,290 € /m³

C).- Por alta no servizo 95,26 €



D).- Abonados sen contador ou con contador avariado:

- Baixos sen actividade comercial **9,51 € ó trimestre.**
- Usos domésticos **14,29 € ó trimestre.**
- Usos non domésticos **19,05 € ó trimestre.**

E).- Abonados con consumos en abastecemento de precedencia total ou parcial distinta á rede municipal:

Aquelas actividades económicas ou industriais que no seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusiva ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para a medida do caudal vertido á rede, dos que a súa medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais. De mutuo acordo entre empresa e Servizo municipal de Augas, poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

A)-En función do inmovible:

- Hasta 100 m2 **7,78 €uros/trimestre**
- Más de 100 m2 **12,14 €uros/trimestre**

B) En función dos m3 de auga vertidos:

- Por cada m3 de auga vertido (medido ou aforado) **0,290 €uros/m3**

Segundo. Entrada en vigor

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 22 de decembro de 2014

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP o día 23 de decembro de 2015.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2016 e publicada no BOP o día 28 de decembro de 2016.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 6 de novembro de 2017 e publicada no BOP o día 29 de decembro de 2017.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 2 de novembro de 2018 e publicada no BOP o día 28 de decembro de 2018.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 25 de outubro de 2019 publicada no BOP do 23 de decembro de 2019.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 30 de outubro de 2020 publicada no BOP do 28 de decembro de 2020.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 11. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR
OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS,
TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE
LUCRATIVA

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.

MODIFICACIÓNS:

Modificación que entrou en vigo o día 1 de xaneiro de 2012

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP o día 23 de decembro de 2015

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 30 de outubro de 2020 e publicada no BOP o día 28 de decembro de 2020.

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de abril de 2021 e publicada no BOP o día 9 de xullo do 2021: expte 1839/2021.



ORDENANZA FISCAL Nº 12. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.

- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

- Cando se trate de servizos ou aproveitamentos puntuais así como no caso de alta no aproveitamento, o tributo esixirase en réxime de autoliquidación e esixirase a taxa en calidade de depósito previo , en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

- Nos supostos de instalacións de atraccións e postos nas festas patronais, dado o carácter específico desta ocupación, estarase ó disposto nas bases que rexirán o concurso público para a autorización de tales instalacións.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas autoliquidacións , na forma e nas entidades financeiras que se indiquen nos modelos de autoliquidacións . Corresponderá á Concellería de Facenda aprobar os modelos e procedementos de autoliquidación a proposta da Tesourería municipal.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón , nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.
- Nos supostos de instalación de atraccións e postos nas festas patronais dado o carácter específico desta ocupación estarase ó disposto nas bases que rexirán o concurso público para a autorización de tales instalación.
- O impago da taxa por venda ambulante correspondente ó exercicio en cuestión , levará aparellada a revogación con efectos do 31 de decembro do citado ano ou , no seu caso, da autorización administrativa do aproveitamento sometido a gravame e non se concederá unha nova autorización a aqueles que non se atopen ó corrente no pago desta taxa . A estes efectos , entenderase producido o impago da taxa se



dentro dos prazos legalmente establecidos se producirá a devolución da domiciliación por causas imputables ó interesado.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar una solicitude achegándolle o plano , o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.
2. No caso de denegarse as autorización , os interesados poderán solicitala devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo , no seu caso.
3. No caso de aproveitamentos ou servizos con devengo periódico da taxa , una vez autorizado o aproveitamento ou concedida a licenza , entenderase a prórroga mentras non presente a declaración de baixa o interesado .Cando remate o aproveitamento , os suxeitos pasivos formularán a declaración de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no periodo natural seguinte o de presentación da mesma. A non presentación da declaración de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ANEXO

Primeiro. Tarifa

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:



-POSTOS NA PRAZA DE ABASTOS:

-Postos fixos:

-Postos pechados, ó mes 42,69 €.

-Postos abertos, ó mes 8,60 €.

-Postos eventuais:

-Postos pechados, ó día 6,05 €.

-Postos abertos, ó día 1,72 €.

-Cámaras ou almacéns:

-Importe mensual 300,98 €.

-Importe diario 12,11 €.

-Local da parte nova da Praza de Abastos

Importe mensual 1.388,34 €.

-RESTANTES POSTOS FÓRA DAS INSTALACIÓNS DA PRAZA DE ABASTOS:

- Pola ocupación ata 5 m² e día, tarifa mínima 8,20 €

- Pola ocupación de 5 a 8 m², por m² e día 3,40 €

-Pola ocupación de máis de 8/m², por m² e día 5,44 €

-POSTOS FÓRA DAS INSTALACIÓNS DA PRAZA DE ABASTOS, NOS LUGARES HABILITADOS PARA AS FEIRAS:



-Por cada feira 1,30 €/metro.

-FESTAS PATRONAIS DE LALÍN E FEIRA DO COCIDO:

Dado o carácter específico e consuetudinario das festas patronais e da Feira do Cocido e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse os seguintes criterios e parámetros:

Atendendo ó tipo de atracción ou posto e metro cadrado da ocupación establécense as seguintes tarifas:

-Postos de venta, por metro cadrado ou fracción	10,26 €
-Atraccións de azar, por metro cadrado ou fracción	6,84 €
-Carruseis, por metro cadrado ou fracción	8.55 €
-Atraccións de habilidade, por metro cadrado ou fracción	10,26 €
-Postos de degustación, bares, churrerías, similares, por m2 ou fracción.	17,10 €

Excepcionalmente, poderán determinarse unhas dimensións fixas á parcela obxecto de ocupación (posto) con independencia de cal sexa a ocupación real. Neste caso a determinación da tarifa será o resultado da aplicación do cadro anterior coa posibilidade dun incremento ou dunha diminución de ata un 20% da tarifa así calculada.

Dentro dos distintos tipos de atracción, poderán contemplarse ata tres categorías e, atendendo a estas, á tarifa contemplada no cadro e parágrafo anteriores poderá aplicárselle un coeficiente de incremento de ata o 100 por cento ou unha diminución de ata o 50 por cento.

Así mesmo, poderán contemplarse ata tres categorías de situación en función da afluencia de público, situación, etc. e atendendo a esta, á tarifa calculada no parágrafo anterior poderá aplicárselle unha redución do 50 por cento ata un aumento do 100 por cento.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022

Atendendo á forma de adxudicación elixida (poxa, concurso ou adxudicación directa) , poderá, así mesmo, aplicarse un incremento ou unha diminución das tarifas resultantes pola aplicación dos anteriores criterios de ata un 20 por cento.

Con ocasión da aprobación do proxecto de feira, o órgano competente confeccionará a aprobará o cadro de tarifas resultante da aplicación destes criterios e que servirá de base para a determinación do canon de ocupación.

Nos procedementos de licitación pública, este canon de ocupación terá o carácter de prezo de saída e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a adxudicación.

Segundo. Entrada en vigor

A presente modificación desta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2016 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 22 de decembro de 2014

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 21 de decembro de 2015 e publicada na BOP o día 23 de decembro de 2015

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada na BOP o día 28 de decembro de 2020.



ORDENANZAS FISCAIS , DE PREZOS PÚBLICOS E PRESTACIÓNS
PATRIMONIAIS NON TRIBUTARIAS 2022



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 13. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO VOO DE TODA CLASE DE VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS CON ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS PECHADOS, TERRAZAS, MIRADOIROS, BALCÓNS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PARAVENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS SEMELLANTES VOLADIZAS SOBRE A VÍA PÚBLICA OU QUE SOBRESAIAN DA LIÑA DA FACHADA

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.

MODIFICACIÓNS

A presente modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada no BOP o día 28 de outubro de 2020.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 14. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servizos ou aproveitamentos puntuais así como no caso de alta no aproveitamento , o tributo esixirase en réxime de autoliquidación e esixirase a taxa en calidade de depósito previo , en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas autoliquidacións , na forma e nas entidades financeiras que se indiquen nos modelos de autoliquidacións . Corresponderá á Concellería de Facenda aprobar os modelos e procedementos de autoliquidación a proposta da Tesourería municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento deberá aboarse a taxa en calidade de depósito previo.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón , nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar una solicitude achegándolle o plano , o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.
2. No caso de denegarse as autorización , os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo .



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

3. No caso de aproveitamentos ou servizos con devengo periódico da taxa , una vez autorizado o aproveitamento ou concedida a licenza , entenderase a prórroga mentras non presente a declaración de baixa o interesado .Cando remate o aproveitamento , os suxeitos pasivos formularán as declaración de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no periodo natural seguinte o de presentación da mesma. A non presentación da declaración de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

Primeiro. Tarifa

A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

- Por ocupación directa do solo, o 12 por 100 do valor por m² fixada para cada categoría de rúas.
- Por ocupación do subsolo, o 4 por 100 do valor por m² fixado para cada categoría de rúas.

Por instalación por m ² , rúas de 1ª categoría	63,11 €
Por instalación por m ² , rúas de 2ª categoría	54,09 €
Por instalación por m ² , rúas de 3ª categoría	46,08 €
Por instalación por m ² , rúas de 4ª categoría	39,07 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Por instalación por m², rúas de 5ª categoría 36,06 €

- Por instalación de raís, por metro lineal 0,03 €

- Por instalación de tuberías, por metro lineal 0,03 €

- Por instalación de cables, por metro lineal 0,03 €

Segundo.Outras normas especiais de xestión

Cando se trate de taxas pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, no subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da vecindade, a contía da taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, consistirá, sen excepción algunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes de facturación que obteñen anualmente neste término municipal ditas empresas. Ditas taxas son compatibles con outras que se poidan establecer pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas debas ser suxeitos pasivos consote ó establecido no artigo 23 da Lei 39/88, do 28 de decembro.

Terceiro. Data de aprobación.

A presente ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 14 de outubro de 1998, sen que contra este acordo se presentaran reclamacións. A súa entrada en vigor terá lugar o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada na BOP o día 28 de decembro de 2020



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 15. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS
DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA
APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE
MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado Real Decreto Lexislativoa, o Concello de Lalín acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

Artigo 2º. Feito imponible

1.- Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beirarrúas e terreos de uso público, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, ou para carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

2.- Nos supostos de entrada de vehículos ou carruaxes, o feito imponible realízase aínda nos casos en que non sexa precisa a reserva de vía pública por estar o acceso situado en zona de aparcamento prohibido.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

- Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4º. Responsables

- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Devindicación

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos aproveitamentos temporais ou por períodos inferiores ó ano, cando se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, se entende que coincide co da concesión da autorización, e o período impositivo comprenderá o tempo autorizado.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

- Nos servicios de retribución periódica, a taxa devíndase o primeiro día do período impositivo que comprenderá o ano natural, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, en cuxo caso devíndase no momento de iniciarse o uso ou aproveitamento e nos de cese do mesmo, casos ambos no que o período impositivo se axustará a esta circunstancia rateándose, no seu caso, a cota por trimestres naturais.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servizos ou aproveitamentos puntuais así como no caso de alta no aproveitamento , o tributo esixirase en réxime de autoliquidación e en calidade de depósito previo , en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas autoliquidacións , na forma e na caixa da Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se indiquen nos modelos de autoliquidacións . Corresponderá á Concellería de Facenda aprobar os modelos e procedementos de autoliquidación a proposta da Tesourería municipal.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón , nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar una solicitude achegándolle o plano , o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal, indicando no seu caso, o número de prazas de garaxe no suposto de aparcamento colectivo.
2. Concedida a autorización ou licenza , o interesado ingresará a cota correspondente á entrega de placa de vado identificativa . Efectuado este pago , o interesado ou persoa autorizada polo mesmo , retirará das dependencias municipais , previa presentación da carta de pago , a placa numerada segundo o modelo homologado polo Concello , para a súa colocación no lugar autorizado.
3. Nos supostos de aproveitamentos especiais continuados , o suxeito pasivo ingresará a cota proporcional ó ano da alta. A estes efectos autoliquidarase a taxa rateando a cuota anual por trimestres naturais.
4. Nos aproveitamentos de retribución periódica , tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados o día 1 de xaneiro de cada ano , a taxa xestionarase mediante padrón que , una vez aprobado polo órgano competente , exporase ó público e publicaranse os anuncios de exposición conforme á normativa vixente. As altas producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do periodo impositivo seguinte a aquel no que se efectúen.
5. No caso de denegarse as autorización , os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo . En ningún caso o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello as distintas ocupación ou reservas. Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
6. No caso de aproveitamentos ou servizos con devengo periódico da taxa , unha vez autorizado o aproveitamento ou concedida a licenza , entenderase a prórroga mentres non presente a declaración de baixa o interesado .Cando remate o aproveitamento , os suxeitos pasivos formularán as declaración de



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no periodo natural seguinte o de presentación da mesma. A non presentación da declaración de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa. A baixa no padrón de contribuintes esixe como requisito ineludible a devolución ó Concello da placa de vado numerada.

ANEXO

Primeiro. Tarifa.

1.-A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

A).-Por entradas de vehículos ou carruaxes con licenza de vado, en garaxes de uso particular ou en garaxes a aparcadoiros de establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo e gratuíto do seu persoal e/ou clientes ó ano, segundo as categorías de rúas establecidas na Ordenanza Xeral reguladora da clasificación por categorías das Rúas:

1. En rúas de primeira categoría:

1 A 3 PLAZAS	63,57
4 A 10 PLAZAS	127,15
11 A 20 PLAZAS	254,3
21 a 30 PLAZAS	423,82
31 A 40 PLAZAS	593,36
MAIS DE 40 PLAZAS	762,89

- 2- En rúas de 2ª categoría

1 A 3 PLAZAS	54,04
4 A 10 PLAZAS	104,91
11 A 20 PLAZAS	212,98
21 a 30 PLAZAS	354,97



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

31 A 40 PLAZAS	496,95
MAIS DE 40 PLAZAS	638,94

3.- En rúas de 3ª categoría

1 A 3 PLAZAS	44,51
4 A 10 PLAZAS	89
11 A 20 PLAZAS	178
21 a 30 PLAZAS	296,68
31 A 40 PLAZAS	415,35
MAIS DE 40 PLAZAS	534,02

- 1 B).- Por entradas con licenza de vado, en talleres de lavado e engrase, de reparacións, e almacéns, ó ano 170,23 €.

C) Por entrega de placa de vado identificativa 6,81 €

D).- Reservas permanentes para autotaxis, por cada vehículo, ó ano 20,42 €.

2.- Para a determinación do número de prazas, tomarase como tal o que sexa maior dos seguintes:

- a) O número de prazas en que se encontre efectivamente dividido o local.
- b) O resultado de dividir entre 20 a superficie total, en metros cadrados, do mesmo, incluído rampas, zonas comúns, etc. No caso de ser descuberto, dividirase entre 30.

3.- Os parques e prazas públicos asimilaranse, aos efectos desta taxa, as rúas da categoría máis alta daquelas que os circundan. Cando a entrada se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase a tarifa correspondente á de categoría máis alta. No caso de garaxes con



Ordenanzas Fiscales , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

dúas ou mais entradas situadas en rúas de distinta categoría, aplicarase o coeficiente correspondente á de categoría máis alta.

4.-No caso de entradas de vehículos ou carruaxes que sirvan de acceso a dous ou máis garaxes, os suxeitos pasivos satisfarán cotas individualizadas por cada garaxe.

5.- No caso de garaxes con máis de un uso, que dean lugar á suxeición a tarifas distintas, aplicaráselle a tarifa máis alta.

Segundo. Data de aprobación e entrada en vigor.

A presente modificación desta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será aplicable a partir do 1 de xaneiro do 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Modificación aprobada no ano 2011 que entrou en vigor a partir do 1 de xaneiro do 2012.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín o día 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP o día 23 de decembro de 2015

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada na BOP o día 28 de decembro de 2020.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 16. ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE CICLOMOTORES, VEHÍCULOS CON CILINDRADA IGUAL OU INFERIOR A 50 CC., E DA TAXA POLA EXPEDICIÓN E ENTREGA DE PLACA IDENTIFICATIVA.

ARTIGO 1º .- CONTIDO

1- A presente Ordenanza ten como obxecto regular e ordena-la inscrición e rexistro dos ciclomotores e demais vehículos con cilindrada igual ou inferior a 50 cc., propiedade de residentes neste termo municipal.

2- Así mesmo , no uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo art.106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa pola expedición e entrega establece e regula na presente Ordenanza as taxas pola entrega da placa identificativa dos ciclomotores e polo rexistro da transferencia dos mesmos.

ARTIGO 2º .- OBRIGATORIEDADE DO REXISTRO.

1- Todo propietario dun ciclomotor ou vehículo con cilindrada igual ou inferior a 50 c.c. ten a obriga de inscribilo no Concello no prazo de dez días hábiles dende a súa adquisición, e sempre con anterioridade ó seu uso.

2- A inscrición farase mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde, acompañada dos seguintes documentos :

- a) Fotocopia do DNI e certificado de empadramento
- b) Documento no que consten as características de fabricación do vehículo, marca, modelo, número de bastidor e cilindrada.
- c) Factura de compra ou declaración xurada sobre a adquisición do ciclomotor por calquera das formas recoñecidas en dereito.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

- d) Xustificante de ter ingresado a taxa que se regula no artigo 7º.
- e) Acreditación de ter contratado e en vigor o seguro obrigatorio.
- f) Xustificante de abono do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

3.- Unha vez cumprimentada a anterior documentación, entregarase ó solicitante :

- a) A tarxeta de inscrición no rexistro municipal
- b) A placa de matrícula, que haberá de colocarse na parte posterior do vehículo

ARTIGO 3º .- OBRIGAS DO CONDUCTOR

1.-O conductor do ciclomotor queda obrigado a estar en posesión e levar consigo a seguinte documentación:

- a) Licencia válida para a conducción.
- b) Tarxeta de inscrición no Rexistro Municipal.
- c) Documento acreditativo de estar en posesión e ter en vigor o seguro obrigatorio de responsabilidade civil derivado do uso e circulación de vehículos a motor.
- d) Certificado de características do vehículo ou documento que o substitúa.

2.- A documentación expresada na apartado 1 deste artigo deberá ser exhibida ós axentes da Policía Local cando estes a soliciten.

ARTIGO 4º.- TRANSFERENCIAS DO CICLOMOTOR.

1.- O titular dun ciclomotor inscrito no Rexistro Municipal que queira transferilo deberá facer constar no reverso da tarxeta de inscrición a palabra " transferido", consignando a



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

continuación o nome, apelidos e domicilio do adquirente, data de transmisión e a súa sinatura recoñecida. Ademais estará obrigado a notifica-la transferencia ó Concello no prazo de dez días hábiles, facendo constar os datos do adquirente e a data de transmisión.

2.- O transferinte que incumprise as obrigas sinaladas no apartado anterior seguirá sendo considerado a efectos do Rexistro como titular do vehículo ata que este non se inscriba o nome doutra persoa.

3.-A persoa que adquira o ciclomotor deberá solicitar no Concello a inscrición do mesmo, o seu nome e a consecuente renovación da tarxeta de inscrición no Rexistro Municipal de Ciclomotores, facendo constar tódolos datos esixidos para a primeira inscrición e xustificando o pago da taxa regulada no artigo 7º.

ARTIGO 5º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.-De conformidade co establecido na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (Real Decreto Legislativo 339/90 de 2 de Marzo) e tratando de especificar as súas disposicións, segundo o disposto no art. 129 de Lei 30/92, constitúen infracción a esta Ordenanza os seguintes feitos:

- Non ter procedido á inscrición do ciclomotor no Rexistro Municipal de Ciclomotores no prazo establecido no art. 2 desta Ordenanza.
- Conducir o ciclomotor ou vehículo sen estar en posesión e levar consigo a documentación esixida nos apartados a), b), c) e d) do artigo 3º desta Ordenanza
- Non levar colocada a placa de matrícula no ciclomotor.
- Non cumprir as obrigas establecidas nesta Ordenanza para os casos de transferencia do ciclomotor.

2.-As infraccións definidas no apartado anterior sancionaranse con multa de ata 60,01€, e levarán consigo a inmovilización do vehículo e o seu traslado ó depósito municipal correndo a cargo dos seus titulares o abono dos gastos que se orixinen.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacións Patrimoniais non Tributarias 2022

3.-O procedemento sancionador adecuarase o establecido nos artigos 134 a 138 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Regulamento de Procedemento Sancionador (R.D. 1398/93 de 3 de agosto) e no Regulamento de Procedemento Sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial (R.D. 320/94 de 25 de Febreiro).

ARTIGO 6º.- NORMAS SUPLETORIAS.

No previsto na presente Ordenanza aplicarase o establecido no Texto articulado da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e Seguridade vial, no Regulamento Xeral de Circulación (R.D. 13/92 do 17 de Xaneiro), no regulamento xeral de conductores (R.D. 772/97, do 20 de maio, e nas demais normas sobre a circulación de vehículos.

ARTIGO 7º.- FEITO IMPOÑIBLE

Na presente Ordenanza créanse os seguintes feitos impositivos:

- a) A adquisición obrigatoria da placa co nº de identificación do ciclomotor e a inscrición do mesmo no Rexistro Municipal de ciclomotores.
- b) O rexistro da transferencia da titularidade dos ciclomotores.

ARTIGO 8º .- SUXEITOS PASIVOS.

1.-Na taxa pola adquisición obrigatoria da placa identificativa o suxeito pasivo é a persoa física ou xurídica titular do ciclomotor.

2.-Na taxa por inscrición da transferencia do ciclomotor o suxeito pasivo é o adquirente do mesmo.

ARTIGO 9º.- TARIFAS



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

A taxa esixirase de acordo coas seguintes cotas tributarias:

-Adquisición obrigatoria da placa identificativa.....15,03 €.

-Inscripción da transferencia.....3,01 €.

ARTIGO 10 º.- RECADACIÓN

As taxas faranse efectivas nas Dependencias Municipais como requisito previo para adquirir a placa identificativa e realiza-la inscrición do ciclomotor, así como para rexistra-la transferencia do mesmo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Aqueles ciclomotores ou vehículos con cilindrada igual ou inferior ós 50 cc. adquiridos con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Ciclomotores no prazo de tres meses, e cumprir-los demais requisitos establecidos nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 17. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE
CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS

Capítulo I

Feito Impoñible

Artigo 1º

1- O feito impoñible das Contribucións especiais estará constituído pola obtención, polo suxeito pasivo, dun beneficio ou dun aumento do valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación dos servizos públicos. de carácter municipal, por este Concello.

2- As contribucións especiais basearanse na mera realización das obras ou no establecemento ou ampliación dos servizos a que se refire o apartado anterior e a súa exacción será independente do feito de que polos suxeitos pasivos sexan utilizadas, unhas ou outros.

Artigo 2º

1- Ós efectos do disposto no artigo precedente, terán a consideración de obras e servizos municipais os seguintes:

- a) Os que dentro do ámbito da súa competencia realice ou estableza o Municipio, para atender ós fins que lle estén atribuídos. Exclúense as obras realizadas polo mesmo, a título de propietario dos seus bens patrimoniais.
- b) Os que realice ou estableza o Municipio por haberlles sido atribuídos ou delegados por outras Entidades Públicas, así coma aqueles dos que a súa titularidade, consonte a Lei, tiveran asumido.
- c) Os que se realicen ou establezan por outras Entidades Públicas ou polos concesionarios destas, con contribucións económicas deste Concello.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

1- As obras e servizos a que se refire a letra a) do apartado anterior, conservarán o seu carácter de municipais aínda cando fosen realizados ou establecidos por :

a) Organismos Autónomos municipais ou Sociedades Mercantís dos que o capital social fose este único titular.

b) Concesionarios con achegas deste Concello

c) Asociacións de contribuíntes

3- As contribucións especiais municipais son tributos de carácter finalista e o produto da súa recadación destinarase, integramente, a sufragar os gastos da obra ou do establecemento ou aplicación do servizo pola razón do cal se estableceran ou esixiran.

Artigo 3º

O municipio poderá, potestativamente, acordar a imposición e ordenación de Contribucións especiais sempre que se den as circunstancias conformadoras do feito impositivo establecidas no artigo 1º da presente Ordenanza Xeral, nos seguintes supostos:

a) Pola apertura de rúas e prazas e a primeira pavimentación da calzada.

b) Pola primeira instalación, renovación ou substitución de redes de distribución de auga, sumidoiros ou desaugadoiros de augas residuais.

c) Polo establecemento ou substitución do alumeadado público e pola instalación de redes de distribución de enerxía eléctrica.

d) Polo ensanchamento e novas aliñacións das calles e prazas xa abertas e pavimentadas, así coma a modificación das rasantes.

e) Pola substitución de calzadas, beirarrúas, absorbedeiros e bocas de rego nas vías públicas urbanas.

2- f) Polo establecemento e ampliación do servizo de extinción de incendios.

g) Pola construción de embalses, canais e outras obras para a irrigación de fincas

h) Pola realización de obras de captación, embalse, depósito, conducción e depuración de augas para o abastecemento.

i) Pola construción de estacións depuradoras de augas residuais e colectores xerais.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

j) Pola plantación de árbores en rúas e prazas, así como pola construción e ampliación de parques, xardíns que sexan de interese para un determinado barrio, zoa ou sector.

k) Polo desmonte, terraplenado e construción de muros de contención.

l) Pola realización de obras de desecación e saneamento e de defensa de terreos contra avenidas e inundacións, así como a regulación e desviación de cursos de auga.

m) Pola construción de galerías subterráneas para o aloxamento de redes e tuberías de distribución de auga, gas e electricidade, así como para que sexan utilizadas por redes de servizos de comunicación e información.

n) Pola realización ou establecemento ou ampliación de calesquera outras obras ou servizos municipais.

Capítulo II

Exencións e Bonificacións

Artigo 4º

1- Non se recoñecerán, en materia de Contribucións especiais, outros beneficios fiscais que os que veñan establecidos por disposicións con rango de Lei ou por Tratados ou Convenios Internacionais.

2- Que nos casos a que se refire o apartado anterior se consideraran con dereito a un beneficio fiscal, farano constar así ante o Concello, con expresa mención do precepto en que se considere amparado o seu dereito.

3- Cando se recoñezan beneficios fiscais, nas Contribucións Especiais, as cotas poderán corresponder ós beneficiarios, ou no seu caso, o importe das bonificacións, non poderán ser obxecto de distribución entres os demais suxeitos pasivos.

Capítulo III

Suxeitos Pasivos



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 5º

1- Terán a consideración de suxeitos pasivos das Contribucións Especiais, as persoas físicas e xurídicas así como as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, especialmente beneficiadas pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos municipais que orixinen a obriga de contribuír.

2- Ós efectos do disposto no apartado anterior, consideraranse persoas especialmente beneficiadas:

a) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos que afecten a bens inmoables, os propietarios dos mesmos.

b) Nas Contribucións Especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou Entidades titulares destas.

c) Nas Contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios dos bens afectados, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo, no termo deste Municipio.

d) Nas contribucións especiais por construción de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deban utilizalas.

Artigo 6º

1- Sen prexuízo, no seu caso, do disposto no apartado 3 do artigo 11 da presente Ordenanza Xeral, as Contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro da Propiedade, como donas e posuidoras dos bens inmoables, ou no Rexistro Mercantil ou na matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, como titulares das explotacións ou negocios afectados polas obras ou servizos na data de terminación daquelas ou na de comezo da prestación destes.

2- Nos casos de réxime de propiedade horizontal a representación da Comunidade de Propietarios facilitará á Administración municipal o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación no inmoable, a fin de proceder o xiro das cotas individuais. De non facerse así entenderase aceptado o que se xire unha única cota, e da súa distribución ocuparase a propia Comunidade.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 7º

1- A base imponible das Contribucións especiais está constituída, como máximo, polo 90 por cen do custo que o Municipio soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.

2- O referido custo estará integrado polos seguintes conceptos:

- a) O custo real dos traballos periciais, de redacción de proxectos e de dirección de obras, planes e programas técnicos.
- b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación dos servizos.
- b) O valor dos terreos que tiveran que ocupar permanentemente as obras ou servizos, salvo que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente ó Municipio, ou no de inmobles cedidos nos termos establecidos no artigo 77 da Lei do Patrimonio do Estado.
- d) As indemnizacións procedentes polo derribo de construcións, destrución de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deban aboarse ós arrendatarios dos bens que sexan derruídos ou ocupados.
- e) O interese do capital invertido nas obras ou servizos cando o Municipio teña que apelar ó crédito para financiar a porción non cuberta por Contribucións especiais o a cuberta por estas en caso de fraccionamento xeral das mesmas.

3- O custo total presupostado das obras ou servizos terá carácter de mera previsión. Se o custo real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel a efectos de cálculo das cotas correspondentes.

4- Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o artigo 2º 1c) da presente Ordenanza, ou das realizadas por concesionarios con contribucións do Municipio a que se refire o apartado 2.b), do mesmo artigo, a base imponible das Contribucións especiais determinarase en función do importe destas contribucións, sen prexuízo das que poidan impoñer outras Administracións Públicas por razón da mesma obra ou servizo. En todo caso respectarase o limite do 90 por cen a que se refire o apartado primeiro deste artigo.

5- Ós efectos de determinar a base imponible, entenderase por custo soportado polo Municipio a contía resultante de restar, á cifra do custo total, o importe das subvencións ou auxilios que o Concello obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou Entidade pública ou



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

privada. Exceptúase o caso no que a persoa ou Entidade aportante da subvención ou auxilio teña a condición de suxeito pasivo, neste caso procederase de conformidade co indicado no apartado segundo do artigo 9º da presente Ordenanza Xeral.

Artigo 8º

A corporación determinará, no acordo de ordenación respectivo, o porcentaxe do custo da obra ou servizo soportado polo Concello que constitúa, en cada caso concreto, a base imponible da Contribución especial de que se trate, sempre co límite do 90 por cen a que se refire o artigo anterior.

Capítulo V

Cota Tributaria

Artigo 9º

1.-A base imponible das Contribucións especiais, repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, con suxeición ás seguintes regras:

a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais da fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

b) Se se trata do establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios, poderán ser distribuídas entre as Entidades ou Sociedades que cubran o risco por bens sitos neste Municipio, proporcionalmente ó importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior Si a cota esixible a cada suxeito pasivo fora superior o 5 por cen do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

c) No caso das obras a que se refire o artigo 3º apartado m), da presente Ordenanza Xeral, o importe total da Contribución especial será distribuído entre as compañías ou empresas que as vaian utilizar en razón ó espazo reservado a cada unha ou en proporción á total sección das mesmas, aínda que non as usen inmediatamente.

2- No caso de que se outorgase, para a realización das obras ou establecemento ou ampliación dos servizos, unha subvención ou auxilio económico por quen tivese a condición de suxeito



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

pasivo das Contribucións especiais que se exaccionasen por tal razón, o importe de dita subvención ou auxilio, destinarase primeiramente a compensar a cota da respectiva persoa ou Entidade. O exceso, si o houbera, aplicaríase a reducir, a pro rata as cotas dos restantes suxeitos pasivos.

Artigo 10º

1- En toda clase de obras, cando a diferenza de custo por unidade nos diversos traxectos, tramos ou seccións da obra ou servizo non corresponda análoga diferenza no grao de utilidade ou beneficio para os interesados, tódalas partes do plan correspondente sexan consideradas en conxunto a efectos do reparto e, na súa consecuencia, para a determinación das cotas individuais non se atenderá soamente o custo especial do tramo ou sección que inmediatamente afecte a cada contribuínte.

2- No caso de que o importe total das Contribucións especiais se repartira tendo en conta os metros lineais de fachada dos inmobles, entenderase por fincas con fachada á vía pública non só as edificadas en coincidencia coa aliñación exterior da rúa, senón tamén as construídas en bloques illados calquera que sexa a súa situación respecto á vía pública que delimite aquela mazá e sexa obxecto da obra; en consecuencia a lonxitude da fachada medirase, en tales casos pola do solar da finca, independentemente das circunstancias da edificación, retranqueo, patios abertos , zona de xardín ou espazos libres.

3- Cando o encontro de dúas fachadas esté formado por un chafrán ou se unan en curva, consideraranse os efectos da medición da lonxitude da fachada, a metade da lonxitude do chafrán ou a metade do desenvolvemento da curva, que se engadirán ás lonxitudes das fachadas inmediatas.

Capítulo VI

Devengo

Artigo 11º

1- As contribucións especiais devengarase no momento en que as obras sexan executadas ou o servizo comezara a prestarse. Se as obras foran fraccionables, o devengo producirase para



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

cada un dos suxeitos pasivos dende que se executen as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.

2- Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, unha vez aprobado o acordo concreto de imposición e ordenación, o Municipio poderá esixir, por anticipado, o pago das Contribucións especiais en función do importe do custo previsto para o ano seguinte. Non poderá esixirse o anticipo dunha nova anualidade sen que foran executadas as obras para as que se esixiu o correspondente anticipo.

3-O momento do devengo das Contribucións especiais terase en conta ós efectos de determinar a persoa obrigada ó pago, de conformidade co disposto no artigo 5º da presente Ordenanza Xeral, aínda cando no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo quen o sea con referencia á data da súa aprobación e de que o mesmo se houberse anticipado o pago de cotas, de conformidade co disposto no apartado 2 do presente artigo. Cando a persoa que figura como suxeito pasivo no acordo concreto de ordenación e fose notificado diso, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación de dito acordo do nacemento do devengo, estará obrigada a dar conta a Administración municipal da transmisión efectuada, dentro do prazo dun mes dende a data desta, e si non o fixera, o Concello poderá esixir a acción para o cobro contra quen figuraba como suxeito pasivo en dito expediente.

4- Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras, ou iniciada a prestación do servizo, procederase a sinalar os suxeitos pasivos, a base e as cotas individualizadas definitivas, xirando as liquidacións que procedan e compensando, como estea a conta, os pagos anticipados que se houberen feito. Tal sinalamento definitivo realizarase polos órganos competentes da Corporación, axustándose as normas do acordo concreto de ordenación do tributo para a obra ou servizo de que se trate.

5- Se os pagos anticipados , houberan sido feitos por persoas que non teñen a condición de suxeitos pasivos na data do devengo do tributo ou ben excederan da cota individual definitiva que lle corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

Capítulo VII

Xestión , liquidación, inspección e recadación



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 12º

A xestión, liquidación, inspección e recadación das Contribucións especiais realizaranse en forma , prazos e condicións que se establecen na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenrolo.

Artigo 13º

1-Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte, o fraccionamento ou aprazamento daquela por prazo máximo de cinco anos, debendo garantirse o pago da débeda tributaria, que incluírá o importe do interese de demora das cantidades aprazadas, mediante hipoteca, prenda aval bancario ou outra garantía suficiente para satisfacción da Corporación.

2- A concesión do fraccionamento ou aprazamento implicará a conformidade do solicitante, co importe total da cota tributaria que lle corresponda.

3- A falta de pago dará lugar a perda do beneficio de fraccionamento, con expedición de certificación de descuberto pola parte pendente de pago, recargos e intereses correspondentes.

4- En calquera momento o contribuínte poderá renunciar os beneficios de aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cota ou de parte da mesma pendente de pago, así como os intereses vencidos , cancelándose a garantía constituída.

5- De conformidade cas condicións socio-económicas da zona na que se executan as obras, a súa natureza e cadro de amortización , o custo, a base liquidable e o importe das cotas individuais, o Concello poderá acordar, de oficio, o pago fraccionado con carácter xeral para todos os contribuíntes, sen prexuízo de que eles mesmos poidan en calquera momento anticipar os gastos que consideren oportunos.

Capítulo VIII

Imposición e ordenación



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 14º

1- A exacción das contribucións especiais precisará a previa adopción, pola Corporación, dun acordo de imposición en cada caso concreto.

2- O acordo relativo a realización dunha obra ou o establecemento ou ampliación dun servizo, que deban costearse mediante Contribucións especiais, non poderá executarse mentres non se aprobe a ordenación concreta destas.

3- O acordo de ordenación ou Ordenanza reguladora será de inescusable adopción e conterá a determinación do custo previo das obras e servizos, da cantidade a repartir entre os beneficiarios e dos criterios de reparto. O acordo de ordenación concreto ou Ordenanza reguladora remitirase nas demais cuestións a presente Ordenanza Xeral de Contribucións especiais.

4- Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de Contribucións especiais, e determinadas as cotas a satisfacer, estas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo se este e o seu domicilio foran conocidos, no seu defecto por medio de edictos. Os interesados poderán formular recurso de reposición ante o Concello, que deberá versar sobre a procedencia das Contribucións especiais, o porcentaxe do custo que deberan satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asinadas.

Artigo 15º

1- Cando este Municipio colabore con outra Entidade local na realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos, e sempre que se impoñan Contribucións especiais, observaranse as seguintes regulamentos:

a) Cada Entidade conservará a súas competencias respectivas en orden os acordos de imposición e ordenación concretos.

b) Si algunha das Entidades realizara as obras ou establecese ou ampliase os servizos coa colaboración económica da outra, correspondera a primeira a xestión e recadación da Contribución especial, sen prexuízo do disposto na letra a) anterior.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

2- No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fora aprobado por unha de ditas Entidades, quedará sen efecto a unidade de actuacións, adoptando separadamente as decisións que procedan.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA Nº 18. ORDENANZA XERAL REGULADORA DA CLASIFICACIÓN POR CATEGORÍAS DAS RÚAS

Rúas de 1º categoría :

Rúa Pintor Laxeiro, Rúa Monte do Faro, Rúa B, Rúa C, Rúa F, Rúa G, Rúa Z, Rúa Manuel Rivero, Rúa Calzada, Rúa Garda Civil, Rúa do Pinel , Rúa P, Rúa do Arenal, Rúa Colón, Rúa D, Rúa E, Rúa Principal, Rúa Alcalde Ferreiro, Rúa Pintor Colmeiro, Rúa Matematico Rodríguez , Rúa do Parque, Rúa Pelayo, Rúa Regueiriño, Rúa Pena Toares, Rúa Polideportivo, Rúa Castelao, Rúa Melide, Rúa Donramiro, Rúa do Castro, Rúa dos Gladiolos, Rúa Pena Aguda, Rúa 6, Rúa 7 , Rúa 30 , Rúa T, Rúa do Chorón, Rúa Joaquin Loriga, Rúa Molinera, Rúa Observatorio, Rúa Pardo Bazán, Rúa Ramon Aller, Rúa Rosalia de Castro, Rúa Fonte Sanguina, Rúa S, Rúa da Ponte, Rúa do Rodo, Rúa da Corredoira, Rúa do Río, Rúa 25, Rúa Feira do Vento, Rúa 53, Rúa 56, Rúa Xazmins, Rúa Wenceslao Calvo Garra, Rúa Paralela a Guardia Civil, Rúa Paso da Cacharela, Avda Buenos Aires, Avda Luis Glez Taboada, Avda Monserrat, Avda de Cruces (desde Rotonda rúa da Ponte a Rotonda Sg-V) , Avda do Empalme, Avda dos Olmos, Avda de Rodeiro, Avda da Estación, Avda de Madrid, Praza da Vila, Praza da Igrexia, Praza do Concello, Praza da Torre, Praza da Mariña, Pasaxe Matematico Rodríguez, Travesía da Ponte 1, Travesía Regueiriño, Travesía Avda Estación 1, Rúa Penacoba, Estrada do Carballiño, Rúa Escaldes-Engordany, Rúa Caracas, Rúa Habana, Rúa Tirabeque, Rúa Carballeira da Botica, Rúa 27, Rúa Prolong. Monte do Faro, Travesía Areal-Lirios. Todas as rúas incluídas en Areas de Reparto, unha vez aprobada a súa urbanización .

Rúas de 2º categoría:

Rúa X, Rúa 38, Rúa Carragoso de Abaixo, Rúa da Romea, Rúa da Capela, Rúa da Igrexa (Donramiro) , Rúa Garcia Sanchez , Rúa 70, Rúa 71, Rúa 72, Rúa do Cruceiro, Rúa Dalia, Rúa dos Nardos, Rúa dos Lirios, Rúas 1, 2, 3, 4, 5, 8, 9, 31, 32, 37, Rúa do Roque m Rúa Observatorio 1, Rúa Observatorio 2, Rúa Cidade Xardín, Rúa do Caraveis, Rúa das Camelias, Rúa das Azaleas, Rúa dos Rosais, Rúa dos Tilos, Rúa Trigueiriza, Rúa dos Acibos, Rúa da Xesteira, Rúas 20, 21, 22, 23, 24, 26, 52, 54, 55, Rúa da Fonte (Donramiro), Avda de Cruces (Resto a partir da Rotonda SG-V) , Avda de Ourense, Barrio de Abaixo, Poblado Joaquín Loriga , Travesía do Monserrat 1, Travesía Monserrat 2, Travesía Molinera, Travesía do Empalme 2, Travesía de Filgueiroa, Travesía de Empalme 1, Travesía da Ponte 2, Travesía da Ponte 3 , Camiño da Costa . Todas as vías públicas do casco urban non incluídas na relación anterior .



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Rúas de 3º Categoría:

Todas as vías públicas fora do casco Urbán.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 19. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR
EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E SERVICIOS URBANÍSTICOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos arts. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, de acordo co previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

Artigo 2º .- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida por mor da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou de expedientes de que entenda esta administración municipal.

2.- Non estará suxeita a esta taxa, a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estén gravados por outra taxa municipal ou polos que esixa un prezo público este Concello, así como os que se expidan en virtude de oficio de xulgados ou tribunais de xustiza.

Artigo 3º .- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, motiven ou redunde no seu interese, a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º .- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, consonte o cadro de tarifas previsto no anexo I desta ordenanza, e corresponderá á tramitación completa do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 6º .- Devengo

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presenta a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes que constitúen o feito imponible deste tributo.

Artigo 7 .- Liquidación e ingreso

A taxa esixirase mediante autoliquidación do suxeito pasivo conforme as tarifas da Ordenanza. Corresponderá á Concellería de Facenda aprobar os modelos e procedementos de autoliquidación a proposta da Tesourería municipal.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais disposicións concordantes e complementarias na materia.

DISPOSICIÓN FINAL



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

A modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor e será aplicable a partir da data de publicación da súa redacción definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

A taxa que se regula na presente ordenanza fiscal estrutúrase nas seguintes tarifas:

1) Por expedición de cédulas urbanísticas, informes urbanísticos e certificados relativos ó planeamento urbanístico:

- a) Informes urbanísticos sobre réxime urbanístico aplicable a unha parcela catastral ou sobre cargas urbanísticas dunha parcela e, en xeral, calquera outro informe ou certificación non incluído nos apartados seguintes, salvo CERTIFICACIÓNS URBANÍSTICAS ACREDITATIVAS DO TRANSCURSO DO PRAZO LEGAL PREVISTO PARA O EXERCICIO , POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN, DA POTESTADE DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA : 100 €
- b) Expedición de certificacións urbanísticas de declaración de inmobles en situación de fóra de ordenación 750,00 €
- c) Certificacións urbanísticas de non constar incoados, por esta Administración, expedientes relativos a procedementos de protección da legalidade urbanística ou sancionadores por infraccións urbanísticas 750,00 €

2) Por licencias municipais de segregación e parcelación :

- a) En solo urbano ou urbanizable 120,20 €
- b) En solo rústico 60,10 €

Non estarán suxeitas a Ordenanza as segregacións ou parcelacións que teñan por obxecto única e exclusivamente a dos terreos obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

3) Por certificacións expedidas dende o Concello polo Punto de Información Catastral:

- a) Por certificación catrastrais literais, 4 € por cada documento expedido, que se incrementará en 4 € por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento .
- b) Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou a unha parcela rústica, a contía será de 15,50 € por documento expedido.
- c) Cando as certificacións descritivas ou gráficas incorporen, a petición do interesado, datos de outros inmobles (coma, por exemplo, lindeiros), a contía incrementárase en 4,00 € por cada inmovle .
- d) As certificacións negativas de bens non devengarán taxa algunha.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación desta Ordenanza fiscal entrará en vigor e será aplicable a partir da data de publicación da súa redacción definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada na BOP o día 28 de decembro de 2020.

ORDENANZA FISCAL Nº 20. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES MUNICIPAIS E POLO USA DAS SÚAS INSTALACIÓNS.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 1º.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais e polo uso das súas instalacións.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servicios de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais e o uso das instalacións do Auditorio municipal nas condicións establecidas no anexo desta ordenanza.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa, así coma pola utilización privativa ou aproveitamento especial das instalacións do Auditorio municipal.

Artigo 4º.- Responsables.

-Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 5º.- Cota tributaria.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.- Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.- Devindicación.

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, ou cando se utilicen as instalacións especificadas no Anexo, podéndose esixir o seu depósito previo.

Artigo 8º.- Liquidación.

- Cando se trate da taxa pola prestación de servizos de ensinanzas especiais en establecementos docentes do concello, exisirase en réxime de autoliquidación e poderase efectuar o pagamento nas condicións expostas no artigo 9.

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade en cada un dos períodos de liquidación.

-Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa cando se detecte a situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.- Ingreso.

O pagamento desta taxa realizarase:



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

-Cando se trate de autoliquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade ou da utilización das instalacións a que se refire esta ordenanza nas entidades financeiras que se sinalen no modelo de autoliquidación. Xunto coa formalización da matrícula entregarase o resgardo do pago efectuado.

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo, da realización da actividade ou da utilización das instalacións do Auditorio, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

-As taxas correspondentes ao concepto de matrícula poderán aboarse na súa totalidade no momento de formalizar a matrícula ou ben efectuarse o pagamento en dous prazos: 50% no momento de formalizar a matrícula e o resto durante o primeiro trimestre do ano seguinte. En todo caso, deberá iniciarse no impreso correspondente a opción elixida.

O segundo pagamento deberase realizar mediante domiciliación bancaria na conta que o alumno, ou o seu titular, indique no impreso correspondente, autorizando así que se lle cargue o importe do segundo prazo de matrícula no primeiro trimestre do ano seguinte; O Padroado Cultural remitirá as remesas correspondentes ao segundo prazo antes de finalizar o trimestre.

No caso de producirse un erro no momento de facer efectivo o cargo do segundo pagamento (peche de conta, número erróneo de conta, etc.), non se volverá a emitir unha nova remesa para o seu cobro; neste suposto, e una vez verificado que o pago non se efectuou realizarase e notificarase a correspondente liquidación, abrindo novos prazos voluntarios de ingresos, sen prexuízo da utilización do procedemento de prema no suposto de non efectuarse o pago no período voluntario.

De non facerse efectivo o pagamento deste segundo pago no prazo que se indique se procederá á anulación automática da matrícula en todas as disciplinas, coa conseguinte perda das cantidades aboadas correspondentes ao primeiro prazo.

Artigo 10º.- Traslado de matrícula

Cando un alumno matriculado no Conservatorio de Música de Lalín traslade a súa matrícula a outro centro, procederá a devolución das taxas ingresadas en concepto de matrícula cando o alumno acredite ter realizado o pagamento da matrícula no centro ao que se traslada, devindicándose neste suposto a taxa establecida polo traslado de matrícula no anexo desta ordenanza.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 11º.- Devolución de taxas.

1.- No caso de producirse algún erro na tramitación do pagamento, o interesado poderá solicitar a devolución motivada das cantidades indebidamente aboadas ante a dirección do centro, que informará ao órgano competente e éste resolverá o que proceda logo de comprobar o ingreso realizado e as circunstancias alegadas e xustificadas documentalmente.

2.- Procederá a devolución do importe correspondente cando, por causas non imputables á persoa obrigada ao pagamento dunha taxa, non se realizara a actividade ou non se prestara o servizo gravado pola taxa. Sensus contratio, a devolución non é procedente cando o servizo deixa de prestarse por causas imputables á persoa obrigada ao pagamento. Esta imputación non debe entenderse nun sentido restrinxido, de mero abandono voluntario, senón que é extensible a todo suposto distinto á inactividade da Administración.

3. No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboado.

4.- No caso de traslado de matrícula, estarase ao disposto no artigo 10º desta ordenanza.

Artigo 12º.- Infraccións e sancións.

Estaranse, en canto ó réxime de infraccións e sancións, ó disposto na Lei Xeral Triburaira e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

- **Primeiro.- Tarifas.**



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

1) Por ensinanzas especiais en establecementos municipais:

- Matrícula primeiro curso Grao Elemental 316,00 €/curso completo
- Matrícula segundo curso Grao Elemental..... 348,00 €/curso completo
- Matrícula terceiro curso Grao Elemental.....348,00 €/curso completo
- Matrícula cuarto curso Grao Elemental..... 348,00 €/curso completo
- Matrícula por materia Grao Profesional..... 127,00 €/materia
- Matrícula por materia nunha 2ª especialidade..... 127,00 €/materia
- Matrícula ensinanzas non regradas..... 127,00 €/materia

2) Por proba de acceso, agás a primeiro curso de Grao Elemental 76,00 €

3) Por expedición de certificacións académicas 7,00 €/cada unha

4) Pola utilización privativa ou aproveitamento especial das instalacións do Auditorio Municipal e do Salón Teatro, 320,00 €/cada unha.

5) Por **traslado de matrícula** a outro centro non dependente desta administración 30, 00 €

Ás tarifas contempladas nos apartados 1), 2) e 3) deste Anexo aplicaráselles as seguintes exencións e bonificacións, en virtude do disposto no artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal para a determinación da contía das taxas poderanse ter en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas:

-Bonificación do 50% ós membros das familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

-Exención do 100% ós membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Para ser beneficiarios destas bonificacións ou exencións, é necesario acreditar a condición de membro de familia numerosa mediante a presentación de copia compulsada do correspondente documento acreditativo, no momento de formalizar a matrícula.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Última modificación aprobada por acordo do Pleno do Concello en sesión do 26/5/2016 e publicada a aprobación definitiva no BOP de 27/7/2016

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 21. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DIFUSIÓN DE ESPACIOS PUBLICITARIOS POLA EMISORA MUNICIPAL DE RADIO

ARTIGO 1º.- Natureza e fundamento.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

No exercicio das facultades concedidas polo artigo 117 en relación co artigo 41 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co artigo 3.2 da Lei 11/91, de 8 de abril, de organización e control das emisoras municipais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de emisión de “anuncios publicitarios” pola Emisora Municipal de Radio.

ARTIGO 2º.- Obrigados ó pagamento.

Estarán obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten e se beneficien da prestación dos servizos que se detallan nas tarifas da mesma.

ARTIGO 3º.- Normas de xestión e administración.

- 1.- As persoas ou entidades interesadas na difusión de espazos publicitarios deberán previamente solicitalo, especificando a cuña a emitir e o tempo de emisión.
- 2.- A emisión de espazos publicitarios será autorizada polo Concelleiro responsable en quen delegue o Alcalde, de acordo coa lexislación vixente en materia de delegación de competencias no ámbito local.
- 3.- A publicidade emitirase en lingua galega.
- 4.- Os espazos publicitarios emitiranse sen que interrompan a continuidade dun programa, agás no caso de que o mesmo sexa patrocinado pola mesma casa comercial titular da cuña.
- 5.- O Concello resérvase o dereito de admisión daqueles “anuncios publicitarios” que considere oportuno, e realizará a emisión dos que se autoricen nos bloques publicitarios que se consideren máis axeitados.

ARTIGO 4º.- Obriga de pagamento.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

As cantidades esixibles de conformidade coas tarifas aplicables aboaranse no momento de realiza-la solicitude, en calidade de depósito previo, na forma establecida polo Concello, con anterioridade á emisión.

ARTIGO 5º.-Contía.

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada nas tarifas que figuran no Anexo á mesma.

ARTIGO 6º.- Entrada en vigor.

A presente Ordenanza e o seu Anexo entrarán en vigor e será de aplicación unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, e comezará a aplicarse o día seguinte ó da súa entrada en vigor se fose posterior a aquela data.

Última modificación aproba no Pleno da Corporación de Lalín o 27 de outubro de 2016 e publicada no BOP do 28 de decembro de 2016

ANEXO

A estrutura e contía das tarifas será a seguinte:

1.- EMISIÓN:

1.1.- Pola emisión de cuñas publicitarias:

- 15 segundos de emisión2,98 €.
- 20 segundos de emisión.....3,48 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

1.2.- Por mencións, en sección de anuncios por palabras (10 palabras y nº telefónico) 2,40 €.

1.3.- Pola emisión de publlirreportaxes 12,42 €.

1.4.- Pola emisión de necrolóxicas funerarias 10,93 €.

2.- GASTOS DE PRODUCCIÓN:

2.1.- Por gravación de cuñas 12,42 €.

2.2.- Por gravación e mencións 3,48 €.

2.3.- Por gravación de publlirreportaxes 29,80 €.

Os gastos de produción de cuñas son aplicables ás gravacións ou cintas de megafonía feitas en estudio.

Estos prezos serán incrementados co tipo de IVA legal aplicable.

3.- DEDUCCIÓNS:

sobre as tarifas establecidas no apartado 1 efectuaranse os seguintes descontos:

- contratación de máis de 30 cuñas 15 %
- contratación de máis de 60 cuñas 20 %
- contratación de máis de 90 cuñas 30 %

Estes descontos serán aplicables ás cuñas emitidas antes de transcorridos 30 días, contados dende a solicitude de emisión.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 22. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO
PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE LIBROS E OUTRAS
PUBLICACIÓNS DESTINADAS Á DIVULGACIÓN CULTURAL POLO PADROADO
CULTURAL DE LALÍN

Artigo 1º.- Natureza e fundamento.-

No exercicio das facultades concedidas polo artigo 117 en relación co artigo 41 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de subministro de libros e outra publicacións destinadas á divulgación cultural polo Padroado Cultural de Lalín.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 2º.- Concepto.

Será obxecto deste prezo público o subministro de libros e outras publicacións editadas polo Padroado Cultural de Lalín destinadas á divulgación cultural.

Artigo 3º.-Obrigados ó pagamento.

Estarán obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten e se beneficien da prestación dos servizos que se detallan na tarifa da mesma.

Artigo 4º.- Normas de xestión e administración.

As persoas ou entidades interesadas na adquisición de libros e outras publicacións ás que se refire esta ordenanza, deberán solicitalo especificando a publicación que desexan adquirir ou á que se subscriben, no seu caso.

Artigo 5º.-Obriga de pagamento.

1.- Cando se trate de subscricións, as cantidades esixibles de conformidade coa tarifa aplicable aboaranse no momento de realiza-la solicitude de subscrición, en calidade de depósito previo, na forma establecida polo órgano competente.

2.- Noutro caso, as cantidades esixibles aboaranse ó tempo de subministra-las publicacións a que se refire esta Ordenanza.

Artigo 6º.- Contía.

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada nas tarifas que figuran como Anexo á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL.

-Entrada en vigor.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

A presente ordenanza e o seu Anexo entrará en vigor e será de aplicación una vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa entrada en vigor.

ANEXO

A estrutura e contía do prezo público pola prestación do servizo de subministro de libros e outras publicacións será a seguinte:

- Polo subministro do anuario “Descubrindo” 13,22 €

- Polo subministro de cada monografía 9,02 €

- Por subscricións anuais a tres publicacións do S.E.D. 45,00 €

ORDENANZA FISCAL Nº 23. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LAVADO E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 24. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA.

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades conferidas polo artigo 117 en relación co artigo 41 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, na redacción dada pola Lei 25/98, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece o prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, que se rexerá polo que dispoña esta ordenanza.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacións Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento

Estarán obrigados ó pagamento deste prezo público as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan nas tarifas da mesma e teñan a condición de pais dos nenos en situación de alta na Gardería Infantil Municipal “Pontiñas” e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

A obriga de pagar nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, sen prexuízo da posibilidade de esixi-lo depósito previo do seu importe total ou parcial.

Artigo 3º.- Pagamento.-

O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo quinto, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes que corresponda. Nos casos en que o ingreso do neno no centro se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente ó dito mes aboarase conxuntamente co mes seguinte á data de ingreso.

No caso de utilización do servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

Salvo o disposto no artigo quinto, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

A falta de pagamento de dúas mensualidade consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 4º.- Base de cálculo.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

1. Para efectos de baremación, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.
2. Enténdese por unidade familiar, para os efectos de baremación das solicitudes, a formada polos pais e fillos menores de 18 anos ou fillos maiores de 18, cunha minusvalidez superior ó 33 % . No caso de familias monoparentais, e para efectos de cálculo da renda per cápita ó que se refire o parágrafo anterior, incrementándose nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
3. Ten a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.
4. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas que se fai referencia obteranse como resultado de lles aplicar ós datos existentes que aportan, os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 5º.- Suspensión temporal da cota.

Os suxeitos obrigados ós que fai referencia o artigo segundo, non terán a obriga de aboa-la cota durante os seguintes períodos:

1. O mes de vacacións anual do neno/a
2. Cando, por calquera motivo o centro permaneza pechado un período superior a quince días.
3. Cando, por cousa debidamente xustificada o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboa-la cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 %.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

5. A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Concello, no Departamento de Servizos Sociais, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.
6. Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así
7. mesmo, nos casos en que o Concello de Lalín acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 6º.- Horario.-

A efectos do cálculo das cotas, enténdese por horario ordinario o comprendido entre as entre as 9:00 horas e as 18:00 horas.

Entenderase por horario extraordinario ou ampliado as horas de permanencia dos nenos na gardería fora do horario ordinario; todo o que exceda do horario ordinario entenderase como horario ampliado a efectos do cálculo da tarifa a repercutir sobre o usuario.

Artigo 7º.- Contía

O importe do prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no anexo desta ordenanza.

Artigo 8º- Entrada en vigor.-

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia, e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e comezará a aplicarse o día 1 de setembro de 2002.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ANEXO

1.-PREZO POR ASISTENCIA

O prezo pola asistencia á Gardería Infantil Municipal “*Pontiñas*” do Concello de Lalín fíxase en 110 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ó 50 % do salario mínimo interprofesional, redución do 100% : 0 €.
- b) Entre o 50% e o 75 % do salario mínimo interprofesional, redución do 70 % : 33 €
- c) Superiores ó 75 % e inferiores ó 100 % do salario mínimo interprofesional, redución do 40 % : 66 €
- d) Entre o 100 % e o 150 % do salario mínimo interprofesional, redución do 10%: ..99€

2.- PREZO POR SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

8. A) Os prezos ós que fai referencia o punto I incrementaranse segundo os servizos dos que o/a neno/a sexa usuario/a :

a) Servizo de comedor : o prezo por este servizo fíxase en 33 € mensuais. No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor, e que excepcionalmente, e por motivos xustificados, desexen utiliza-lo servizo algún día solto, o prezo será de 2 € por día.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

b) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal, será de 13,75 €

B) Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre os prezos dos servizos anteriores, aplicaranse reducións totais ou parciais:

Inferiores ó 30 % do salario mínimo interprofesional, redución do 100 %

Entre o 30 e o 100 % do salario mínimo interprofesional, redución do 50 %.

C) Os servizos ós que fai referencia este punto II serán de utilización voluntaria polos/as nenos/as asistentes á Gardería Infantil Municipal “Pontiñas”

3.- DESCONTOS

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicalo

disposto nos puntos I e II anteriores, aplicaranse os seguintes descontos:

a) Nenos/a pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%

c) Cando asistan á Gardería Infantil Municipal “Pontiñas” varios irmáns, desconto dun 20% por cada neno/a atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o descontos será dun 30% por cada neno/a.

Os descontos anteriores, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fora de prazo, traslado de residencia, etc) o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 25. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIOS.

ARTIGO 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Lalín establece a Taxa polo outorgamento de licenza de primeira ocupación de vivendas e locais á que se refire o artigo 20.4 h) da Lei 39/88.

ARTIGO 2.- Feito imponible.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Constitúe o feito impositivo desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os edificios cumpren os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser utilizados ou ocupados.

O carácter obrigatorio desta licenza derívase do establecido no artigo 242.2 da Lei do Solo e no art. 1 do Regulamento de Disciplina Urbanística.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

- 1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, promotores das obras que se realicen, e que inda sen previa solicitude, motiven a actuación administrativa que constitúe o feito impositivo.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e con alcance que determina o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4.- Beneficios fiscais.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os establecidos en normas con rango de lei e os que deriven da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 5.- Cota tributaria

A cota tributaria que procede aboar determinarase mediante a aplicación do seguinte cadro, en función dos metros cadrados de edificación obxecto de dita licenza:

Metros cadrados de superficie obxecto de licenza	Cota €uros



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Ata 100 m ²	100,00
De 101 a 150 m ²	130,00
De 151 a 200 m ²	150,00
De 201 A 500 m ²	300,00
De mais de 500 m	500,00

ARTIGO 6.- Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal tendente a verificar se os edificios reúnen os requisitos esixidos polo réxime xurídico vixente para que estes poidan ser utilizados ou ocupados. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza, se o suxeito pasivo a formulara expresamente.

Cando a utilización ou ocupación se iniciara sen a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o edificio reúne os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser utilizado ou ocupado, con independencia da iniciación do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión de esta condicionada á corrección dos defectos advertidos, nin polo desestimento do solicitante ou renuncia unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 8.- Normas de xestión.

1. Os promotores dos edificios de nova construción, dos que sufriran reformas e os que pretendan modificar o uso das construcións, unha vez concluídas as obras deberán dar conta disto presentado a licenza urbanística en virtude da cal se autorizaron tales obras, se a súa obtención é preceptiva.

Cumprido o citado trámite ou simultaneamente, procederán a solicita-la licenza de primeira ocupación. Se non se solicitara, o Concello, unha vez que tivera coñecemento da terminación das obras ou cambios de uso dos locais requirirá ó suxeito pasivo para que a solicite, sen prexuízo de impoñer as sancións ou de adopta-las medidas que sexan procedentes.

2.- Os servizos técnicos do Concello practicarán os recoñecementos oportunos, comprobando que a actuación se axusta á licenza concedida para a súa execución e que as vivendas contan cos servizos necesarios para a súa primeira utilización conforme ó destino determinado na licenza.

3.- Esixirase o depósito previo da taxa como requisito indispensable sen o que non se procederá a tramita-la solicitude.

Simultaneamente coa concesión da licenza, aprobarase a liquidación practicada, se procede, efectuando as liquidacións complementarias que sexan necesarias ou reintegrando ó suxeito pasivo as cantidades que resulten ó seu favor, seguindo o procedemento establecido para as devolucións de ingresos indebidos.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación e aplicarase ás edificacións para as que se solicite licenza de obra a partir da referida data, continuando vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada na BOP o día 28 de decembro de 2020.

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 26. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESPAZO INFANTIL ABERTO

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 27. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR
APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E
OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO
DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, e outros análogos, achegados ós edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros sitios en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

- 1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.
- 2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.
- 3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ARTIGO 4º.TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático,ó ano: 480 €

Establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar perante a Administración tributaria a instalación e a desinstalación do caixeiro

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva licenza ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro.

A preceptiva licenza deberá obterse da Administración municipal previamente ó exercicio do aproveitamento. Para os caixeiros exteriores xa existentes e que contén coa licenza municipal, comezarán a aboar a tarifa dende a entrada en vigor desta ordenanza.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as

tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se producira o aproveitamento citado.

2. O Concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda.

O pagamento da Taxa se realizará por ingreso directo na Tesourería Municipal, ou nas entidades bancarias que establecese o Concello.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei Xeral Tributaria e da Lei Xeral Presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación deste ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 27 de outubro de 2016 publicada no BOP do 28 de decembro de 2016.

ORDENANZA FISCAL Nº 28. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade cos artigos 15, 20.4 e 57, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola celebración de Matrimonio Civil nas dependencias municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º Feito Impoñible

O feito impoñible desta taxa é a utilización das dependencias municipais do Concello de Lalín, para a celebración de matrimonios civís e as actividades organizativas correspondentes realizadas polo persoal municipal.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Non se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin a posterior expedición do libro de familia.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4.- Cota tributaria

A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza será:

- a) Para o caso de que un dos contraentes conste no padrón municipal de habitantes dende un ano antes, como mínimo, á celebración: 100 €.
- b) Nos demais casos: 205 €

Artigo 5._ Obrigación do pagamento

1. O tributo esixirase en réxime de autoliquidación. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do Servizo , entendéndose por tal a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.
2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ó efecto pola Administración Municipal en soporte papel o a través da Oficina virtual tributaria na Sede electrónica tributaria do Concello ,efectuando o pago previamente nas entidades bancarias autorizadas , o que se deberá acreditar no momento de presenta-la correspondente solicitude.
- 3.No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.



Ordenanzas Fiscales , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

A celebración das vodas civís estará supeditado ós actos propios do Concello. A Alcaldía, mediante resolución, aprobará o regulamento no que se disporá o calendario, o réxime de delegacións nos membros da Corporación, e demais extremos relativos á prestación do servizo.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirá, respecto desta taxa, ningunha exención ou bonificación.

Artigo 7.-Infracción e sancións tributarias

En todo o relativo ás infraccións tributarias e a súa cualificación, así como as sancións que procedan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final.- A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 30 de outubro de 2020 e publicada na BOP o día 28 de decembro de 2020.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

REGULAMENTO E PREZO PÚBLICO Nº 29. REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE LALÍN

PREÁMBULO

O Concello de Lalín asinou un convenio co Instituto Enerxético de Galicia para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no Concello de Lalín. A través deste convenio, o Concello de Lalín vai poñer en marcha un sistema de servizo de préstamo de bicicletas polo que é necesario establecer un regulamento de funcionamento do servizo.

Coa finalidade de dar publicidade ás normas de uso e funcionamento do servizo municipal de préstamo de bicicletas que son de necesario coñecemento para os/as seus/súas usuarios/as, díctase o presente bando de acordo coa competencia establecida nos artigos 21. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61.1. f) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

1. OBXECTO DO REGULAMENTO



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

a). Este Regulamento ten por obxecto a regulación do uso do servizo municipal de préstamo de bicicletas, establecendo as normas de utilización e funcionamento ás que deberán de someterse os/as usuarios/as destes vehículos, definidos nos termos da normativa de tráfico, circulación e seguridade vial como ciclos de dúas rodas, accionados polo esforzo muscular das persoas que o ocupan, en particular mediante pedais ou manivelas.

b). O Concello de Lalín está interesado en promover o aforro e a eficiencia enerxética no seu ámbito de actuación e, concretamente, en promover o uso da bicicleta como medio de transporte urbano en Lalín.

2. ÁMBITO DO SERVIZO

O servizo de préstamo de bicicletas ten por obxecto o fomento do uso deste vehículo e se crea exclusivamente para o paseo e o desprazamento no termo municipal do Concello de Lalín.

3. USUARIOS/AS DO SERVIZO

a). Poderán ser usuarios/as do servizo municipal de préstamo de bicicletas todas as persoas maiores de idade que se dean de alta no servizo. Tamén poderán ser usuarios/as os/as menores de idade que teñan 14 ou máis anos cumpridos, sempre que no momento de solicitar a alta no servizo se achegue unha autorización expresa e por escrito da nai, pai ou titor/a legal. Na antedita autorización o titor/a legal do menor deberá facer constar que se responsabiliza de todos aqueles danos que, directa ou indirectamente, poida causar o/a menor como consecuencia da utilización do servizo de préstamo de bicicletas.

b). Non poderá ser usuaria a persoa que non estea capacitada para o uso das bicicletas obxecto do préstamo. Considérase que unha persoa está capacitada para o uso da bicicleta cando teña a suficiente cualificación psíquica e física para a súa utilización de conformidade con estas normas e coa demais normativa sobre circulación vial que resulte de aplicación.

c). Queda expresamente excluída como usuario/a todo tipo de persoas xurídicas.

4. RESPONSABILIDADE E DECLARACIÓN DO/A USUARIO/A

a). O/A usuario/a declarará baixo a súa responsabilidade: Ter a capacidade psíquica e



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

física para utilizar unha bicicleta conforme á regulamentación aplicábel.

Ser maior de idade, ou no caso de ser menor de idade, ter cumpridos os 14 anos e cumprir as condicións establecidas no artigo 9.1.

b). O/A usuario/a é o/a único/a responsábel dos danos causados á súa persoa, a terceiros ou a calquera ben, moble ou inmóbel, pola utilización ou uso normal ou anormal do servizo municipal de préstamo de bicicletas. De acordo co anterior, o Concello está excluído dos danos e perdas que o/a usuario/a poida sufrir ou producir mentres use a bicicleta e non se responsabilizará dos producidos polo seu uso nin dos danos causados a terceiros, animais ou calquera tipo de bens, agás naqueles supostos nos que o suceso ou incidente sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos ou se deba ao defectuoso funcionamento da bicicleta.

c). Antes da retirada da bicicleta dos puntos de préstamo, o/a usuario/a deberá comprobar o estado da bicicleta, con especial atención na revisión dos freos e dos demais elementos esenciais da bicicleta. Logo desta comprobación, o/a usuario/a dará a súa conformidade ás condicións normais de uso e mantemento das bicicletas no sistema informático.

d). A bicicleta estará baixo a responsabilidade do/a usuario/a durante o período de tempo transcorrido entre a súa retirada e devolución a un dos cadeados dos puntos de préstamo do servizo, polo que estará obrigado ao coidado e custodia da bicicleta durante o tempo de préstamo. Este/a usuario/a asumirá as consecuencias derivadas das sancións temporais de non devolucións e económicas por abandono, roubo, deterioro e/ou non devolución .

e). No mesmo senso, no caso de accidente ou de calquera outro incidente que afecte ás condicións mecánicas das bicicletas, o/a usuario/a ten a obriga de comunicalo inmediatamente ao teléfono de contacto habilitado. Con todo, a bicicleta quedará baixo a responsabilidade do/a usuario/a ata que proceda á súa reposición nun dos dispositivos de bloqueo dos puntos de préstamo ou ata que a deixe a disposición do persoal autorizado.

f). As/os usuarias/os respectarán en todo momento as normas de tráfico e de seguridade vial, de circulación e de vehículos e as ordenanzas municipais de aplicación, quedando sometidos ás prescricións e requisitos que desas normas lles resulten de aplicación, así como no referente á condución baixo os efectos do alcohol ou drogas e o sometemento ás probas de detección nas condicións normativamente establecidas, ampliando así as obrigas do artigo 14.6) e 9), segundo os artigos 20, 21 e 27 do Regulamento Xeral de Circulación (Real Decreto 1428/ 2003, de 21 de novembro).



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

CAPÍTULO II: **ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO**

5. LOCALIZACIÓN DOS PUNTOS DE PRÉSTAMO AUTOMÁTICO DE BICICLETAS

O servizo municipal de préstamo de bicicletas poderase utilizar, inicialmente, nos catro puntos que o Concello designe, tendo en conta a mellor ubicación posible para o seu acceso.

O Concello poderá modificar, reducir ou ampliar a localización dos puntos automáticos de préstamo dependendo das necesidades que xurdan durante a prestación do servizo.

Das ubicacións, alteracións ou modificación dos puntos de préstamo informarase debidamente aos/ás usuarios/as a través dos medios que garantan o coñecemento das medidas adoptadas.

Cada unha das instalacións disporá dun panel expositor que identifique que o punto de préstamo pertence o servizo municipal de préstamo de bicicletas de xeito que quede diferenciado daqueles outros aparcadoiros de bicicletas que non forman parte deste servizo municipal.

6. ALTA NO SERVIZO

a). Toda persoa que pretenda utilizar o servizo de préstamo de bicicletas deberá darse de alta no servizo con anterioridade:

- i.- Na Casa do Concello, praza do Concello, nº 1, en Lalín, en horario de 9:00 a 14:00.
- ii.- Naquelas oficinas ou dependencias municipais en que así o estableza o Concello de.

En todo caso, o Concello de Lalín poderá establecer acordos con outros organismos ou institucións para facilitar o uso do servizo.

b). Para formalizar a inscrición deberá achegar a seguinte documentación:

- * Folla de inscrición debidamente cumprimentada, segundo o ANEXO I, ou ANEXO II para menores de idade.
- * Fotocopia do DNI, pasaporte ou carné de conducir do/a solicitante, que acredite a súa identidade.
- * Certificado de empadramento no caso de residentes no Concello de Lalín.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

* Xustificante de abono do prezo público establecido polo uso do servizo de préstamo para cada caso.

c). Logo de comprobar os datos, facilitaráselle o seu CÓDIGO como usuario/a, que terá carácter persoal e intransferíbel. O Código permitiralle ao/á usuario/a retirar, utilizar e restituír as bicicletas do servizo dentro do límite da súa dispoñibilidade no momento da retirada. É responsabilidade do titular o uso indebido que se faga del, e terá unha validez dun ano ou unha semana, segundo a modalidade elexida. Unha vez que transcorra o prazo, os usuarios deberán proceder á súa renovación.

d). O Concello poderá modificar en calquera momento as condicións de acceso, así como establecer modalidades de aboamento, informando debidamente aos/ás usuarios/as a través dos medios que garantan o coñecemento das posibles modificacións.

7. CONDICIÓNNS DE UTILIZACIÓN

a). Con carácter xeral, o/a usuario/a do servizo municipal de préstamo de bicicletas do Concello de Lalín, poderá facer uso diario das bicicletas dentro do seguinte horario:

i). Tempada de verán (abril a setembro): de 08:00 a 22:00 horas

ii). Tempada de inverno (outubro a marzo): de 09.00 a 19:00 horas

Non se prestará o servizo os días de Nadal, Ano novo, os dous días festivos das festas patronais do Concello de Lalín e o día da Feira do Cocido, nos que pola súa especial consideración os puntos de préstamo permanecerán pechados.

Non obstante o anterior, o Concello resérvase a facultade de aumentar ou diminuír os horarios de utilización, do que se informará debidamente aos/ás usuarios/as a través daqueles medios que garantan o seu coñecemento.

Con todo, o Concello de Lalín poderá modificar as condicións xerais de uso do servizo no caso de que as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias excepciónais así o esixan.

b). A utilización da bicicleta límitase a dúas (2) horas, debendo o/a usuario/a depositala en calquera dos aparcadoiros do servizo antes de que transcorra dito período. Unha vez que se exceda este período o sistema non permitirá un novo desprazamento ata que non transcorra un prazo de dúas horas.

c). Media hora antes da finalización diaria do servizo, non se poderán retirar bicicletas



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

dos puntos de préstamo, pero si devolver aquelas bicicletas que aínda estean en uso.

d). No suposto de atraso na entrega de bicicletas, o código de acceso ao servizo municipal de préstamo será desactivado segundo o tempo de demora seguinte:

Se o atraso na entrega da bicicleta é inferior a unha hora, a inhabilitación será de 24 horas.

Se o atraso na entrega da bicicleta é entre 1 e 8 horas, a inhabilitación será de 2 días naturais.

Se o atraso na entrega da bicicleta é entre 8 e 24 horas, a inhabilitación será de 7 días naturais.

Se o atraso na entrega da bicicleta é superior ás 24 horas, a inhabilitación será de 30 días naturais.

e). O Concello resérvase o dereito de inhabilitar definitivamente o código sen notificación previa ao/á usuario/a, nos seguintes casos:

No caso de ausencia de comunicación ao Concello ou ao xestor do servizo da declaración de roubo ou de furto ou da declaración de accidente.

No caso de que as declaracións e compromisos asumidos polo/a usuario/a no momento de darse de alta resulten ser falsas ou incorrectas.

No caso de incumprimento reiterado dos horarios e prazos de utilización do servizo ou das restricións previstas. A tal efecto, considerarase incumprimento reiterado aquel que se repita en máis de tres ocasións en tres meses consecutivos.

f). Os datos recollidos no sistema de control, que rexistra a hora de retirada e devolución da bicicleta, constitúen a proba do tempo de utilización do servizo a todos os efectos.

g). O usuario comprométese á conservación e bo uso da tarxeta soporte do código. Para os supostos de extravío ou rotura, e/ou solicitude dun duplicado, o custo de emisión da nova tarxeta deberá ser soportado polo usuario.

CAPÍTULO III: DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DOS USUARIOS.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

9. DEREITOS DOS USUARIOS

- a). Toda a cidadanía ten dereito a darse de alta no servizo sempre que cumpra as condicións que establece este regulamento.
- b). Os usuarios adquiren, mediante a inclusión no servizo, o dereito á utilización do mesmo nas condicións e coas limitacións que se establecen neste regulamento.
- c). O usuario disporá de bicicletas en perfecto estado de uso e funcionamento.
- d). Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, o/a usuario/a poderá dirixirse ao xestor do servizo a través do teléfono de atención ao usuario, da páxina web municipal ou mediante correo electrónico.
- e). Poderase cursar baixa voluntaria do sistema de préstamo mediante un escrito no que se solicite a baixa e a entrega da tarxeta soporte do código.

10. OBRIGAS DO/A USUARIO/A

- a). O/A usuario/a deberá facer uso do servizo coa maior dilixencia posíbel e conforme as normas de utilización previstas para o préstamo de bicicletas. En xeral, o/a usuario/a deberá facer un uso correcto da bicicleta, devolvéndoa no mesmo estado no que a atopou e en bo estado de funcionamento e limpeza.
- b). O/A usuario/a asume a garda e custodia da bicicleta que retira. Igualmente está obrigado en todo momento a actuar diligentemente e evitar o seu roubo ou furto, cumprindo coa obriga de asegurar todos os sistemas antirroubo dos que dispoña a bicicleta, en caso de interrupción do uso.
- c). O/A usuario/a comprométese durante o tempo que dure o préstamo a aparcarse a bicicleta en zonas estratéxicas adecuadas ou seguras que non interfiran o paso nin provoquen situacións de inseguridade, e sempre atendendo ás normas de aparcamento definidas na normativa correspondente.
- d). O/A usuario/a ten a obriga, durante o tempo de utilización, de custodiar a bicicleta, respectar as normas de circulación vial e facer uso correcto do servizo de préstamo.
- e). O/A usuario/a deberá retirar e restituír a bicicleta dentro dos horarios e prazos autorizados. A bicicleta restituirase en calquera dos cadeados libres dos puntos de préstamo, debidamente colocada e enganchada no cadeado de forma que se garanta a seguridade antirroubo da bicicleta. O incumprimento desta obriga dará dereito ao



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Concello ou xestor do servizo a desactivar a tarxeta persoal do/a usuario/a durante os períodos establecidos nestas normas.

- f).** O/A usuario/a está na obriga de restituír, en todo momento, ante a solicitude do Concello ou do xestor do servizo, a súa tarxeta persoal.
- g).** O/A usuario/a será responsábel, en todo momento, das obrigas ou infraccións que se determinen por calquera autoridade ou organismo estatal, autonómico ou local, con motivo da condución da bicicleta.
- h).** Recoméndase o uso de casco de protección homologado e de chaleco reflectante, en especial en horas de menor visibilidade. Os/As condutores/as de bicicletas deberán utilizar cascos sempre que circulen por vías interurbanas, salvo por razóns médicas certificadas.
- i).** Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, se circulan por vía interurbana, os condutores de bicicletas levarán colocada unha prenda reflectante que lles permita aos condutores e demais usuarios distinguilos a unha distancia de 150 metros.
- j).** O/A usuario/a ten a obriga de comunicar de inmediato ao xestor do servizo as incidencias que se produzan, tales como deterioro ou fallo que impida ou dificulte o uso da bicicleta, así como calquera situación na que puidera estar involucrado o/a usuario/a como consecuencia da utilización do servizo.
- k).** En caso de incidente que afecte ás condicións mecánicas da bicicleta, e sen prexuízo da obriga de comunicación, esta quedará baixo a responsabilidade do/a usuario/a ata que a deposite nun punto de préstamo ou a poña a disposición do xestor.
- l).** En caso de perda, roubo ou furto o usuario ten a obriga de denunciar a desaparición da bicicleta á Policía Local, Garda Civil ou Policía Nacional.
- m).** En caso de producirse furto ou roubo da bicicleta a persoa usuaria da mesma deberá entregar unha copia da denuncia ao Concello ou ao xestor do servizo no prazo máximo das 24 horas seguintes á data da denuncia ou día hábil inmediatamente posterior. En caso de non presentar dita denuncia causará baixa no servizo.
- n).** O abandono inxustificado da bicicleta implicará igualmente a baixa no servizo.
- o).** O/A usuario/a ten a obriga de comunicarlle ao Concello ou ao xestor do servizo o cambio dos datos contidos na súa solicitude.

11. PROHIBICIÓNS PARA USUARIO/AS



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Queda prohibido terminantemente:

- a).** A utilización da bicicleta fóra do horario e ámbito establecido (termo municipal de Lalín).
- b).** Prestar, alugar, ceder ou realizar calquera outro acto de disposición da bicicleta a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.
- c).** O uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como beirarrúas, escalinatas, ramplas de patinaxe e camiños de terra.
- d).** A desmontaxe ou manipulación da bicicleta, agás aquelas actuacións de mera conservación que resulten necesarias para o seu uso e que non entrañen dificultade algunha para o/a usuario/a.
- e).** O uso da bicicleta para fins distintos aos propios do obxecto do servizo e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.
- f).** O transporte na bicicleta de calquera persoa engadida ou animal, así como integrar elementos alleos que poidan servir para estes fins.
- g).** Transportar a bicicleta en calquer tipo de automóvil, furgón, camión, etc. agás en caso de devolución ó xestor por avería ou incidente.
- h).** Prohíbese calquera utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas do Código de Circulación.

CAPITULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

12. PRINCIPIOS XERÁIS

O réxime sancionador previsto neste regulamento rexerá polo disposto no título XI da Lei 7/1985 das bases do réxime local, séndolle de aplicación os principios establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas de desenvolvemento.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

O réxime sancionador deste capítulo é independente á inactivación temporal do código á que se refire o artigo 7 deste regulamento.

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos neste regulamento.

13. CLASIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Son infraccións **leves** calquera infracción das presentes normas non cualificadas neste regulamento como graves ou moi graves.

b) Serán infraccións **graves** as seguintes:

- i. A non custodia da bicicleta durante o tempo de disposición da mesma.
- ii. O retraso da entrega da bicicleta por máis de vinte e catro horas.
- iii. Producir danos na bicicleta, así como das instalacións e elementos que integran o servizo por un uso incorrecto das mesmas.
- iv. O incumprimento das prohibicións sinaladas no artigo 11 do presente regulamento.

c) Serán infraccións moi graves as seguintes:

- i. Impedir ou obstaculizar o uso do servizo a outras persoas con dereito a utilizalo.
- ii. Actos de deterioro grave e relevante nas bicicletas, instalacións e elementos do servizo.
- iii. Abandono e perda inxustificada da bicicleta.
- iv. Non denunciar a perda ou roubo da bicicleta.
- v. Non entregar no Concello de Lalín a copia da denuncia formulada por roubo da bicicleta no prazo establecido de 24 horas.

d). A reiteración nas infraccións representa un agravante nas sancións.

14. SANCIÓN S E BAIXA NO SERVIZO.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

As infraccións a este regulamento darán lugar ás seguintes sancións:

- a). Infraccións **leves**: poderán sancionarse coa suspensión do servizo de ata 7 días completos e multa de ata 300 €.
- b). Infraccións **graves**: poderán sancionarse coa suspensión do servizo de ata 30 días, baixa de oficio e prohibición de alta no servizo durante un período de ata 1 ano e multas de ata 750 €.
- C). Infraccións **moi graves**: poderán sancionarse con baixa de oficio e prohibición de alta no servizo durante un período de ata 5 anos e multa de ata 1.500 €.

15. APLICACIÓN DAS SANCIÓN.

Na aplicación das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada considerándose como criterios para a graduación da sanción a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados e a reincidencia, por comisión no período dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza.

16. ESIXENCIA DO PROCEDEMENTO.

A imposición de sancións esixirá a tramitación do correspondente expediente administrativo con audiencia á persoa interesada.

17. RESPONSABLES.

Serán responsables das infraccións deste regulamento as persoas usuarias do servizo de préstamo de bicicletas, así como os seus representantes legais cando sexan menores de idade.

CAPITULO IV. PROTECCIÓN DE DATOS

18. SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais dos usuarios e usuarias do servizo serán obxecto de tratamento informático para os efectos da súa relación co Concello de Lalín como consecuencia da alta no servizo de préstamo de bicicletas. Sobre estes datos o seu titular poderá exercer os dereitos de oposición, acceso,

rectificación e cancelación conforme ao que prevé a Lei orgánica 15/1999 sobre protección de datos de carácter persoal.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da súa



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

publicación no Boletín oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 10.1 da
Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª. INSTRUCCIÓN INTERNAS E INTERPRETACION.

Pola Alcaldía ou Concellería delegada, poderanse establecer instrucións internas que
regulen calquera situación non contemplada neste Regulamento, sempre que non
constitúan unha modificación do mesmo e en desenvolvemento dos seus principios.

Calquera dúbida de interpretación que se derive da aplicación das presentes normas,
será resolta pola Alcaldía ou Concellería delegada de conformidade coa súa delegación,
podendo instarse a emisión dos informes que procedan.

DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto
no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e transcorrido o prazo previsto no artigo
70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 30. PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL “ENTORNOS SAUDABLES”

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 31. ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LALÍN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, *dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente*, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, determinaba na súa disposición derradeira primeira que as entidades locais deberían de adaptar a súas ordenanzas reguladoras do servizo de axuda no fogar ao mesmo. A Consellería de Traballo e Benestar en data 24 de setembro de 2013 publica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Esta norma, que modifica o Decreto 99/2012, establece na súa disposición derradeira cuarta que as corporacións locais deberán adaptar, de novo, as súas ordenanzas ao disposto no referido texto normativo. En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Lalín, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Lalín.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Lalín.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

- b) O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022
contorno habitual.

- c) O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
- d) O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.
- e) Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar, poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

1. Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
2. Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
3. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
4. Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
5. Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
6. Retardar ou evitar a institucionalización.
7. Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

b. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

III. Preparación dos alimentos.

IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.

V. Coidados básicos da vivenda.

c. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

Unha vez garantido o nivel básico de atención poderá incorporar ademais, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares, que será obxecto dunha regulación específica.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou de outras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
5. As atencións persoais priorizaranse sobre as domésticas.
6. Os servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar, limpeza, lavado, cociña ou outros deberán prestarse conxuntamente cos servizos de atención persoal para as actividades da vida diaria.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

7. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a) A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b) Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias.

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia segundo as intensidades e incompatibilidades do SAF no marco do SAAD.

En todo caso, o servizo de axuda no fogar pola modalidade de libre concorrència será incompatible con calquera outra prestación de igual ou similar natureza.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2.A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- 3.A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- 4.A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- 5.A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- 6.A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

- 7.Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 8.A coñeceren a situación do seu expediente.
- 9.A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- 10.Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
- 11.Respecto dos seus dereitos lingüísticos.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- 1.Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- 2.Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- 3.Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal que presta o servizo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
- 4.Colaborar co/coa traballador/a social municipal, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- 5.Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- 6.Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- 7.Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- 8.A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puídese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria, do/a gardador/a de feito e/ou do/a representante legal da mesma.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo, entendendo por tal, o impago de dúas mensualidades ao ano.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio, no suposto de persoas valoradas como dependentes, por un máximo de dous meses.
2. Ausencia temporal do domicilio, no suposto de persoas que acceden ao servizo pola modalidade de libre concorrência: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022
motivan a ausencia.

3. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Lalín ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas (R.U.E.P.S.S.).

As entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal as atencións de carácter básico, regular e continuado, realizadas no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, así como as que non teñan carácter regular, as que se poidan executar fóra do domicilio ou sexan un reforzo das atencións básicas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos.

1.Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador/a do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicaranse os criterios na normativa en vigor.

2.O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade. Este requisito é de obrigatorio cumprimento para a entidade externa prestadora do servizo.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

3.O seguimento da prestación, nos domicilios das persoas usuarias, realizarase polo persoal técnico correspondente, que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o servizo se preste a través dunha entidade privada debidamente autorizada, o/a técnico/a dos servizos sociais comunitarios do Concello realizará unha supervisión dos devanditos seguimentos.

O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo/a traballador/a social municipal, sempre que as circunstancias o fagan necesario previo informe social do/a traballador/a social da empresa adxudicataria a cal deberá realizar as correspondentes visitas de seguimento, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual municipal. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4.O Concello de Lalín, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un/unha traballador/a social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención e anexo de tarefas, asinado polo/a técnico/a responsable, segundo os Anexos III.a e III.b desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Lalín e a persoa usuaria, segundo os Anexos V.a e V.b desta ordenanza.
- d. Informes sociais de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento.

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

*O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Lalín, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do/a coidador/a.

*Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do/a profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrancia, segundo o seguinte procedemento:

2.1. Presentación da solicitude, segundo o Anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- 3- Fotocopia cotexada do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- 4- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- 5- Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.(Anexo IV)
- 6- Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia das administración competente, de ser o caso.
- 7- Solicitude de Domiciliación Bancaria. (Anexo VI)
- 8- Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

* Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente ou autorización ao Concello de Lalín para solicitar estes datos.

* Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.

- 9- Calquera outra documentación que sexa requirida polo/a traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

2.2. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, quen determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

a tal fin, segundo anexo XI.

2.3.A Concellería con competencias en materia de Servizos Sociais elaborará un Informe Xurídico – Social de proposta que será elevado ao/á Concelleiro/a Delegado/a para a súa presentación perante a Xunta de Goberno Local que resolverá concedendo o denegando o acceso ao servizo. O prazo máximo para resolver será de tres meses, entendéndose desestimadas as solicitudes non resoltas por silencio administrativo.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo.

2.4.Cando concorran circunstancias de emerxencia que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe xurídico social de proposta. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadéante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Enténdese por situacións ou circunstancias de emerxencia:

- Situación de Desamparo ou abandono.
- Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica.

2.5. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo os modelos establecidos nos anexos V.a e V.b desta ordenanza.

2.6. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado 2.1 deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

1. A alta no servizo producirase:

- Modalidade dependencia : a alta virá condicionada pola inclusión da persoa solicitante no Programa de Asignación de Recursos (PAR) e o inicio do servizo producirase no prazo dunha semana dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.
 - Modalidade Libre Concorrenza: a alta no servizo efectuarase no prazo dunha semana dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.
 - Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

2.Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio, para elo asinarase o Anexo III.a.

3.Realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

4.Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo os modelos establecidos nos anexos V.a e V.b desta ordenanza.

5.O persoal técnico elaborará un programa individual de atención, segundo o anexo III.b desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do/a usuario/a, con carácter mínimo bimensual.

6.Así mesmo, entregarase á persoa usuaria o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

7. A empresa adxudicataria do servizo entregará ao o persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8.Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. Entregarase unha copia debidamente visada da ordenanza.

9.O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

9.1.Solicitud de acceso ao servizo (anexo I.a)

9.2. Un informe social de avaliación inicial, asinado polo/a técnico/a competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar que incluírá o proxecto de intervención no fogar e o anexo de tarefas.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

9.3. Un proxecto de intervención asinado polo/a traballador/a social recollendo como mínimo:

- Horario de atención.
- Obxectivos.
- Tarefas que se propoñen tanto de carácter persoal como doméstico.
- Data de revisión de proxecto.
- Datos do persoal auxiliar de atención directa asignado.

O citado proxecto deberá contar co visto e prace do/a técnico/a municipal no caso de que sexa realizado polo/a técnico/a da empresa adxudicataria.

-Acreditación de que a persoa usuaria ou a familia e o persoal auxiliar asignado no domicilio son coñecedores/as das tarefas encomendadas.

9.4. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Lalín e a persoa usuaria, segundo os anexos V.a e V.b desta ordenanza.

9.5.Certificado do acordo de Xunta de Goberno Local.

9.6.Informe Médico (anexo IV).

9.7.Resolución do recoñecemento do grao de discapacidade ou de dependencia, se fose o caso.

9.8. Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependente.

A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

A súa aplicación horaria, será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 15º.- Intensidade na prestación do servizo para as persoas atendidas na modalidade libre concorrencia.

1.A intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada pola Concellería de Benestar e Emigración, cuxa distribución determinarase en horas/semana de atención.

2.O máximo de horas semanais será de 5 repartidas de luns a venres.

3.En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1.A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración vixentes en cada momento. A capacidade económica persoal da persoa usuaria será a correspondente á súa renda, modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, un 3 por 100 dos 35 aos 65 anos e dun 1 por cento aos menores de 35 anos.

2. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación de solicitude.
3. No obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presenta a solicitude.
4. A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se computen en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.
5. A capacidade económica da persoa usuaria será a determinada na resolución do programa individual de atención (SIGAD) que, consonte ao artigo 38.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, incluírá un pronunciamento expreso sobre a participación do/a usuario/a no custo dos servizos.

6.En todo caso, estarase aos criterios de valoración e ás normas sobre o mínimo vital que estableza a normativa vixente na materia.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 17.-Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo 16, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1.Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, atendendo tamén aos artigos 16.3,16.4 e 16.5 da presente ordenanza.

2.Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 18º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1. O Concello de Lalín para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade Económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	< = 20h	< = 45h	< = 70h
100,00%	0,00%	0,00%	0,00%



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

115,00%	4,52%	9,61%	14,70%
125,00%	5,41%	11,50%	17,58%
150,00%	5,55%	11,79%	18,03%
175,00%	5,65%	12,00%	18,35%
200,00%	5,72%	12,16%	18,60%
215,00%	5,81%	12,34%	18,87%
250,00%	6,03%	12,82%	19,61%
300,00%	6,24%	13,26%	20,29%
350,00%	6,42%	13,63%	20,85%
400,00%	6,54%	13,90%	21,25%
450,00%	6,63%	14,09%	21,55%
500,00%	6,70%	14,25%	21,79%
> 500%	6,76%	14,36%	21,97%

2.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3.- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 19º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, é dicir, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 17 de esta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	35%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	55%
Maior de 2,50 IPREM	75%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha **problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.**

2. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 20º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Lalín , en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 21º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 22º.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado/a nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 23º. -Nacemento da obriga de pago.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

Artigo 24º- Normas de xestión.

1. A xestión do prezo público correspondelle aos Servizos sociais municipais.
2. O pagamento efectuarase mediante cargo na conta bancaria que a persoa usuaria deberá facilitar no modelo oficial que lle será facilitado polo Concello, debendo ser obrigatoriamente asinado por todos os usuarios.
3. Mensualmente o departamento de servizos sociais remitirá ao órgano de recaudación unha relación comprensiva das altas e baixas producidas no mes anterior, con indicación das contas bancarias das persoas obrigadas ao pagamento, así como dos servizos prestados, do importe do copago dos usuarios e demais datos necesarios para liquidar. As matrículas ou listas cobratorias aprobaranse pola Alcaldía ou órgano en quen delegue.
4. As deudas do prezo público regulado nesta Ordenanza poderanse existir polo procedemento administrativo de constriximento en caso de impago por parte do beneficiario en período voluntario”

Artigo 25º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Contra o acordo definitivo poderá interpoñerse recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 186 de 27 de setembro de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Esta ordenanza entrará en vigor segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Publicación no BOP de 13 de maio de 2014, entrada en vigor o día 1 de xuño de 2014.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 28 de abril de 2017 publicada no BOP do 14 de novembro de 2017.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO E REGULAMENTO Nº 32. REGULACIÓN DOS
PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS
DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN.

-

Título I.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.-Fundamento legal

De conformidade co disposto no artigo 41 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o “Prezo Público polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-Feito imponible

Constitúe o obxecto ou feito imponible deste prezo público a utilización das instalacións deportivas municipais e a prestación dos servizos promovidos polo Concello de Lalín en ditas instalacións deportivas. A estes efectos, tamén gozan da condición de instalación deportiva municipal aquelas instalacións e espazos de uso deportivo cedidas por calquera título xurídico ó Concello de Lalín para a súa xestión, explotación ou utilización.

A utilización das instalacións deportivas municipais será libre e permitida a todos os cidadáns, sen prexuízo de que poidan establecerse restricións en función da



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

capacidade das instalacións, como consecuencia das actividades e programas deportivos que se determinen por este concello. A estes efectos, os veciños do Concello de Lalín terán preferencia para o uso das instalacións municipais nos términos establecidos no artigos 3º e 16º do Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín.

As Entidades deportivas que, sendo representativas do deporte no Concello de Lalín, suscriban, nos términos que estableza o Regulamento de Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Lalín, un convenio de uso co concello, seralles de aplicación exclusivamente o canon que no seu caso se estableza en dito convenio pola utilización das instalacións.

Título II.- DEVINDICACIÓN E OBRIGADOS Ó PAGO

Artigo 3- Obrigación de pagamento .

En atención á natureza do uso ou actividade de que se trate, devindícase o prezo público e nace a obriga de pagamento do mesmo cando se inicie a prestación do servizo ou a utilización dos recintos deportivos, mediante a solicitude de prestación e de acceso ás instalacións.

-

-

Artigo 4.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos e están obrigados ó pago dos prezos públicos tódalas persoas que utilicen as instalacións deportivas municipais ou disfruten dos servizos.

Tamén están obrigadas as persoas ou entidades que sexan beneficiarias de servizos prestados polo Concello de Lalín.

Título III.- CONTÍA, SUPOSTOS DE EXENCIÓN E BONIFICACIÓN E NORMAS DE XESIÓN



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 5- Contía

A contía dos prezos públicos será a fixada nos anexos da presente Ordenanza para cada un dos distintos usos, servizos ou actividades.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións. Norma xeral.

Non se concederán exencións nin bonificacións na exacción deste prezo público, sen que poidan considerarse beneficios fiscais a graduación das tarifas en función do coste do servizo e da capacidade económica dos suxeitos pasivos das persoas que teñen que satisfacelos, ou do empadramento no Concello de Lalín.

Artigo 7.- Supostos de non suxeición.

Non extará suxeita ó pago dos prezos públicos previstos nesta Ordenanza a utilización das instalacións deportivas nos seguintes casos:

- a) A utilización para a celebración de Campionatos Escolares.
- b) A utilización para as celebracións de actividades de carácter benéfico.
- c) A utilización para a celebración de actividades organizadas polo Concello de Lalín.
- d) A utilización de forma colectiva de instalacións ou espazos polos centros de ensino públicos ou concertados, para o desenvolvemento da asignatura de Educación Física, cando se trate de instalacións ou espazos deportivos dos que carezcan os respectivos centros e que se realicen en horario lectivo ou distinto deste, estando neste último caso condicionada á existencia previa de dispoñibilidade horaria. Exclúese en todo caso o uso ou realización de actividades nas piscinas.

Artigo 8.- Normas de xestión

Liquidación e cobranza.

a) Pagamento único: a cobranza das tarifas reguladas nesta Ordenanza efectuarase, segundo os casos, ingresando o importe que corresponda na conta aberta polo Concello de Lalín a tales efectos, ou ben nas oficinas do Pavillón Polideportivo municipal ou do complexo Lalín Arena, contra a entrega do correspondente recibo numerado.

b) Pagamento fraccionado: no caso das actividades organizadas polo Concello de Lalín e nos supostos de abonos, os inscritos deberán domiciliar os seus pagamentos, que



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

serán prorrateados mensualmente e cargados na conta designada polos interesado. Cando se trate de abonos anuais serán cobrados polo seu importe íntegro no momento da súa suscripción, mediante domiciliación bancaria.

As cantidades cobradas nas oficinas do Pavillón municipal e no multiusos Lalín Arena, ingresaranse na tesourería do Concello de Lalín, previa extensión do pertinente mandamento de ingreso, ó que se engadirá a relación de beneficiarios das instalacións, indicando as horas, días e importe. Alternativamente, poderá presentarse na Tesourería un talón de abonamento na c/c do Concello de Lalín, para que se formalice o correspondente ingreso coa entrega da carta de pagamento.

De conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, as débedas polos prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

Artigo 9- Baixas nas actividades e devolucións.

a) A baixa nunha actividade deberá ser solicitada polo interesado/a por escrito ante o rexistro municipal antes do día 25 do mes anterior e causará efectos no mes seguinte. Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que adeuden dúas mensualidades, sen prexuízo do cobro dos recibos por vía executiva.

No caso de ser baixa en actividades escolares, que se desenvolven dende outubro a xuño, non se permitirá unha nova alta para o mesmo usuario e a mesma actividade ata o comezo do novo curso na actividade respectiva.

b) Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo non se puidera prestar o servizo ou realización da actividade, procederase á devolución do importe percibido, previa solicitude do interesado/a.

Artigo 10- Supostos de devolución dos prezos satisfeitos

10.1.- Norma xeral. Procederá a devolución dos prezos satisfeitos nos seguintes supostos:

-Actividades programadas polo Concello de Lalín que por causas alleas ó usuario non poidan realizarse.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

-Realización de obras nas instalacións que impidan o uso ou realización da actividade.

10.2.- Norma especial para cursos e demais actividades deportivas programadas.

-Nestes casos non procederá a devolución do prezo público satisfeito unha vez transcorrido o último día natural do mes anterior a aquel no que comece o curso ou actividade deportiva programada.

-Poderase compensar ós usuarios de cursiños por aquelas sesións que non poidan gozar por inasistencia do monitor ou por calquera outra causa non imputable ó usuario con outra clase dirixida de similares características.

Artigo 11.- Normas complementarias

As tarifas establecidas correspóndense cos servizos e utilizacións que nas mesmas se contemplan e o ingreso do prezo público faculta ó usuario para o disfrute das instalacións complementarias, como duchas, vestiarios, etc., se ben con carácter xeral, cada unha das actividades, servizos, ou usos que se presten ou autoricen e que se relacionan nas tarifas é independente e dará lugar á exacción dos prezos públicos correspondentes.

A celebración de actos, eventos ou espectáculos públicos nas instalacións deportivas municipais requirirá a autorización expresa do Concello de Lalín, na que se determinarán as condicións de uso e tempo da utilización, así como a fixación do canon que corresponda abonar polo solicitante atendendo ás circunstancias concurrentes. O uso de determinadas instalacións pode esixir a prestación dunha fianza ou depósito, en cantidade non superior a 10.000 € que en nin gún caso terá a natureza de taxa e será reintegrada ó usuario ó finalizar a utilización.

O Concello de Lalín poderá concertar para o desenvolvemento de programas deportivos, convenios ou concertos con Clubes, Asociacións, Federacións, Entidades ou Organismos que promocionen o deporte, coas contraprestacións que se especifiquen en ditos convenios ou concertos, a efectos de que poidan beneficiarse dunha maior operatividade no seu funcionamento.

Tamén poderanse establecer, para o desenvolvemento de programas deportivos xestionados polo Concello de Lalín, convenios e concertos con Clubs, Federacións, Empresas deportivas ou persoas físicas, coas contraprestacións que se especifiquen en devanditos convenios, podendo prorrogarse polas partes contratantes coa revisión periódica que se acorde.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Igualmente poderanse celebrar convenios con fins distintos aos deportivos, é dicir, para actividades artísticas e culturais, con aquelas Sociedades que teñan estas finalidades nos seus Estatutos.

Tamén poderanse concertar con persoas físicas ou xurídicas a cesión das instalacións para actuacións determinadas, nas condicións que sinala o Concello de Lalín e realizándose ditas actuacións baixo a exclusiva responsabilidade das persoas contratantes.

Título IV.- RÉXIME DE ENTRADAS, BONOS E ABONOS

Artigo 12.- Bonos e Entradas.

12.1.- Mediante a adquisición dunha **Entrada** o usuario terá dereito a acceder ás instalacións do Lalín Arena, incluído o acceso ás piscinas municipais, entendéndose que cando a persoa usuaria se ausente do recinto, con tódalas súas pertenzas, finaliza o dereito a facer uso de ditos servizos, de tal modo que, de volver a desexar utilizar os mesmos, sería necesario o abono dun novo prezo público de entrada.

A **Entrada individual Pádel** da dereito de acceso e utilización de pista por parte do usuario individual durante un máximo de 90 minutos, sendo ésta a única opción temporal ofertada, non contemplándose a posibilidade de fraccionar por período de tempo inferior.

12.2. Mediante a adquisición dun **Bono** o usuario terá dereito ó número de usos previsto para unha concreta modalidade deportiva, servizo ou actividade, segundo o previsto no Anexo de tarifas desta ordenanza.

Só no caso de que expresamente se prevea, poderase utilizar un bono para varias modalidades deportivas, servizos ou actividades.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

12.3.1.-Os Bonos terán a seguinte **caducidade**, a contar dende a data de expedición:

-Bonos de 10 usos: caducidade 2 meses.

-Bonos de 15 usos: caducidade 3 meses

12.3.2.- Os Bonos Pádel terán a seguinte **caducidade**, a contar dende a data de expedición:

-Bonos de 10 sesións (de acceso + pista por usuario 90´): caducidade 60 días.

-Bonos de 15 sesións (de acceso + pista por usuario 90´): caducidade 90 días.

12.4.- Os bonos en vigor non quedarán afectados pola aprobación de novas tarifas

12.5.- Os bonos teñen carácter persoal e non poderán transmitirse a un terceiro.

Artigo 13.- Abonos para persoas físicas.

13.1.- Mediante a adquisición da condición de abonado, o usuario persoa física poderá disfrutar das tarifas e do conxunto de servizos e vantaxes que se prevean especificamente para unha concreta modalidade deportiva, servizo ou actividade.

13.2.-O ABONO DEPORTE LALÍN, de aplicación nas instalacións xestionadas directamente polo Concello de Lalín, inclúe a utilización con carácter libre de piscinas, ximnasio, SPA, sauna, baño turco e acceso a calquera actividade, salvo a aqueles usos ou actividades que contén cunha tarifa específica, segundo o establecido no Anexo desta Ordenanza.

Tipos de abono:

Abono adulto. Contéplase con carácter xeral para maiores de 25 anos.

Abono familiar. Contéplase para tódolos grupos familiares, teñan a súa orixe no matrimonio ou na unión estable de dúas persoas que convivan en relación de afectividade análoga á conxugal e os seus fillos ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante. Será necesario a presentación do libro de familia ou certificación acreditativa da inscrición no rexistro de parellas de feito.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Abono monoparental. Contémplase para a familia monoparental, entendendo por tal o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ó seu sustento, debendo acreditarse esta última circunstancia mediante declaración responsable. Será necesario, así mesmo, a presentación do libro de familia, volante de convivencia e, no seu caso, calquera outro documento oficial acreditativo da condición de familia monoparental.

Abono xoven. Contémplase para os menores de 25 anos. Computarase a idade no momento da expedición do abono.

Abono matinal. Contémplase para a utilización das instalacións en horario de 07:45 a 15:00 horas, de luns a venres, excepto cando coincidan día festivo.

Abono xubilado. Contémplase para xubilados por idade ou enfermidade e para os seus sobrevivintes que perciban pensión de viudedade, debendo achegarse a documentación que o acredite.

Abono discapacitados. Contémplase para discapacitados con grao igual ou superior ó 33% acreditado documentalmente.

Abono parados. Contémplase para as persoas inscritas como demandantes de emprego, que contén coa correspondente tarxeta acreditativa actualizada, debendo xustificar mensualmente tal condición.

13.3. Ademáis do disposto nos apartados anteriores, para acceder a calquera das modalidades de abono para residentes contemplados no Anexo desta ordenanza, deberá acreditarse fehacientemente tal circunstancia, mediante certificado ou volante de empadramento no Concello de Lalín emitido pola Administración municipal.

13.4.- Os abonos teñen carácter persoal e non poderán transmitirse a un terceiro.

Título V.- OTRAS DISPOSICIONES

Artigo 14.- Infraccións e sancións

Constitúen infraccións:

- a) A produción de deterioros ou danos nas instalacións deportivas ou de recreo
- b) A alteración da orde no interior do recinto.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

c) A utilización de instalacións deportivas ou de recreo para fins distintos ós previstos na súa autorización.

d) O incumprimento das normas de uso das instalacións, así como das instrucións ditadas polo persoal destas.

e) Calquera outro incumprimento das obrigas contraídas ó obter a autorización.

Para a graduación das infraccións reguladas no apartado anterior estarase á clasificación contida na Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa regulación dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, dependendo da intencionalidade e negligencia do infractor e da gravidade da infracción cometida. Ditas infraccións levarán aparelladas multas, cos límites fixados no artigo 141 da citada lei.

A infracción regulada no apartado a) do presente artigo dará lugar ó obriga de reintegro do custe total da reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así coma a imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva municipal durante un ano a partir da comisión da infracción.

Se os danos foran irreparables, a indemnización á que se refire o parágrafo anterior consistirá nunha suma de diñeiro igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados de forma irreparable.

Disposición final.

Primeira.- A presente modificación da normativa entrará en vigor e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO 1.- TARIFAS

A liquidación dos prezos públicos pola aplicación da presente normativa realizarase de conformidade coas seguintes tarifas:

1.- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, PAVILLÓNS DOS COLEXIOS, PISTAS DE TENIS, XIMNASIO E ROCÓDROMO

A) PAVILLÓN DE GOMA

	Con luz
ALUGUEIRO prezo hora	8,00 €

Espectáculos deportivos

Por acto e día
60,10 €

Festivais e actos deportivos organizados polos colexios e institucións culturais e



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

recreativas:

Por acto e día
30,05 €

Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte:

Por acto e día
150,25 €

Festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional

Por acto e día
360,60 €

B) PAVILLÓN DE CEMENTO

	Con luz
ALUGUEIRO prezo hora	6,50 €

Espectáculos deportivos

Por acto e día
30,05 €

Festivais e actos deportivos organizados polos colexios e institucións culturais e recreativas:

Por acto e día
15,05 €

Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte:

Por acto e día
90,15 €

Festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional

Por acto e día
240,40 €

C) PAVILLÓN COLEXIOS:

6) Prado



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

- 7) Xesús Golmar
- 8) Vilatuxe
- 9) Cercio

	Con luz
ALUGUEIRO prezo hora	6,50€

Espectáculos deportivos

Por acto e día
15,05 €

Festivais e actos deportivos organizados polos colexios e institucións culturais e recreativas:

Por acto e día
Gratuito

Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte:

Por acto e día
60,10€

Festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional

Por acto e día
120,20 €

D) PISTAS DE TENIS

	Con luz	Sen luz
ALUGUEIRO	2,00 €	1,00 €

E) XIMNASIO

	Con luz	Sen luz
ALUGUEIRO prezo/hora	4,00 €	3,00 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

F) ROCÓDROMO

ALUGUEIRO prezo/hora	1,50 €	

Só poderán facer uso desta instalación persoas ou entidades con licencia federativa de escalada

2.- ESCOLAS DEPORTIVAS

-Actividades de dúas *sesións semanais (en días distintos ou no mesmo día):
15 € ao mes por participante, independentemente da súa idade.

-Actividades dunha *sesión semanal. 7,50 € ao mes por participante,
independentemente da súa idade.

*Sesión: cada sesión non durará menos de 45 minutos nin mais de 60 minutos. Irá en función do tipo de actividade e/ou instalación onde se realice.

Para a posta en marcha e desenvolvemento de actividades das distintas escolas deportivas, requírese un grupo mínimo de 15 inscritos, salvo para as escolas que se desenvolvan no ámbito rural, no que o mínimo de persoas inscritas será de 10.

3.- ESTADIO MANUEL ÁNGEL CORTIZO

CAMPO DE HERBA

	Con luz	Sen luz
ALUGUEIRO prezo día	150,25 €	90,15 €

CAMPO DE FUTBOL GRANDE HERBA SINTÉTICA

	Con luz	Sen luz
ALUGUEIRO prezo hora	50 €	35 €

1/2 CAMPO DE FUTBOL GRANDE HERBA SINTÉTICA

	Con luz	Sen luz
ALUGUEIRO prezo hora	25 €	18 €

CAMPO PEQUEÑO DE FÚTBOL – 7 DE HERBA SINTÉTICA

	Con luz	Sen luz
--	---------	---------



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ALUGUEIRO	25 €	18 €
prezo hora		

As tarifas anteriormente relacionadas, incrementaranse con ocasión da realización de actividades ou servizos extraordinarios, tomando como base o custe económico que orixine para o Concello a organización das devanditas actividades ou servizos.

4.- MULTIUSOS LALÍN ARENA -PISCINA

concepto	prezo
MATRÍCULA (por cada nova inscrición)	10,00 €

TARIFA PARA RESIDENTES	
ABONOS ANUAIS	
Abono individual adulto	320,00 €
Abono individual matinal	165,00 €
Abono xoven e abono xubilados	150,00 €
Abono familiar (+60 € por cada fillo maior de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante, ascendendo o <u>abono familiar máximo a 482,00 €</u>)	422,00 €
Abono familiar monoparental (inclúe aos fillos maiores de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante)	380,00 €
Abono discapacitados	127,50 €
ABONOS MENSUAIS	
Abono individual	35,00 €
Abono individual matinal	22,00 €
Abono familiar (+ 5 € polos fillos maiores de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante, ascendendo o <u>abono familiar máximo a 48,50 €</u>)	43,50 €
Abono familiar monoparental (inclúe aos fillos maiores de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante)	40,00 €
Abono xoven e abono xubilados	20,00 €
Abono discapacitados	17,00 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Abono parados	18,00 €
---------------	---------

TARIFA PARA NON RESIDENTES	
ABONOS ANUAIS	
Abono individual adulto	352,00 €
Abono individual matinal	181,50 €
Abono xoven e abono xubilados	165,00 €
Abono familiar (+66 € por cada fillo maior de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante, ascendendo o <u>abono familiar máximo</u> a <u>530,20 €</u>)	464,20 €
Abono familiar monoparental (inclúe aos fillos maiores de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante)	418,00 €
Abono discapitados	140,25 €
ABONOS MENSUAIS	
Abono individual	38,50 €
Abono individual matinal	24,20 €
Abono familiar (+ 5,50 € polos fillos maiores de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante, ascendendo o <u>abono familiar máximo</u> a <u>53,35 €</u>)	47,85 €
Abono familiar monoparental (inclúe aos fillos maiores de 6 anos e ata os 21 anos ou ata os 24 anos con carné de estudante)	44,00 €
Abono xoven e abono xubilados	22,00 €
Abono discapitados	18,70 €
Abono parados	19,80 €

CURSOS E CLASES DE NATACIÓN	
	€/mes
ADULTOS: 3 días semanais	30,00 €
2 días semanais	25,00 €
1 día semanal	20,00 €
NENOS (ata 14 anos) : 3 días semanais	25,00 €
2 días semanais	20,00 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

1 día semanal	15,00 €
BEBÉS (de 5 a 24 meses) : 3 días semanais	31,50 €
2 días semanais	23,50 €
1 día semanal	17,00 €
Desconto nos cursos para abonados e maiores de 65 anos	-70%

CURSOS NATACIÓN ESCOLAR (para Colexios, AMPAS, e asociacións ou entidades sen ánimo de lucro con fins benéficos-esistenciais)	€/mes
Duración curso lectivo, 1 día semana	6,50 €
Duración curso lectivo, 2 días semana	12,00 €

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO LALÍN ARENA (pola participación en cada escola deportiva, SEN MATRÍCULA)	€/mes
Escolas de 2 sesións semanais	15,00 €
Escolas de 1 sesión semanal	7,50 €
Desconto nas escolas deportivas municipais para abonados	-70%

ENTRADAS DIARIAS	
Multiusos Lalín Arena, con acceso ás piscinas e a usos e actividades que non teñan establecida unha tarifa específica	5,00 €
Multiusos Lalín Arena, entrada para menores de entre 3 e 16 anos, con acceso ás piscinas e a usos e actividades que non teñan establecida unha tarifa específica	3,00 €
Piscina Exterior, adultos (tarifa para non abonados)	1,50 €
Piscina Exterior, menores de 16 e maiores de 59 anos (tarifa para non abonados)	0,50 €
Piscina Exterior, Bono Familiar de Temporada para familias con	0,00 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

escasos recursos (1)	
----------------------	--

CURSO NATACIÓN- PERFECCIONAMENTO	€/mes
3 días semana, con monitor (para nenos/as ata 14anos)	21,00 €

PISCINA: ALUGUER CALLES PARA CURSOS E ACTIVIDADES	
Clubes de natación, asociacións, campionatos, etc. (por calle e hora)	13,00 €

SERVIZO DE ENTRENADOR PERSOAL	€/mes
SERVIZO DE ENTRENADOR PERSOAL , tarifa para abonados	40,00 €
SERVIZO DE ENTRENADOR PERSOAL , tarifa para non abonados	75,00 €

PISTA DE PÁDEL	€
Entrada individual Pádel (acceso + pista por usuario 90 minutos)	6,00 €
Bono Pádel 10 sesións (acceso + pista por usuario 90 minutos)	40,00 €
Bono Pádel 15 sesións (acceso + pista por usuario 90 minutos)	50,00 €
Suplemento Pádel para distintos tipos de abonados (familiar, individual, matinal, xove, etc.) por cada 90 minutos de utilización de pista	1,50 €

BONOS ENTRADA ÁS INSTALACIÓNS do LALÍN ARENA, con acceso ás piscinas e a usos e actividades que non teñan establecida unha tarifa específica	
Bono 10 usos	30,00 €
Bono 15 <i>usos</i>	40,00 €

ALUGUER DE ESPACIOS DO MULTIUSOS LALÍN ARENA	€/hora
Aluguer pista polideportiva, sin luz	24,00 €
Aluguer pista polideportiva, con luz	36,00 €



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Aluguer pavillón completo	45,00 €
---------------------------	---------

MATERIAL DEPORTIVO NATACIÓN	
Gafas	12,50 €
Gorro <i>poliéster</i>	1,80 €
Gorro <i>lycra</i>	3,10 €
Gorro silicona	4,20 €
Chancletas	7,25 €
Pinzas nariz	2,55 €
Tapóns orellas	2,30 €
Calcetíns <i>látex</i>	3,00 €

Permitiranse realizar **campañas promocionais** coa finalidade de captar abonados ás instalacións do multiusos Lalín Arena, dentro dos seguintes límites e sempre previa a aprobación do plan de promoción polo órgano competente do Concello:

Máximo de 6 campañas anuais, nas que a redución na cuota de matrícula poderá acadar ata un máximo do 100%, e a redución máxima no abono correspondente á primeira mensuralidade será do 50%, e na segunda mensuralidade do 100%. Establécese un límite temporal de aplicación de cada unha das campañas, de 20 días naturais.

(1) Bono Familiar de Temporada para familias con escasos recursos, para o acceso ás Piscinas Exteriores .-

Esta modalidade de Bono terá carácter persoal e intransferible e para a súa obtención solicitarase no Concello de Lalín e concederase, previa valoración dos Servizos Sociais municipais, a **familias con escasos recursos, perceptoras de RISGA ou AIS e familias con todos os seus membros no paro.**

A efectos da consideración de Familia con Escasos Recursos aplicarase o seguinte criterio:

Segundo a disposición adicional sexagésima do Proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, o IPREM para o 2016 queda fixado en 6.390,13 euros/anuais. En función desta contía, os ingresos económicos da unidade **familiar non poderán superar en máis de 2 veces o IPREM: 12.780'26 €**

A renda da unidade de convivencia obterase sumando os ingresos netos do ano en curso de cada un dos seus membros. Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade de convivencia que será o resultado da agregación das rendas do exercicio 2014 de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes ós exercicios anteriores. Deste resultado restarase a cota líquida resultante de autoliquidación. o resultado obtido constituirá os ingresos totais anuais da unidade familiar. Para o cómputo da renda



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

familiar realizarase a seguinte operación coa declaración do IRPF: Casiña 366 + casiña 374 – casiña 369 – casiña 511

Teranse en conta os ingresos de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, etc.

REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Lalín e dítase ó abeiro das competencias que neste materia atribúe ós concellos os artigos 4.a), 22, 25.2.m), 26.1.c) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; artigo 55 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local y o artigo 53.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O presente Regulamento será de aplicación á totalidade das Instalacións Deportivas municipais nos términos establecidos no artigo primeiro e as súas normas servirán para garantir os dereitos dos usuarios así como para fixar as necesarias obrigas ou deberes destes co persoal, cos demais usuarios ou co propio equipamento deportivo

TITULO I. CONDICIÓN XERAIS PARA TÓDALAS INSTALACIÓNS

Artigo 1º.- Instalacións deportivas municipais.

Son instalacións deportivas municipais tódolos edificios, terreos, recintos e dependencias de titularidade municipal destinados á práctica deportiva.

As instalacións deportivas municipais definidas no parágrafo anterior son bens de dominio público pertencentes ao servizo público. Tamén o son os bens mobles incorporados permanentemente a calquera delas.

Poderán ter a condición de instalación deportiva municipal aquelas cedidas, por calquera título xurídico, ó Concello de Lalín para a súa xestión ou explotación. Estas instalacións rexeranse polo establecido no presente regulamento salvo que o instrumento de cesión establecera un réxime propio de xestión ou explotación.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 2º.- Características das instalacións deportivas municipais.

As instalacións deportivas municipais cumprirán as normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación para persoas con diminucións ou discapacidades funcionais e demais normativa aplicable.

Artigo 3º.- Usos sometidos a tributación

As instalacións deportivas municipais estarán abertas ao público e poderán acceder a elas e utilizalas calquera cidadán/á mediante a subscrición da correspondente taxa, daccordo coas normas do presente regulamento.

Os veciños empadroados no Concello de Lalín terán preferencia para o uso das instalacións municipais no inicio dos cursos e preferencia nas listas de espera.

Artigo 4º.- Ingreso de taxas e prezos públicos.

O pagamento da taxa ou prezo público para poder utilizar a instalación é obrigatorio e realízase, antes da utilización da instalación, na forma e contía que estableza o texto regulador vixente, sen que se poida conceder ningún tipo de redución ou exención, agás as expresamente previstas na devandita normativa e de acordo co trámite legal procedente da aprobación polo órgano competente se fose necesario.

Artigo 5º.- Modalidades de aboamentos.

Os tipo de carné de subscrición deportiva municipal e modalidades de aboamento serán os estipulados segundo o que estableza a ordenanza fiscal vixente ou normativa reguladora dos prezos públicos, no seu caso.

Artigo 6º.- Limitación funcional de espazos deportivos.

En cada instalación poderán practicarse os deportes ós que especialmente estea destinada, sendo tamén posible a práctica doutros deportes, sempre que técnicamente sexa posible e previa autorización. As instalacións deportivas municipais poderán ser destinadas de forma puntual a actividades de carácter social ou cultural que cumpran os requisitos que para cada caso se contemplan.

Artigo 7º.- Información básica.

En cada unha das instalacións deportivas figurará, con carácter preceptivo e en lugar visible un cartel coas seguintes informacións:

-Referencia ao texto vixente regulador das tarifas do uso das instalacións



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

deportivas.

- Referencia ás normas de uso das instalacións deportivas.
- Horario de funcionamento.

Artigo 8º.- Reclamacións.

Todo usuario dunha instalación deportiva municipal, individual ou colectivo, poderá solicitar as follas de reclamación para efectuar as reclamacións pertinentes, na oficinas ou recepción da propia instalación deportiva.

Non se tramitarán as reclamacións que se presenten de forma anónima, debendo constar de forma obrigatoria o número do DNI ou carta de residencia o número de abonado, no seu caso.

Artigo 9º.- Réxime de aproveitamentos publicitarios.

O Concello de Lalín poderá autorizar a existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, estando prohibida a colocación de carteis que non estean autorizados previamente.

Artigo 10º.- Medidas preventivas e cautelares.

O Concello de Lalín recomenda aos usuarios someterse a un recoñecemento médico previo antes de iniciar calquera actividade programada por éste, reservándose o dereito de esixilo se o estimase conveniente.

Queda prohibido o uso das instalacións a todas aquelas persoas que padezan algunha enfermidade contaxiosa.

TITULO II. USUARIOS.

Artigo 11º.- Condición de usuario.

Para os efectos da presente Normativa enténdese por usuarios das instalacións deportivas municipais a aquelas persoas ou entidades que utilizan éstas, ben participando en programas promovidos e xestionados polo Concello de Lalín, ben participando do utilización, aluguer ou cesión dos devanditos espazos deportivos, así como os abonados.

Terán a condición de abonados todas aquelas persoas, residentes ou non no municipio de Lalín, que estean en posesión do abono ou do carné de suscripción deportiva municipal que acredite a súa condición de abonado e esté ó corrente do pagamento do período en curso.

O carné de suscripción deportiva é persoal e intransferible.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 12º.- Renuncia á utilización de instalacións.

O usuario poderá renunciar ao uso da instalación ou servizo e terá dereito á devolución do importe ou optará a unha nova reserva, sempre que se trate dun servizo mensual, presente o correspondente comprobante de pagamento e estea, ademais, nos seguintes casos:

- suspensión do servizo ou actividade en máis de cinco días consecutivos por problemas ou incidencias alleas oa usuario, agás en datas de vacacións.
- Razóns especiais de organización do Concello de Lalín (celebración de eventos, etc.), sempre que se produza sen aviso previo.

No caso de desaxuste de horarios por causas alleas, os usuarios poderán optar por:

- Prorrogar a hora de comezo da actividade se á seguinte hora non estivese alugada ou reservada a instalación.
- Cambiar a outra instalación que estivese libre.
- Solicitar un troco de data e/ou hora con presentación do correspondente recibo.

Artigo 13º.- Dereitos dos usuarios.

Son dereitos dos usuarios das Instalacións deportivas municipais:

- 1.- Ser tratados con educación e amabilidade por todo o persoal que presta servizos nas instalacións deportivas.
- 2.- Gozar, de acordo ás normas de uso establecidas e as tarifas vixentes, de tódolos servizos que preste o Concello de Lalín e as súas instalacións.
- 3.- Facer uso das instalacións nos días e horarios sinalados no programa ou aluguer contratado, se ben o Concello de Lalín por necesidade de programación ou forza maior poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando sempre esta circunstancia aos afectados coa máxima antelación posible.
- 4.- Atopar as instalacións, o mobiliario e o material deportivo nas mellores condicións posibles.
- 5.- Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes, por escrito nas follas disponibles en cada instalación ou no rexisto do Concello de Lalín.
- 6.- Poder consultar nas diferentes instalacións o Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais.

Artigo 14º.- Obrigas dos usuarios.

Son obrigas dos usuarios das Instalacións deportivas municipais:

- 1.- Aboar a tarifa correspondente ao uso, servizo ou actividade elixida, segundo a ordenanza ou normativa reguladora vixente.
- 2.- Identificarse mediante o seu correspondente documento no control de acceso



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

e presentar o carné, tarxeta, bono ou documento identificativo estipulado cando lle sexa requirido, non podendo cedelo ou transmitilo a un terceiro.

3.- Utilizar as intalacións, material e mobiliario axeitadamente, evitando posibles danos nas instalacións ou á saúde e dereitos dos demais usuarios, coidando en especial o mantemento da salubridade colectiva.

4.- Gardar o debido respecto aos demais usuarios e o persoal das instalacións.

5.- Atender en todo momento ás indicacións e colaborar co persoal das instalacións deportivas cuxa misión é supervisar toda actividade que se realice no recinto e as súas dependencias, así como velar polo cumprimento das normas, tanto xerais como específicas de cada espazo deportivo.

6.- Acceder á instalación para realizar a actividade con indumentaria deportiva completa, observándose especialmente a necesidade de calzado adecuado para o pavimento, utilizando solas que non marquen o parqué e os cháns especiais das canchas. Polo mesmo motivo, está prohibida a utilización na instalación do mesmo calzado empregado na rúa. Se dispoñerá, polo tanto, dun calzado deportivo para uso exclusivo en adestramentos e encontros. Os que realicen exercicio fóra das instalacións deportivas e posteriormente entren nos recintos pechados coidarán especialmente da hixiene do calzado e fin de evitar posibles prexuízos ao pavimento. Esta norma rexe tamén para as actividades a realizar en pistas e instalacións abertas.

7.- Abandonar as instalacións unha vez finalizada a actividade na que se participe ou se atope inscrito. Se a actividade se realiza dentro da última hora do horario establecido para cada instalación, deberá abandonala quince minutos antes da hora de peche, desaloxando os vestiarios á hora en punto.

8.- Utilizar os espazos en función do seu destino.

Artigo 15º.- Prohibicións.

Está prohibido para os usuarios:

1.- Introducir utensilios ou recipientes de vidro nos recintos deportivos.

2.- Fumar e comer nas instalacións deportivas, agás nos lugares autorizados.

3.- A publicidade de bebidas alcohólicas e tabaco.

4.- Tirar lixo dentro das instalacións debendo utilizar papeleiras ou outros recipientes destinados para tal efecto.

5.- Introducir cans ou outros animais en tódalas instalacións deportivas municipais, agás para a realización de probas agility ou outro tipo de competicións cando estivesen autorizadas. Desta norma están exentos os cáns-guía cando realicen o seu traballo.

6.- O uso de bicicletas, patíns e monopatíns, con excepción dos espazos destinados a estas modalidades deportivas.

7.- Xogar con pelotas ou balóns, ou outros obxectos, en vestiarios, corredores de acceso a pistas, bancadas e todas aquelas zonas que non se consideren espazos deportivos, agás supervisión dun monitor.

8.- Deixar obxectos fóra das taquillas dos vestiarios, así como deixar ocupada con roupa o interior das cabinas individuais, duchas ou calquera outro espazo dos vestiarios. Só se poderá ocupar a taquilla durante a realización da actividade, procedéndose á súa



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

apertura diariamente por parte dos traballadores ao peche da instalación, non se facendo responsable do contido da mesma.

9.- Introducir bolsas, mochilas, etc. nas canchas e nas piscinas. Éstas deberán deixarse nas taquillas existentes nas instalacións.

10.- Utilización de calquera instalación deportiva municipal para impartir clases con finalidade de uso e beneficio particular, agás as autorizadas expresamente por escrito.

11.- Facer limpeza corporais ou faciais.

12.- Afeitarse, depilarse, cortar as uñas e calquera outra actividade hixiénica ou estética que implique restos físicos.

13.- Non se permitirá no interior dos vestiarios a práctica doutra actividade que non sexa a específica en función do seu deseño e dos elementos que conteña.

14.- Captar imaxes persoais en aseos e vestiarios por calquera medio.

TÍTULO III. USO DAS INSTALACIÓNS

Artigo 16º- Principios xerais de utilización

Tódalas instalacións deportivas municipais son de libre concorrencia, non podendo existir ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A estes efectos, os veciños empadroados no Concello de Lalín terán preferencia para o uso das instalacións municipais nos términos establecidos no artigos 3º deste Regulamento.

O acceso ás instalacións deportivas municipais supón a aceptación das normas contidas neste regulamento e no resto da normativa de aplicación.

Artigo 17º- Medidas preventivas de seguridade

O persoal responsable das instalacións, poderá pechalas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos a persoas e/ou danos ás instalacións. Nestes casos non se terá dereito á devolución do diñeiro pago por acceder á instalación ou realizar calquera actividade.

Por interese deportivo ou de orde técnica, o Concello de Lalín, resérvase a posibilidade de pechar o uso das mesmas, aínda habéndose reservado, avisando diso coa debida antelación. Este suposto comportará a devolución do importe pago no alugueiro da instalación.

Artigo 18º- Disposicións de materiais e equipamentos

Poñerase a disposición dos usuarios autorizados, para os seus adestramentos, o material dispoñible, sendo responsabilidade destes o traslado e a retirada ao correspondente almacén. O persoal da instalación colaborará nestas tarefas se fose necesario.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

O adestrador/a ou a persoa delegada do club terá que levar o control do material utilizado para a realización das actividades. Tamén se responsabilizará de que, unha vez finalizada a actividade, a instalación e os espazos deportivos utilizados estean en condicións de voltarse a utilizar.

O material que cada equipo estea autorizado a deixar en cada polideportivo deberá estar recollido en cestas, redes ou bolsas propiedade do club, non se facendo responsable do devandito material o Concello de Lalín.

Artigo 19º- Acceso autorizado sen tutela

Cando sexa necesario a obtención das chaves para utilizar as instalacións deportivas o usuario ou a persoa responsable ou delegada da entidade terá que depositar en mans dos

responsables da instalación un documento acreditativo da súa responsabilidade, que lle será devolto unha vez entregadas as chaves á saída.

O Concello poderá esixir fianza pola entrega das chaves.

Artigo 20º - Horarios

Os horarios das distintas instalacións serán aqueles que se aproben anualmente e que deberán colocarse en lugar visible á entrada das mesmas.

Estes horarios poderán sufrir modificacións segundo as consideracións ou necesidades do Concello, debendo anunciarse o troco coa máxima antelación posible.

TÍTULO IV. NORMAS DE SOLICITUDE, CONCESIÓN E USO

Artigo 21º- Solicitud de instalacións deportivas municipais

Ábrese o prazo de solicitude para o uso de instalacións deportivas municipais durante o ano escolar ou tempada, dentro do prazo que se estableza ao efecto.

O modelo de solicitude será o establecido polo Concello. Poderá recollerse nas instalacións deportivas municipais e na páxina web municipal (www.lalin.org). Deberá entregarse nos rexistros municipais en horario de oficina.

A concesión de uso queda supeditada a que o solicitante estea ao corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal.

Dende o Concello considérase dous tipos de solicitudes de instalacións:



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

1. Petición de instalacións para adestramento en tempada anual:
 - a) Os clubs ou entidades deportivas poderán, para efectuar os seus adestramentos ou competicións, solicitar a reserva dunha instalación determinada. Todas as solicitudes recibidas dunha mesma instalación serán estudadas e clasificadas atendéndose á súa orde de prioridade.
 - b) Consecuentemente con esta clasificación asignaráselle a cada entidade os días e horas en función da dispoñibilidade de cada instalación.
 - c) Aos clubs ou entidades deportivas que, logo da aplicación dos devanditos criterios, se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido. Posteriormente, a entidade deportiva deberá formalizar un convenio para a concesión do horario de adestramento. Esta concesión terá vixencia polo prazo que nela se estableza. Non obstante, a non utilización reiterada dos horarios cedidos conlevará a perda da citada cesión. No caso de ser necesaria unha prórroga, esta deberá ser solicitada polo procedemento anteriormente descrito.

2. Petición de instalacións para a celebración de competicións: poderase reservalo uso de instalacións para a celebración de competicións dentro dos horarios de fin de semana, en canto dispoñan do calendario.

A concesión de uso queda supeditada á posible autorización do Concello para actos ou competicións, non habendo lugar á reclamación cando, por algunha circunstancia se teña que suspender o horario concedido. Non obstante, sempre que sexa posible, comunicarase coa máxima antelación posible.

A concesión dunha franxa horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implicará que esa mesma hora sexa concedida ao ano seguinte automaticamente polo feito de facer a solicitude. As concesións serán únicas e exclusivamente para a tempada concedida. Deberá confirmarse o horario concedido nas oficinas do Concello.

TÍTULO V. NORMATIVA DE USO DAS DIFERENTES INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 22.-Normas xerais:

1. A entrada ás instalacións efectuarase polos accesos autorizados quedando prohibido acceder libremente por calquera outra zona dos complexos deportivos.
2. É obrigatorio presentalo carné de usuario/a, ou abonar a entrada, e usar os tornos de entrada. O carné ou entrada poderá ser solicitado polo personal do centro en calquera momento.

Non obstante, as persoas declaradas dependentes ou que teñan un grao de de discapacidade superior ó 65 % acreditado documentalmente, poderán acceder ás instalacións acompañadas dunha terceira persoa que as axude, sen necesidade de que o acompañante abone a entrada.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

3. Prohíbese a entrada con obxectos, animais, a excepción de cans guía, etc. que poidan causar dano ou molestia os usuarios/as.
4. Todo usuario/a estará obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos impedindo ou denunciando todo acto que vaia en deterioro destes e advertindo ós empregados cando observan anomalías na instalación ou material destas.
5. Queda terminantemente prohibido fumar nos recintos deportivos ou consumir bebidas alcohólicas.
6. O uso das instalacións debe realizarse con roupa e calzado deportivo axeitado.
7. Utilizar as papeleiras e colectores para depositar o lixo, ademais de separar os residuos segundo se indica ós usuarios nos distintos colectores.
8. O Concello de Lalín non se fará responsable dos obxectos perdidos, abandonados ou substraídos nas instalacións, aconséllase non acudir ás instalacións con obxectos de valor e empregar as taquillas.
9. Hai un buzón de suxestións e follas de reclamacións para que os usuarios/as expoñan as súas queixas, suxestións ou felicitacións, e mellorar deste xeito o funcionamento da instalación.
10. Os tempos máximos de utilización, así como os aforos máximos serán respetados por todos os usuarios/as.
11. Recoméndase o uso das taquillas.
12. As taquillas deberán permanecer baleiras unha vez finalizada a actividade. No caso contrario ó finalizar o día, procederase a súa apertura e retirada do que se encontre no seu interior.
13. Está totalmente prohibido comer fóra da cafetería ou zonas de descanso habilitadas para iso.
14. Observarase o cumprimento das normas xerais de uso e aquelas normas particulares e instrucións que dicte o Concello a través do persoal das instalacións. A transgresión de calquera norma establecida ou aquelas dictadas pola dirección ou polo persoal da instalación, poderá ocasionar o cese do uso da mesma.
15. Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter oficial, ao inscribirse na instalación autorízase a utilización dos datos persoais e o seu tratamento informático para a xestión da instalación e no seu caso, envío de información comercial inherente á xestión do centro.
16. Prohíbese a captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme, ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fora deles, salvo os casos previstos no artigo oitavo dous da Lei orgánica 1/1982 de protección civil, o honor e a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

CAPÍTULO II.- NORMATIVA DO MULTIUSOS LALÍN ARENA E PISCINAS MUNICIPAIS; NORMATIVA XERAL

Artigo 23.-. Normativa xeral dos abonados

1. Para inscribirse como abonado da instalación, deberá formalizar a folla de



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

- inscripción e presentar a documentación necesaria (fotocopia do DNI, fotocopia do libro de familia no caso de abonos familiares, ou calquera outra documentación acreditativa das condicións que habiliten ó usuario para o acceso a un determinado tipo de abono dos previstos na ordenanza reguladora das taxas vixentes.).
2. No momento da inscrición débese abonar en efectivo a cantidade correspondente á primeira mensuralidade máis a cota de inscrición. Prorratearase a tarifa correspondente á primeira mensuralidade, debendo abonar a cantidade correspondente a unha quincena cando a inscrición se realice despois do día 15 do mes ou a mensuralidade íntegra cando a inscrición se realice antes do día 15 do mes correspondente.
 3. A cota de inscrición, de carácter irrecuperable, terá validez dende o día no que realice a inscrición, ata o día no que o usuario/a cuase baixa, perdéndose os dereitos de cota de inscrición.
 4. As persoas que causen baixa e desexen formalizar a inscrición novamente, deberán de estar ao corrente do pagamento das cotas.
 5. O cobro das cotas fixadas realizarase sempre por anticipado, a través de domiciliación bancaria na conta corrente elexida polo usuario/a. Os recibos domiciliados pasaranse ó cobro ao comezo de cada mes.
 6. Cando un recibo sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo na recepción da instalación ou nas dependencias da Tesourería municipal, no seu caso.
 7. Os abonados que non estén ao corrente do pagamento das súas cotas, non poderán acceder á instalación, pasando a causar baixa automaticamente cando non teñan pagado dous recibos consecutivos.
 8. O Concello resérvase o dereito de anular a condición de abonado cando reiteradamente (4 cuotas seguidas) as súas cotas sexan devoltas pola súa entidade bancaria.
 9. Todos os cambios na ficha, datos persoais ou bancarios, deberanse notificar persoalmente ou por escrito na instalación.
 10. Para darse de baixa da instalación, débese comunicar por escrito en recepción, indicando o motivo da baixa acompañando o carné de acceso e sempre antes do día 25 do mes anterior ao que cause baixa.
 11. O carné é persoal e intransferible, e só pode ser utilizado polo titular.
 12. No caso de aparecer dúbidas sobre a identidade do portador do carné, e a requirimento do persoal da instalación, este deberá identificarse con un documento acreditativo (DNI, pasaporte ou similar).
 13. No caso de extravío, deberase comunicar en recepción, emitíndose un duplicado, previa entrega dunha fotografía tamaño carné. A perda reiterada do carné poderá dar lugar á perda da condición de abonado.
 14. As normas de utilización expostas en cada zona da instalación, deben ser respetadas en todo momento.
 15. O abonado asinante manifesta coñecer e aceptar as condicións nas que se desenvolve o regulamento de uso interno deste complexo deportivo; así mesmo manifesta expresamente realizar os controis médicos da súa saúde persoal, non



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

presentando ningunha contraindicación para a práctica das actividades físicas e deportivas.

16. O Concello resérvase o dereito ao peche das instalacións no cumprimento da normativa aplicable, ou por causas de forza maior.
17. Todos os datos facilitados a través da folla de inscrición serán tratados con estricta confidencialidade, dacordo coa lexislación de protección de datos de carácter perosoal; os usuarios ou abonados que teñen dereito de acceso ao ficheiro, rectificación e cancelación dos datos podendo exercitar tales dereitos enviando por escrito unha solicitude ao Concello.

Os datos solicitados son os estrictamente necesarios para a correcta identificación do abonado, e son considerados axeitados, pertinentes e non excesivos.

Artigo 24.-Normativa xeral dos cursos

1. É obrigatorio presentar o carné da instalación en recepción.
2. Os cursillistas eventuais accederán á instalación como máximo 15 minutos antes de que comence a actividade e deberán abandonar a instalación nos 15 minutos posteriores á finalización do curso.
3. A falta inxustificada a máis dun % de sesións nun mes, que se determinará para cada curso polo Concello suporá a perda automática da condición de cursillista, introducindo o Concello a un novo cursillista da listaxe de espera.
4. A baixa de algún curso deberá de comunicala por escrito en recepción antes do día 25 de cada mes.
5. Os días festivos non se impartirán cursos non sendo recuperables eses días.
6. Os cursillistas que non comuniquen a baixa no curso, automaticamente teñen a súa praza reservada ata o remate da tempada.
7. As novas prazas en cursos cubriranse ente o 1 e o 30 do mes anterior ao comenzo, tendo preferencia os usuarios que estén inscritos na listaxe de espera.

CAPÍTULO III.- NORMATIVA PARTICULAR DO MULTIUSOS LALÍN ARENA E PISCINAS MUNICIPAIS

SECCIÓN 1ª.- NORMAS PARTICULARES DAS INSTALACIÓNS

Artigo 25.- Normas de uso do Spa-Jacuzzi

1. O uso da zona spa está prohibida a menores de 16 anos.
2. É obrigatorio ducharse antes de entrar á zona spa.
3. Está prohibido depilarse, afeitarse ou levar a cabo outras accións de hixiene persoal de posible contaxio para os outros usuarios/as.
4. É obrigatorio o uso de toalla ou albornoz para sentar nas saunas ou hamacas.
5. O tempo máximo de utilización da sauna é de 15 minutos.
6. Recoméndase o uso de albornoz ou toalla cando se abandone a zona spa.
7. Recoméndase non entrar nas saunas con obxectos metálicos (reloxos, aneis, colgantes, etc.)



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

8. O uso da zona spa farase con roupa de baño, chancletas, gorro, toalla ou albornoz.
9. Non poderán facer uso da zona spa aquelas persoas que padezan ou teñan sospeita de padecer algunha enfermidade infecto-contaxiosa, especialmente cutánea.
10. Calquera anomalía detectada no servizo deberá de ser transmitida ó persoal de recepción.

Artigo 26.- Normas de uso da sala de musculación

1. Os/as menores de 16 anos non poderán utilizar a sala.
2. O responsable de rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 16 e 18 anos, deberán concretar una cita co coordinador dos ximnasios, para que poidan autorizar o uso da sala segundo as necesidades. É obrigatorio a autorización paterna.
3. É obrigatorio traer e usar unha toalla, que cubra o respaldo das máquinas. No caso contrario no se permitirá o acceso á sala.
4. Utilízala sala con roupa e calzado deportivo. Non se pode entrar mollado ou mollada con bañador, con chancas ou co torso desnudo ou con roupa de rúa.
5. Toda persoa que utilice o material por primeira vez deberá de porse en contacto co monitor da sala para realizar previamente a ficha e seguimento.
6. Entre series de exercicios, deberán deixar baleira a máquina utilizada, para evitar entorpecer o traballo doutros usuarios.
7. Debe de utilizar as máquinas correctamente. No caso de dúbidas deberá de consultarse co persoal técnico da instalación (monitor).
8. Os usuarios/as de rutinas individuais deberán de deixar a súa ficha de traballo no ficheiro correspondente unha vez finalizada a actividade.
9. É obrigatorio volver a colocar os pesos e o material utilizado no seu lugar despois do seu uso.
10. O tempo máximo de uso da maquinaria cardiovascular en momentos de máxima afluencia é entre 20 e 30 minutos segundo a demanda.
11. É aconsellable solicitar un programa individualizado de adestramento ao asesor do ximnasio.
12. Recoméndase consultar antes ao médico no caso de padecer un problema de saúde.
13. Debe facerse un uso correcto das máquinas de pesos. No caso de dúbida sobre a súa utilización, consultarase ao monitor.
14. Prohíbese abrir portas ou ventás sen a autorización do persoal responsable da sala.
15. O Concello resérvase o dereito de acondicionar as salas segundo as características destas e do seu aforo (temperatura, luminosidade.....)
16. O incumprimento das normas pode ser causa suficiente para privar ao usuario do uso das instalacións.

Artigo 27.- Normas de uso da sala de actividades

1. As actividades serán de uso exclusivo para abonados ou clientes que merquen a entrada con dereito a elas.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

2. Os menores de 16 anos non poderán participar nas actividades destinadas a adultos.
 3. O usuario/a terá que estar na sala de actividades ó inicio da sesión.
 4. Non está permitida a entrada na clase unha vez que estea comezada.
 5. Deberase acudir ás actividdes con roupa e calzado deportivo, nunca co torso desnudo nin mollado ou en bañador nin con roupa de rúa.
 6. Toda persoa que acceda á sala por primeira vez deberá de porse en contacto co monitor de actividades para realizar previamente a ficha de seguimento.
 7. Será necesario anotarse previamente para poder acceder ás salas de actividades, como medida de control do aforo.
 8. Hai un auditorio máximo na sala, unha vez alcanzado, xa non serán inscritas mais peroas para unha concreta actividade de sala.
 9. Os abonados que desexen repetir actividades nas salas, teñen que anotarse novamente.
 10. É obrigatorio o uso de toalla para a execución de tódalas actividades dirixidas, no caso contrario, o monitor/a non permitirá a participación na actividade.
 11. Polo ben de todos, agradéceselle que, unha vez rematada a actividade, se recolla e ordene o material utilizado.
 12. Ante calquera dúbida respecto ás normas aconsellámoslle que consulten co persoal técnico responsable da actividade.
-
13. O Concello resérvase o dereito de acondionalas salas segundo as características desta e do seu aforo (temperatura, luminosidade.....).
 14. Prohíbese abrir portas ou ventás sen a autorización de persoal responsable de sala.
 15. O Concello resérvase o dereito de suspensión puntual, cambio das actividades ou cambios de sala por causa maior ou por falta de demanda ou afluencia.
 16. O incumprimento das normas pode ser causa suficiente para privar ó cliente do uso das instalacións.

Artigo 28.- Normas de uso das pistas de padel

1. Non se poderá entrar con roupa de rúa no recinto, agás persoal autorizado.
2. É obrigatorio o uso de roupa deportiva e calzado para a práctica do tenis xa que outro tipo de calzado pode danar o pavimento.
3. Prohibido introducir no recinto de xogo, bolsas, cubos ou cestas co obxecto de impartir clases particulares.
4. Prohibido comer ou fumar nas pistas.
5. No recinto de xogo só poderán estar os xugadores.
6. Non facer mal uso do material existente, reservándose o Concello tomar as medidas oportunas.
7. Os usuarios/as deberán de facer efectivo o pago do alugueiro por anticipado en recepción.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

8. Se aos 10 minutos non está o usuario/a nas pistas, outro poderá facer uso das mesmas previo paso pola recepción da instalación.
9. Pode haber pistas e horas reservadas para cursos que se poidan consultar en recepción.
10. O Concello resérvase o dereito a organizar actividades deportivas ou lúdicas nas pistas.

Artigo 29.- Normas de uso das duchas e vestiarios do Lalín Arena e Piscinas.

1. É obrigatorio o uso das chanclas nas duchas.
2. Está prohibido o uso de envases de cristal.
3. O tempo da ducha será o estrictamente necesario.
4. Está prohibido botar ao chán botellas ou envases, débense de empregar as papeleiras.
5. Non está permitido o uso de máis dunha taquilla. É obrigatorio deixala baleira ó saír do complexo unha vez rematada a actividade. Ó finalizar o día serán abertas e baleiradas polo persoal do complexo.
6. Está prohibido afeitarse, depilarse, tinguirse e outras accións antihixiénicas similares na zona de duchas e nos demais espazos de vestiarios e aconséllase e o uso axeitado de cremas ou similares, co fin de evitar que caian no chan e produzan esvaróns
7. Aconsella secarse despois de tomar a ducha, á saída desta.
8. O Concello non se responsabiliza dos roubos sufridos nas instalacións.
9. Aconséllase deixar as súas pertencias dentro das taquillas.
10. Prégase o respecto ao persoal de limpeza no desempeño da súa actividade.
11. No caso de observar algún desperfecto nas instalacións recoméndase comunicalo en recepción.
12. O Concello resérvase o dereito de pechar ou cambiar puntualmente o vestiario por causa de forza maior.
13. O incumprimento das normas pode ser causa suficiente para privar ó cliente do uso das instalacións.
14. Os nenos maiores de 8 anos deberán cambiarse sós nos seus respectivos vestiarios.

Artigo 30.- Normas de uso de sauna e baño turco

1. Os menores de 16 anos non poderán facer uso deste servizo.
2. O tempo máximo será de 15 minutos.
3. É obrigatorio ducharse con auga quente e xabón e secarse ben antes de entrar na sauna, así como utilizar unha toalla para tumbarse ou sentar nos bancos.
4. Finalizada a sesión recoméndase ducharse con auga fría e realizar un descanso de 5 a 10 minutos.
5. A sauna está contraindicada para aquelas persoas que padezan: hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, varices, embarazo, despois de inxerir bebidas alcohólicas.....As persoas que padezan enfermidades enfeciosas non poden facer uso da sauna.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

6. Non se permite colocar as chanclas en ningunha parte da sauna (bancadas, paredes...)
7. É obrigatorio entrar con bañador. Non está permitido entrar vestido nin con calzado de rúa, nin con obxectos tales como xoias, reloxos, móbiles, aparatos electrónicos.....
8. Non está permitido afeitarse ou depilarse dentro da sauna, así como realizar prácticas antihixiénicas.
9. Prohibido botar auga ou produtos que ambienten dentro do difusor de vapor.
10. Recoméndase ler as instrucións colocadas na porta da sauna e do baño turco co fin de coñecer as indicacións e contraindicacións de dito servizo.
11. Ante calquera dúbida respecto ás normas aconséllase que consulten co persoal técnico.
12. O incumprimento das normas pode ser causa suficiente para privar ó cliente do uso das instalacións.
13. Existe unha limitación ao acceso de usuarios en función do aforamento da intalación.

SECCIÓN 2ª.- NORMAS PARTICULARES DAS PISCINAS MUNICIPAIS

Artigo 31.- Características das Instalacións e definición dos seu elementos

As Piscinas Municipais de Lalín están constituídas polas seguintes instalacións:

- Piscinas interiores cubertas, sitas na Avda. Xosé Cuiña núm. 42 (Lalín).
- Piscinas exteriores descubertas, sitas na Avda. do Parque núm.5 (Lalín).

PISCINAS INTERIORES CUBERTAS

- 1) *Elementos de uso privado*: formado polas oficinas, zona de monitores, almacéns, salas de máquinas. Non son de acceso público, unicamente está permitida a entrada aos mesmos ao persoal de control, mantemento, limpeza e xestión da piscina.
- 2) *Elementos comúns*: formados polos locais ou zonas de acceso público, tales como o vestíbulo de acceso, os vestiarios, as duchas e a praia.
- 3) *Piscinas*: formadas polas piscinas propiamente ditas, conformadas por dous vasos recreativos.

PISCINAS EXTERIORES DESCUBERTAS

- 1) Elementos de uso privado: formado polas oficinas, zonas de monitores, almacéns, salas de máquinas.
- 2) Elementos comúns: formados polos locais ou zonas de acceso público, tales como o vestíbulo de acceso, os vestiarios, as duchas e a zona de solarium.
- 3) Piscinas: formadas polas piscinas propiamente ditas, vaso recreativo e vaso infantil.

Artigo 32.- Elementos comúns de acceso público.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

PISCINAS INTERIORES CUBERTAS

- 1) *Vestíbulo de acceso*: contén as barreiras e elementos de control que permiten o acceso ás instalacións da piscina.
- 2) *Vestiarios*. Contén os servizos hixiénico-sanitarios, colgadoiros, bancos, taquillas e demais elementos que permiten mudarse para acceder ás instalacións así como as duchas (de uso obrigatorio antes de acceder ao vaso) . Están diferenciadas para homes e mulleres.
- 3) *Praia*. É o espazo libre arredor das piscinas que serve como zona de tránsito e acceso ás mesmas.

PISCINAS EXTERIORES DESCUBERTAS

- 1) *Vestíbulo de acceso*: contén as barreiras e elementos de control que permiten o acceso ás instalacións da piscina.
- 2) *Vestiarios*. Contén os servizos hixiénico-sanitarios, colgadoiros, bancos, taquillas e demais elementos que permiten mudarse para acceder ás instalacións así como as duchas (de uso obrigatorio antes de acceder ao vaso) . Están diferenciadas para homes e mulleres.
- 3) *Praia*. É o espazo libre arredor das piscinas que serve como zona de tránsito e acceso ás mesmas.
- 4) *Solarium*. É o espazo libre, axardinado, arredor das piscinas que serve como zona de ocio e relax.
- 4) *Duchas*. De uso obrigatorio antes de acceder ao vaso.

Artigo 33.- Descrición das piscinas.

PISCINAS INTERIORES CUBERTAS

Están situadas na Avda. Xosé Cuíña núm. 42 (Lalín). As instalacións están formadas por dous vasos coas seguintes características:

- Un vaso recreativo (art. 2.11. do Decreto 103/2005), cunha superficie de lámina de auga de 25 x 12,5 m, o que totaliza unha superficie de 312,5 m², con profundidades variables, de 1,20 m, 1,40 m, e 1,80 m.
- Un vaso recreativo (art. 2.11. do Decreto 103/2005), cunha superficie de lámina de auga de 12,5 x 6 m, que totaliza unha superficie de 75 m², con profundidade variable, de 1,00 m, e 1,20 m.

PISCINAS EXTERIORES DESCUBERTAS



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Están situadas na Avda. do Parque núm.5 (Lalín). As instalacións están formadas por dous vasos coas seguintes características:

- Un vaso recreativo (art. 2.11. do Decreto 103/2005), cunha superficie de lámina de auga de 25 x 12 m, o que totaliza unha superficie de 300 m², con profundidades variables, de 1,00 m, 2,00 m, e 1,60 m.
- Un vaso infantil (art. 2.10. do Decreto 103/2005), cunha superficie de lámina de auga de 5 x 5 m, que totaliza 25 m² de superficie, cunha profundidade continua de 0,40 m.

Artigo 34.- Aforo das instalacións.

O aforo das piscinas establécese, no citado Decreto 103/2005, de 6 de maio, da Xunta de Galicia, en función da superficie de lámina de auga dos vasos que integren a piscina, de forma que nos momentos de máxima concorrencia cada bañista disporá, polo menos, de dous metros cadrados de lámina de auga para os vasos das piscinas descubertas e de tres metros cadrados nos vasos de piscinas cubertas.

Xa que logo, establécense os seguintes aforos máximos:

PISCINAS INTERIORES CUBERTAS

O aforo do vaso da piscina está regulado no artigo 10 do Decreto 103/2005, correspondendo a un mínimo de 3 m²/bañista:

Vaso recreativo, correspóndelle un aforo de 105 persoas.

Vaso recreativo, correspóndelle un aforo de 25 persoas.

Aforo total: 130 persoas.

PISCINAS EXTERIORES DESCUBERTAS

O aforo do vaso da piscina está regulado no artigo 10 do Decreto 103/2005, correspondendo un mínimo de 2 m²/bañista:

Vaso recreativo, correspóndelle un aforo de 150 persoas.

Vaso infantil, non se establece aforo máximo. En todo caso será o encargado da seguridade da piscina nese momento, quen determine o número máximo de persoas que poden utilizar a instalación de xeito simultáneo.

Artigo 35. Acceso ás piscinas.

Establécense dúas modalidades de acceso ás piscinas:



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

a) Mediante a adquisición dunha entrada ou bonos de entrada ás piscinas, en calquera das modalidades que se establezan.

b) Pola posesión do carné de abonado das instalacións (Abono Deporte Lalín), en calquera das súas modalidades, sempre que estea actualizado e non teña o interesado pendente o pago das cotas establecidas.

Artigo 36. Condicións de uso da praia.

- A praia é unha zona reservada aos bañistas.
- Agás os monitores, operarios de mantemento e bañistas, ninguén pode acceder a ela.
- Para o acceso dos bañistas ás zonas de praia é obrigatorio o uso de bañador e zapatillas.
- Os nenos que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño.
- Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada na zona de praia, e xa que logo aos vasos, daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se podan contaxiar a través da auga.

Artigo 37.- Usos prohibidos na praia.

- Prohíbese a entrada vestido e con calzado da rúa.
- Prohíbese comer e beber.
- Prohíbese alborotar ou falar en voz elevada.

Artigo 38.- Normas de utilización das piscinas.

- Vestimenta. É obrigatorio o uso de bañador. Os nenos que usen cueiros deben empregar cueiros especiais de piscina ou similar, gorros de baño e, por motivos hixiénicos, aconséllase o uso de zapatillas de auga.
- Condicións do baño.
 - O número máximo de usuarios nos vasos está limitado polo aforo máximo indicado no presente regulamento. É obrigatorio ducharse antes da inmersión na auga dos vasos.
 - No horario de baño libre os nenos ata dez anos deben ir acompañados por un adulto.
 - Non está permitido o emprego de colchonetas, flotadores, gafas de cristal ou calquera outro elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto de usuarios.
 - Cada usuario debe respectar a ubicación indicada polo socorrista, determinada segundo o seu nivel
 - Os usuarios, que non saiban nadar, deberán comunicarllo ao socorrista cada vez que accedan as instalacións.
 - Os usuarios que padezan algunha enfermidade, doenza, limitación ou minusvalía física ou psíquica que poida afectar á seguridade do baño ou dos demais bañistas deberán poñer estas circunstancias en coñecemento do persoal da piscina.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 39.- Usos prohibidos nas piscinas.

- Prohíbese entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo.
- Prohíbese mexar, cuspir ou soarse na piscina.
- Prohíbese saltar á auga de cabeza, agás nos cursos que se organizan e con autorización do socorrista.
- Prohíbese sentarse nas corcheiras.

**SECCIÓN 3ª.- NORMAS PARTICULARES PARA O USO DAS PISCINAS DO
CDM LALIN ARENA POR PARTE DAS AMPAS E DEMAIS COLECTIVOS
ESPECIAIS DO CONCELLO DE LALIN**

Artigo 39.- Bis.

1.-Cada un dos denominados COLECTIVOS ESPECIAIS (Colexios, AMPAS, Centros de Educación Especial, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro con fins benéficos-asistenciais) deberá designar como mínimo a dúas persoas delegadas que actuarán como responsables da actividade na piscina.

2.-As clases, con carácter xeral, iniciaranse o primeiro de outubro de cada ano, e o curso terá idénticos descansos vacacionais que os sinalados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para os Centros de Educación Infantil e Primaria, concluíndo o 30 de xuño de cada ano.

3.-A actividade está concebida para nen@s maiores de cinco anos.

4.-Previamente ao comenzo da actividade na piscina, a dirección do CDM Lalin Arena deberá de contar co listado e idades dos nen@s participantes na mesma co obxecto de poder facer unha distribución axeitada por grupos de nivel. Esta distribución será remitida ao AMPA para que a poña en coñecemento dos pais e mais.

5.-A distribución máxima de nen@s por grupo será a seguinte: 8 nen@s iniciación; 12 nen@s dominio; 15 nen@s perfeccionamento.

6.- Permitirase o acceso dun único acompañante por cada nen@ menor de oito anos.

7.- Os cursillistas e os seus acompañantes poderán acceder a instalación como máximo 15 minutos antes de que comence a actividade e deberán abandonar a instalación nos 15 minutos posteriores á finalización do curso.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

8.-O grupo de nen@s das AMPAS e demais colectivos especiais, accederán á piscina de xeito conxunto e organizado.

9.-Ante calquera dúbida respecto ás normas aconséllase que consulten co persoal técnico ou co de recepción.

10.-É obrigatorio o uso das chanclas nas duchas, tanto para os nen@s coma para os seus acompañantes.

11.- Esta prohibido comer e tamén o uso de envases de cristal nos vestiarios da piscina.

12.-O tempo da ducha será o estritamente necesario.

13.-Non esta permitido o uso de mais dunha taquilla por usuari@. E obrigatorio deixala baleira o saír do complexo unha vez rematada a actividade.

14.- Aconséllase deixar as pertenzas dentro das taquillas xa que o Concello non se responsabiliza dos roubos sufridos nas instalacións.

15.-Prégase o respecto ao persoal do CDM no desempeño da súa actividade.

16.- No caso de observar algún desperfecto nas instalacións recoméndase comunicalo en recepción.

17.- O incumprimento das normas pode ser causa suficiente para privar o cliente do uso das instalacións.

CAPÍTULO III-Bis.- NORMATIVA DO CIRCUITO DE MOTOCROS DO CARRIO; NORMATIVA XERAL

SECCIÓN 1ª.- CONDICIONS XERAIS

Artigo 39.- Ter. 1.- Instalacións.

De acordo co artigo 1 do Regulamento ten a condición de instalación deportiva municipal aquelas cedidas, por calquera título xurídico, ó Concello de Lalín para a súa xestión ou explotación.

Esta instalación rexeranse polo establecido no regulamento coas excepcións establecidas no presente capítulo.

Polo tanto o presente capítulo ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización do Circuito do Carrío de titularidade en réxime de alugueiro do Concello de Lalín.

Artigo 39.- Ter. 2.- Características e uso do Circuito.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

A instalación deportiva municipais cumprirá as normas urbanísticas de seguridade e demais normativa aplicable para este tipo de instalacións.

O circuito de Motocros do Carrio destínase exclusivamente para a práctica de **Motocros e Enduro**

Artigo 39.- Ter. 3.- Ingreso do prezo público.

O pagamento do prezo público para poder utilizar a instalación é obrigatorio e realizarase, antes da utilización da instalación, na forma e contía que estableza o texto regulador vixente.

Artigo 39.- Ter. 4.- Modalidades de aboamentos.

Os tipos de modalidade de aboamentos será de abono anual de Carnet de Socio de Tempada e entrada de 1 día.

Para a obtención do carnet de socio deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitud normalizada (darase nas oficinas xerais municipais).
- Copia DNI.
- Xustificante abono carnet de socio.
- Declaración xurada normalizada (darase modelo nas oficinas xerais municipais).

Para a obtención da entrada de 1 día deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitud normalizada (darase nas oficinas xerais municipais).
- Copia DNI.
- Xustificante abono entrada de día.
- Declaración xurada normalizada (darase modelo nas oficinas xerais municipais).

Indicar que a obtención do carnet de socio e a entrada de 1 día supón a aceptación e cumprimento do presente regulamento en todos os seus termos.

Artigo 39.- Ter. 5.- Información básica.

No circuíto figurará, con carácter preceptivo e en lugar visible un cartel coas seguintes informacións:

- Referencia ao texto vixente regulador das tarifas do uso das instalacións deportivas.
- Referencia ás normas de uso das instalacións deportivas.
- Horario de funcionamento.

SECCIÓN 2ª.- USO DAS INSTALACIÓNS



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

Artigo 39.- Ter. 6.- Principios xerais de utilización

O acceso ás instalacións deportivas municipais supón a aceptación das normas contidas no regulamento, no presente anexo e no resto da normativa de aplicación.

Artigo 39.- Ter. 7. – Horarios e tarifas

No caso do circuíto do Carriño o horario será de 11:00 a 17:30, sábados e domingos, podendo sufrir modificacións puntuais.

En canto as tarifas, os socios aboarán una cota anual de 100 € mentres que os visitantes eventuais aboarán 10 € por día de uso.

Artigo 39.- Ter. 8.– Vixilancia e control.

A apertura e peche das instalacións realizarase por persoal municipal, así como o control e vixilancia da actividade dentro do circuíto. Distas tarefas poderán delegarse ou cederse a unha asociación ou similar mediante un convenio de colaboración ou o que legalmente se dispoña.

SECCIÓN 3ª.- NORMATIVA PARTICULAR DO CIRCUÍTO DO CARRIO

Artigo 39.- Ter. 9.- Normas de uso do Circuíto do Carriño

1. Está totalmente prohibido facer lume no recinto.
2. Para entrar na pista cada piloto debe estar equipado con casco, botas, guantes e as debidas proteccións homologadas.
3. Circularase no sentido contrario as agullas do reloxo, entrando e saíndo do mesmo nas zonas habilitadas para dita finalidade.
4. Queda prohibido cruzar a pista.
5. Está prohibido circular no sentido contrario ó indicado.
6. Está prohibido parar dentro da pista.
7. A saída ou abandono da pista será indicada ós demais pilotos que circulen levantando o brazo esquerdo.
8. A entrada a pista realizarase cando sexa segura a incorporación.
9. Queda prohibido realizar só unha parte do circuíto reiteradamente.
10. En caso de accidente, o piloto que circule inmediatamente detrás anunciará o suceso reducindo a súa velocidade e movendo o brazo esquerdo de arriba a abaixo.
11. Na pista circularase cunha velocidade moderada de acordo coas condicións da pista.
12. Os pilotos deberán seguir sempre trazadas naturais, sen facer manobras bruscas que poidan poñer en perigo a outros pilotos.
13. Na zona de padock deberase circular a non máis de 10 km/h.
14. Está prohibida a circulación das motos fora do trazado da pista, agás



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

avaría ou accidente.

15. As pequenas reparacións deberán facerse na zona de padock sempre que as mesmas non teñan efectos nocivos no entorno. Quedan prohibidos os cambios de aceite e traballos similares que poidan ocasionar vertidos ó medio.

16. Os animais de compañía deben permanecer na zona de padock debidamente atados xunto ós seus propietarios.

17. É obrigatorio dar unha volta de recoñecemento antes de comezar a actividade co fin de coñecer o estado da pista.

18. Todos os pilotos que usen o circuíto deberán estar en posesión dun seguro para o ano en curso para a práctica do motocros. Para os pilos pederados será válido o seguro correspondente á licenza federativa do ano en curso. Para os pilotos non federados será necesaria a presentación previa dun seguro para a práctica do motocros para o ano en curso

19. O tempo máximo de desfrute do circuíto será de 1 hora continua, debendo abandonar as pistas para o desfrute doutros usuarios con canet de socio ou usuarios con entradas de 1 día. No caso de non ter usuarios esperando poderase desfrutar do circuíto dentro do horario.

20. Todas estas normas están establecidas para salvagardar a seguridade do tódolos pilotos. Non cumprilas pode ser motivo de expulsión do recinto.

21. O piloto deportista EXIME de calquera responsabilidade civil ou penal ó Concello de Lalín ou en que entidade, asociación ou outros ceda a xestión do circuíto así como en toda a súa estrutura por accións e lesións derivadas cara a súa persoa ou terceiros por causa da práctica e participación deportiva realizada no Circuíto do Carrio.

22. O piloto é responsable directo de calquera reclamación que poida derivarse do uso da instalación deportiva cos seus vehículos ou da actividade que desenvolvan.

23. O feito de que esta norma se expoña no circuíto e na páxina web www.lalin.gal implica que o interesado asume ser o único responsable dos seus actos e lesións ou aquelas que puideran causar a terceiros.

Artigo 39.- Ter. 10.- Aforo do Circuíto do Carrio.

Aforo total: 25 persoas en pista e 50 persoas no circuíto.

Entradas de día a venda máximas: 20 entradas/día.

Artigo 39.- Ter. 11. -Acceso o Circuíto do Carrio

Establécense dúas modalidades de acceso o circuíto:

a) Mediante a adquisición dunha entrada de un día.

b) Pola posesión do carné de socio das instalacións, sempre que estea actualizado e non teña o interesado pendente o pago da cota establecida.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

CAPÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIONIÓNS.

Artigo 40.- Infraccións e sancións

Constitúen infraccións:

- a) A produción de deterioros ou danos nas instalacións deportivas ou de recreo
- b) A alteración da orde no interior do recinto.
- c) A utilización de instalacións deportivas ou de recreo para fins distintos ós previstos na súa autorización.
- d) O incumprimento das normas de uso das instalacións, así como das instrucións ditadas polo persoal destas.
- e) Calquera outro incumprimento das obrigas contraídas ó obter a autorización.

Para a graduación das infraccións reguladas no apartado anterior estarase á clasificación contida na Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa regulación dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, dependendo da intencionalidade e negligencia do infractor e da gravidade da infracción cometida. Ditas infraccións levarán aparelladas multas, cos límites fixados no artigo 141 da citada lei.

A infracción regulada no apartado a) do presente artigo dará lugar ó obriga de reintegro do custe total da reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así coma a imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva municipal durante un ano a partir da comisión da infracción.

Se os danos foran irreparables, a indemnización á que se refire o parágrafo anterior consistirá nunha suma de diñeiro igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados de forma irreparable.

Artigo 41.- Sancións.

Faltas leves, serán sancionadas con multa de 6,00 a 60,00 .

Faltas graves, serán sancionadas con multa de 60,01 a 150,00 .

Faltas moi graves, serán sancionadas con multa de 150,01 ata 3.000,00 e cun período variable de expulsión das instalacións ata a expulsión definitiva, perdendo, no seu caso, a condición de abonado.

A comisión dunha infracción poderá dar lugar á expulsión inmediata do recinto, coa posterior perda, no seu caso, da condición de abonado ou participante nos cursos ou actividades que se realicen.

Artigo 42.- Outras responsabilidades.

As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que puideran incorrer os autores de danos aos bens ou ás instalacións.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

O autor de danos, roturas ou desperfectos dos elementos das instalacións deportivas deberá aboar o importe que corresponda á súa reparación ou substitución, con independencia das sancións administrativas que se impoñan.

CAPÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

Artigo 40.- Infraccións e sancións

Constitúen infraccións:

- a) A produción de deterioros ou danos nas instalacións deportivas ou de recreo
- b) A alteración da orde no interior do recinto.
- c) A utilización de instalacións deportivas ou de recreo para fins distintos ós previstos na súa autorización.
- d) O incumprimento das normas de uso das instalacións, así como das instrucións ditadas polo persoal destas.
- e) Calquera outro incumprimento das obrigas contraídas ó obter a autorización.

Para a graduación das infraccións reguladas no apartado anterior estarase á clasificación contida na Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa regulación dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, dependendo da intencionalidade e negligencia do infractor e da gravidade da infracción cometida. Ditas infraccións levarán aparelladas multas, cos límites fixados no artigo 141 da citada lei.

A infracción regulada no apartado a) do presente artigo dará lugar ó obriga de reintegro do custe total da reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así coma a

imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva municipal durante un ano a partir da comisión da infracción.

Se os danos foran irreparables, a indemnización á que se refire o parágrafo anterior consistirá nunha suma de diñeiro igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados de forma irreparable.

Artigo 41.- Sancións.

Faltas leves, serán sancionadas con multa de 6,00 a 60,00 .

Faltas graves, serán sancionadas con multa de 60,01 a 150,00 .

Faltas moi graves, serán sancionadas con multa de 150,01 ata 3.000,00 e cun período variable de expulsión das instalacións ata a expulsión definitiva, perdendo, no seu caso, a condición de abonado.

A comisión dunha infracción poderá dar lugar á expulsión inmediata do recinto, coa posterior perda, no seu caso, da condición de abonado ou participante nos cursos ou actividades que se realicen.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Artigo 42.- Outras responsabilidades.

As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que puideran incorrer os autores de danos aos bens ou ás instalacións.

O autor de danos, roturas ou desperfectos dos elementos das instalacións deportivas deberá aboar o importe que corresponda á súa reparación ou substitución, con independencia das sancións administrativas que se impoñan.

Disposición final.

A modificación deste regulamento entrará en vigor trala publicación íntegra do seu texto no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra, consonte o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 27 de outubro de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o 22 de decembro de 2014.

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación de Lalín de data 21 de decembro de 2015 e publicada no BOP o día 23 de decembro de 2015

Modificación: introdución no Título V dun novo Capítulo III-Bis: normativa do Circuito de Motocross do Carrio. (Aprobado por acordo do Pleno 30/6/2016, aprobación definitiva publicada no BOP de 24/8/2016)

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 25 de outubro de 2019 publicada no BOP do 23 de decembro de 2019.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 33. PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS E SERVIZO DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e de conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de conciliación.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

- *Están obrigadas ao pagamento deste prezo público regulado nesta Ordenanza, quen solicite a inscrición, participe ou se beneficie do servizo prestado por este Concello, a que se refire o artigo anterior.*
- *Cando a persoa usuaria sexa un/unha menor de idade a obriga de pago dos prezos públicos recaerá sobre a nai, pai, titor/a legal ou responsables dos/as mesmos/as.*

Artigo 3. Contía do/s Servizo/s.

A contía do prezo público pola/s prestación/s do/s servizo/s será :

SERVIZO DE CONCILIACIÓN EN PERÍODOS LECTIVOS DO CURSO ESCOLAR
<i>a. Uso regular: 1,40 € / hora (de luns a venres en horas predeterminadas, é dicir, comunicadas ao inicio do uso do servizo, días soltos da semana predeterminadas e en horas predeterminadas/ comunicadas ou en bonos de horas mensuais comunicadas previamente)</i>
<i>b. Uso extraordinario: 2,55 € / hora (para o uso puntual do servizo, é dicir, horas ou días soltos non comunicados ao inicio do uso do servizo)</i>
SERVIZO DE CONCILIACIÓN CENTRALIZADO EN PERÍODOS VACACIONAIS
<i>a. Sen servizo de comedor: 3,50 € por menor/ día</i>
<i>b. Sen servizo de comedor 2º irmá : 2,5 € por irmá/irmán/día</i>
<i>c. Con servizo de comedor: 6,50 € / día.</i>

Artigo 4. Obriga de Pagamento.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

A obriga do pagamento destes prezos públicos establecidos nace pola utilización dos servizos anteriormente relacionados . O pago realizarase unha vez confirmada a praza e antes da prestación do servizo.

Artigo 5. Bonificacións.

• **BONIFICACIÓNS E EXENCIONS POR RENDA**

Prevese a gratuidade ou bonificación no caso de menores de familias cuxos ingresos brutos de renda da unidade familiar non superen os seguintes límites máximos referidos ao IPREM último aprobado :

Gratuito e exento do pago do prezo público: RENDA PER CAPITA MENOR DO 75% DO IPREM

Bonificación do 50%: RENDA PER CAPITA COMPRENDIDA ENTRE o 75% do IPREM e o 125% do IPREM

SEN BONIFICACIÓN E PAGO ÍNTEGRO DA TARIFA: RENDA PER CAPITA SUPERIOR AO 125% DO IPREM

Enténdese por renda per capita a suma dos ingresos brutos anuais por membro da unidade familiar. Considéranse ingresos brutos anuais da unidade familiar os ingresos globais da unidade familiar, conforme á normativa estatal reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

*** BONIFICACIÓNS POR FAMILIA NUMEROSA**

Establécese, ademais, a seguinte bonificación sobre a contía do prezo público :

<i>Colectivo</i>	<i>Porcentaxe de Bonificación</i>
<i>Familias numerosas de categoría xeral</i>	<i>30%</i>
<i>Familias numerosas de categoría especial</i>	<i>50%</i>



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

Consideraranse **familias numerosas** aquelas ás que se refire a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.

Para a aplicación de bonificación dito título debe de estar en vigor no momento de presentar a solicitude.

Cálculo dos ingresos brutos anuais

- a) O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao da solicitude.
- b) O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

Para o goce desta exención debera solicitarse expresamente e :

- Autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar convivente á AEAT.
- Achegar Libro de Familia. No caso de fillos maiores de idade ou maiores de 16 anos que non convivan no domicilio familiar acreditarase a non convivencia mediante o correspondente certificado municipal de convivencia da unidade familiar.

Nos casos de persoas que non estean obrigadas a presentar declaración da renda, tomaranse como ingresos os rendementos íntegros do certificado de imputacións do IRPF, emitido pola Axencia Tributaria.

Determinación da unidade familiar

1.—Considérase que forman parte da unidade familiar no momento de presentar a solicitude de bonificación:

- a) A nai, o pai, no seu caso, o/a titor/a legal dos/as menores non separados legalmente, ou aínda cando o estean que convivisen co/a menor.
- b) Fillos/as menores de idade non emancipados/as que convivan no domicilio familiar.
- c) Fillos/as maiores de idade e maiores de 16 anos con ingresos que convivan no domicilio familiar.

2.—A xustificación documental dos membros da unidade familiar efectuarase mediante a presentación do/s libro/s de familia. Naqueles casos nos que a situación familiar actual sexa diferente, xustificarse achegando a documentación oportuna (certificado municipal de convivencia ou , de non ser posible ,declaración xurada...)

Documentación a achegar:

Deberase achegar a seguinte documentación en caso de que non obre en poder do Concello de Lalín ou a mesma non estea actualizada:



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

1.—*Fotocopia do D.N.I. da/o solicitante ou NIE.*

2.—*Presentación do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*

3.- *Título de familia numerosa segundo o artigo 5 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas e demais normativa concordante, se é o caso.*

4.—*Declaración vixente do IRPF, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar maiores de 16 anos; ou certificado de imputación de rendas, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda. (poderá ser solicitado polo Concello, previa autorización do/a interesado/a).*

5.*Informes da vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se acredite a situación laboral dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, e contratos ou certificados de empresa que inclúan o horario laboral.*

6.*Aquela outra documentación que se considere relevante polos servizos municipais para acreditar o cumprimento dos requisitos desta Ordenanza, tanto no que se refire aos ingresos da unidade familiar ou á necesidade do servizo de conciliación para os beneficiarios.*

A resolución da bonificación será sometida á aprobación da Alcaldía ou órgano de goberno municipal no que se houbera delegado , no seu caso, previo informe dos servizos municipais competentes.

Artigo 6. Xestión.

As persoas interesadas no servizo de conciliación presentarán no Concello, preferentemente a través da Sede Electrónica, a correspondente solicitude. O prezo público xestionarase mediante autoliquidación. Corresponde á Alcaldía , ou no caso de delegación previa de competencias , á Concellería de Facenda concretar o procedemento de autoliquidación e recadación.

Artigo 7. Administración e Cobro.

1 – *O pagamento do prezo público exisirase en réxime de autoliquidación e efectuarase directamente nas contas indicadas da Tesourería Municipal do Concello de Lalín.*

Os comprobantes de tales ingresos deberán ser entregados unha vez confirmada a concesión da praza, ben de xeito presencial ben por medios electrónicos, para deixar constancia dos mesmos e nos que deberá de figurar o nome do/a menor que asistirá e as datas.

A obriga de pagamento para solicitantes de uso regular nace cando se produza a correspondente formalización da inscrición, e unha vez confirmada a concesión da praza, con efectos a partir do día solicitado como data de inicio do servizo, e sen



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

perxuízo da que a data de inicio poida ser variada posteriormente mediante solicitude do/a usuario/a e coa conformidade do servizo atendendo á organización do mesmo.

Para solicitantes de uso extraordinario, a obriga de pagamento nace cando se produza a solicitude de utilización do servizo.

A obriga de pagamento de solicitantes de uso regular desaparece coa baixa no servizo.

O cobro a solicitantes tanto de uso regular como de uso extraordinario realizarase mensualmente nos cinco primeiros días hábiles dende o inicio do uso do servizo de acordo á solicitude formulada e concedida.

A falla de pagamento determinará a interrupción do servizo ata que non se faga efectivo o mesmo, o que será notificado polo persoal técnico municipal ao pai/ nai/titor/a concedendo 10 días hábiles para a liquidación da débeda pendente, que de non facerse suporá a perda da praza no servizo e o traslado do expediente ás oficinas de Recadación Municipal para que procedan a liquidar a débeda pendente.

As débedas por prezos públicos poderán esixirse mediante procedemento administrativo de apremio.

2.- Devolucións:

No caso de anulación da praza concedida ó participante iniciarase procedemento de reintegro a instancia de parte, polo importe da parte do servizo non desfrutada, sempre e cando sexa por motivos xustificadas (accidente, enfermidade etc) ou cando se faga cunha antelación mínima de 10 días á data de comezo da actividade. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades aboadas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta regulación do prezo público do servizo de conciliación deroga expresamente o prezo público publicado no no BOP Nº 41 do 28 de febreiro de 2020, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente regulación do prezo público entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓNS:

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA FISCAL Nº 34. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE APARCAMENTO NO PARKING ALDEA GRANDE

Artigo 1.- Natureza e Fundamento Legal

No uso das facultades concedidas polos artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado Real Decreto Lexislativo, o Concello de Lalín acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo de aparcamento no **“PARKING ALDEA GRANDE”, sito no subsolo do espazo libre existente entre as Rúas “CALZADA”, “B”, “PINTOR LAXEIRO”, “Z” E “AVDA. LUIS GONZÁLEZ TABOADA,** de Lalín

A través desta ordenanza regúlase a taxa polo servizo de estacionamento limitado no tempo do parking público “Aldea Grande”, que se aplicará tódolos días da semana, no horario que se fixe polo órgano competente do Concello de Lalín e que se exporá nun lugar visible ao público no recinto do aparcamento.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de aparcamento no parking “Aldea Grande” de Lalín.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se beneficien do servizo de aparcamento.

Estarán obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza os condutores dos vehículos que accedan ó uso do aparcamento, sendo responsables subsidiarios do pago as persoas físicas ou xurídicas titulares dos mesmos.

Será requisito imprescindible para a saída de calquera vehículo o previo pagamento do importe da taxa devindicada.

Artigo 4.- Devindicación

A devindicación da taxa regulada nesta ordenanza prodúcese:



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

-Tratándose do estacionamento de vehículos de duración limitada, a obriga de pagar a taxa regulada nesta Ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo de aparcamento municipal, coa mera introdución do vehículo dentro do recinto do aparcamento.

-Tratándose do estacionamento de vehículos sen limitación na súa duración, periódicamente o día 1 de cada mes (para a modalidade de abonos mensuais) ou no momento de solicitar e obter os vales ó portador.

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria é a cantidade resultante de aplicar as seguintes tarifas, que se esixirán conforme á seguinte escala por utilización horaria:

- A primeira hora, por cada minuto: 0,01667 €.
- A partir da primeira hora, por cada minuto adicional: 0,00667 €
- Máximo por día: 10,20 €
- Abono mensual por praza: 30 €
- Vales ó portador, con pago anticipado, expedido para comerciantes
 - talonario de 50 unidades de 60 minutos : 35 €
 - talonario de 10 unidades de 60 minutos : 7 €

De luns a venres, excepto festivos, na franxa horaria comprendida entre as 10:00 e 13:00 e as 17:00 a 20:00 horas ao servizo de aparcamento en rotación non se lles aplicará tarifa algunha, sendo a prestación do servizo gratuíta.

A contía das tarifas desta taxa será exposta en lugares visibles á entrada e saída do aparcamento municipal.

Na modalidade de estacionamento rotatorio, no que a contía da taxa se establece por minuto de estacionamento, o cuantificación do prazo de tempo que serve de base para a determinación da tarifa será o resultado da diferenza entre a hora de retirada ou saído do vehículo e a hora de entrada do mesmo no recinto do aparcamento, segundo a tarxeta-ticket, expedida pola instalación de control de acceso.

Neste suposto, será requisito imprescindible a presentación da citada tarxeta-ticket para a avaliación do importe a satisfacer por esta taxa. No suposto de non presentar a tarxeta no momento de efectuar a saída do vehículo do recinto do aparcamento, a cuantificación da tarifa farase en función do tempo real de estancia, determinado a través do sistema de identificación de matrícula, día, hora e minuto de entrada, que ten instalado o aparcamento de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 6.- Cobro da taxa.

O pagamento da taxa efectuarase mediante recibo unha vez finalizado o servizo, no



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

momento da saída do recinto do aparcamento, no caso de servizos por horas en estacionamento rotatorio.

Non obstante, cando se trate de abonos, o pagamento da taxa farase por adiantado no momento de formalizar o abono na Tesourería do Concello ou nas instalacións do propio aparcamento, sendo obrigatorio domiciliar o seu pagamento para as mensualidades sucesivas. Prorratearase a tarifa correspondente á primeira mensualidade, debendo abonar a cantidade correspondente a unha quincena cando a inscrición se realice a partir do día 15 do mes ou a mensualidade íntegra cando a inscrición se realice antes do día 15 do mes correspondente.

A declaración de baixa no servizo deberá formalizarse antes do día 25 do mes anterior, sendo a expedición do abono por meses completos.

Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que adeuden dúas mensualidades, sen prexuízo do cobro dos recibos por vía executiva.

Cando un recibo domiciliado sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo na instalación ou nas dependencias da Tesourería municipal, no seu caso. Os abonados que non estén ao corrente do pagamento das súas cotas, non poderán acceder á instalación, pasando a causar baixa automaticamente cando non teñan pagado dous recibos consecutivos.

As débedas por esta taxa esixiranse polo procedemento de prema.

Artigo 7.- Normas de xestión.

1.- Non poderán utilizar o aparcamento os camións e aqueles outros vehículos dos que as súas dimensións ou características fagan difícil a súa circulación polo interior ou dificulten a dos restantes usuarios do mesmo.

2.- Queda prohibido introducir no aparcamento substancias perigosas ou que poidan producir molestias ao resto dos usuarios.

3.- Prohíbese a realización de manobras que poidan causar danos ás instalacións do aparcamento ou ás persoas ou vehículos que se encontren no seu interior, así como calquera clase de actos que poidan perturbar o normal funcionamento do servizo.

4.- Os usuarios ocuparán co seu vehículo o lugar delimitado no chan do aparcamento, quedando prohibido invadir o espazo reservado ás prazas colindantes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Permitiranse realizar **campañas promocionais** coa finalidade de captar e fidelizar



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

usuarios, dentro dos seguintes límites e sempre previa aprobación do Plan de Promoción pola Xunta de Goberno Local :

Máximo de 1 campaña anual, cun límite temporal de aplicación de 1 mes, durante a cal se poderán aplicar as seguintes **tarifas**, que se esixirán conforme á seguinte escala por utilización horaria:

- Os primeiros 60 minutos serán gratuítos en todo caso.
- A partir do minuto 61 ata o minuto 120, por cada minuto: 0,01667 €.
- A partir do minuto 121, por cada minuto adicional: 0,00667 €

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Os fins de semana, o servizo de aparcamento no parking “Aldea Grande” de Lalín, será gratuíto e non se lles aplicará tarifa algunha ós usuarios do servizo en rotación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal, entrará en vigor con efectos retroactivos a 24 de xullo de 2021, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno da Corporación ó día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

MODIFICACIÓNS:

Última modificación aprobada o 29 de xullo de 201 no Pleno municipal do Concello de Lalín e publicada no BOP de 29 de outubro de 2021 : expte 3386/2021



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 35. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, IMPARTICIÓN DE CURSOS, SEMINARIOS, VIAXES E OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER DEPORTIVO E/OU SOCIOCULTURAI ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LALÍN

ARTIGO 1 °. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigo 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do citado R. D. L. 2/2004, establécese o Prezo público pola realización de actividades culturais, actividades de carácter deportivo ou socioculturais organizadas polo Concello de Lalín que comportan unha contraprestación pecuniaria que se establecerá conforme ao disposto no artigo 4 desta ordenanza, como as que seguidamente se indican e que se expresan a título enunciativo e non limitativo: actuacións ou espectáculos culturais, impartición de cursos, seminarios, viaxes, actividades de carácter deportivo e outras actividades de carácter sociocultural.

ARTIGO 2 °. OBXECTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades organizadas polo Concello de Lalín, tales como actuacións culturais, cursiños, seminarios, excursións e demais de natureza análoga, actividades deportivas e outras de carácter sociocultural, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas á entidade local.

ARTIGO. 3 °. OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie das actividades ou servizos prestadas ou realizadas por este Concello, ás que se refire o artigo anterior.

ARTIGO. 4 °. ESTABLECEMENTO E CONTÍA

1. Ao abeiro do previsto no artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, será o Pleno do Concello quen estableza a contía concreta do prezo público regulado nesta ordenanza.
2. A estes efectos, con carácter previo ó inicio da actividade o Pleno, en base ao informe



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non Tributarias 2022

previo do Servizo correspondente dos custos soportados polo Concello e previo informe de Intervención, establecerá as tarifas concretas de cada actividade que conforme o artigo 44.1 do R. D. L. 2/ 2004, deberán cubrir como mínimo o coste do servizo prestado ou da actividade a realizar.

Non obstante o anterior, conforme ao disposto no artigo 44.2 do R. D. L. 2/ 2004, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o coste do mesmo. Nestes supostos deberán consignarse nos presupostos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenca resultante se a houbera.

4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores e no artigo 3 desta ordenanza, poderanse entregar de forma gratuita entradas de representacións ou espectáculos culturais ou actividades socioculturais ou de natureza análoga, ata o máximo que se estableza en cada caso, a centros de ensino ou asociacións sen ánimo de lucro que teñan a súa sede no Concello de Lalín, co obxecto de promocionar este tipo de manifestacións cultais.

5. Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web, a efectos da súa publicidade.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN

1. A obriga de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade sen ben esíxese o seu depósito previo dacordo co previsto na lei de facendas locais.

A estos efectos deberase practicar polo obrigado ao pago a declaración liquidación (autoliquidación) correspondente, ingresándose o importe do prezo público sempre antes de iniciar a actividade. O ingreso do prezo público farase na conta restrinxida que se especifique no acordo de establecemento da tarifa. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

2. No caso de espectáculos ou actuacións que se realicen dentro dun recinto, o pagamento do prezo público efectuarase no momento de entrar no recinto ou ben anticipadamente na forma que se determine ao establecer a contía da tarifa.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

3. No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do depósito constituído.
4. En casos excepcionais de situacións de emerxencia social, a Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos sociais, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.
5. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de prema.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigorata a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobada por acordo do Pleno da Corporación en sesión do 26/5/2016,
publicada a aprobación definitiva no BOP de 27/7/2016.



Ordenanzas Fiscais , de Prezos públicos e Prestacions Patrimoniais non
Tributarias 2022

ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 36. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO
PÚBLICO POLO USO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CIRCUITO DE MOTOCROS
DO CARRIO DO CONCELLO DE LALIN

DERROGADA

Última modificación aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Lalín do día 29 de
outubro de 2021 publicada no BOP do 27 de decembro de 2021.